CADERNOS DE LINGUA

12

2.º SEMESTRE. 1995

REAL
ACADEMIA
GALEGA

Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Coordinadores de área:
Carlos Díaz Abraira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Colaboracións e correspondencia:
Orixinais para publicación e correspondencia en xeral enviaranse ó coordinador:
Xosé Luís Regueira Fernández
r/. Hórreo, 31-2º
15702 Santiago de Compostela

Subscrición e intercambio: Dirixirse a
Editorial Galaxia, S. A.
r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

, Real Academia Galega
A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.
Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

ÍNDICE

ARTIGOS

M. RECALDE, Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos) 5

Mª X. RODRÍGUEZ VALCÁRCEL, Consideracións verbo do uso dos demostrativos no galego 33

D. GARCÍA REPRESAS, As marcas de certeza na interrogación polarizada en galego 53

C. DÍAZ ABRAIRA, Algunhas notas sobre a codificación léxica e terminolóxica 73

M. FORJÁN VILLAR, S. GARCÍA LÓPEZ, M. PÉREZ PEREIRA, Análise do primeiro léxico producido por nenos galegos 83

RECENSIÓNS

Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. ed. R. LORENZO (F. Fernández Rei) 103

Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. ed. H. MONTEAGUDO (Begoña Varela Vázquez) 109

Coloquio de vintecatro galegos rústicos, Fr. MARTÍN SARMIENTO (F. Fernández Rei) 115

Britonia. Revista de Estudios Navia-Eo, ed. A Mesa prá defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (E. Mª Parga Valiña).....125

Géolinguistique (R. Salgueiro Salgueiro) 129

UNHA APROXIMACIÓN ÁS ACTITUDES E PREXUÍZOS CARA Á GHEADA
(dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)

MONTSERRAT RECALDE
Seminario de Sociolingüística
Real Academia Galega

1. Algúns conceptos básicos

O concepto de *actitude*, que na actualidade desempeña un papel multidisciplinar, foi inicialmente extraído da psicoloxía social. Esta disciplina concedeulle extremada importancia nos anos sesenta, ata o punto de que moitos dos seus teorizadores a definiron coma o estudio científico das actitudes humanas. Posteriormente sería adoptado por aqueloutras materias que, cada unha no seu ámbito, se enfrontaban coa necesidade de atopar explicación para certas conductas do home -así a Socioloxía, a Antropoloxía, a Historia, a Pedagoxía e, como non, a Lingüística.

Dúas das cuestións máis debatidas arredor das actitudes humanas foron os problemas da súa definición e da súa estructura interna. Tanto é así que xurdiron dúas correntes teóricas diferentes, que deron lugar a senllas escolas, segundo o punto de vista teórico adoptado na súa definición (mentalista e conductista), e outras dúas segundo se defendese unha estructura de unha única ou varias compoñentes (multicompoñencial e monocompoñencial).

Comezando pola definición de *actitude*, a perspectiva mentalista, con Allport (1935)[1] como un dos seus maiores expoñentes, considera que as actitudes son constructos hipotéticos que exercen unha función mediatizadora entre o estímulo e a resposta (verbal ou non verbal) que este provoca na persoa. A escola conductista, pola

[1] En palabras do propio Allport (1935: 798-844): "An attitude is a mental and neural state of readiness, organized through experience, exerting a directive or dynamic influence upon the individual's response to all objects and situations with which it is related" (citado a través de Ajzen e Fishbein, 1980: 17).

súa parte, concibe as actitudes como conductas ou respostas puntuais a situacións sociais determinadas, directamente observables e susceptibles de medición mediante métodos estatísticos. Desde este último punto de vista a actitude é unha variable totalmente dependente da situación concreta, o que leva consigo certa asunción de determinismo social. Co rexeitamento conductista do principio de que en situacións moi semellantes se poidan amosar actitudes moi semellantes cara a un mesmo obxecto e, xa que logo, conductas paralelas, estase a negar a súa posible sistematización e o seu poder predictivo sobre a conducta. A perspectiva mentalista implica, por outra banda, a imposibilidade de observación directa das actitudes e a necesidade de inferilas indirectamente a través do comportamento ou directamente mediante respostas individuais a preguntas concretas. Non obstante ten a vantaxe de contar coa racionalidade do ser humano e coa súa capacidade para almacenar a información recollida en experiencias pasadas e utilizala na interpretación de situacións posteriores, seguindo principios de coherencia persoal relativamente estables e duradeiros.

Polo que se refire á estructura interna das actitudes, a escola monocompoñencial redúcea a unha única compoñente que se identifica coa avaliativa (Ajzen e Fishbein 1980), mentres para a multicompoñencial, seguida case unanimemente dende 1950, cómpre distinguir tres compoñentes no interior das actitudes: *cognitiva*, *avaliativa ou afectiva*, e *conductual*.

A compoñente cognitiva identifícase co coñecemento que o individuo posúe sobre o obxecto da actitude. Este coñecemento está composto por unha serie de crenzas acertadas ou desviadas que se orixinan despois de procesar a información entorno ao mesmo. En relación con esta información cómpre ter en conta dous conceptos clave, o de *diferenciación* e o de *centralización* (Deprez & Peersoons 1987). A diferenciación refírese tanto á calidade coma cantidade de información sobre o obxecto, que pode ser deficiente ou desviada e, polo tanto, dar lugar a crenzas mal fundamentadas (estereotipos) ou, pola contra, correcta e abundante. A centralización ten que ver coa importancia dos datos informativos para a representación do obxecto. Así mesmo, as crenzas poden ser clasificadas tendo en conta o xeito en que se xeran (Ajzen e Fishbein 1980). Dende este punto de vista obtemos: crenzas *descritivas* ou orixinadas trala participación dunha experiencia directa co obxecto, crenzas *informativas* ou adquiridas a través da información proporcionada por terceiras persoas e crenzas *inferenciais*, xeradas a través de procesos de relación ou dedución.

A compoñente avaliativa vén sendo tradicionalmente considerada como a compoñente central das actitudes. Está constituída polos sentimentos cara ao obxecto da actitude, que poden ser favorables (*latitude de aceptación*), desfavorables (*latitude de rexeitamento*) ou indiferentes (*latitude de non-compromiso*). En ocasións o obxecto pode suscitar valores emocionais ríxidos e fortemente diferenciados por lle seren altamente favorables ou desfavorables e que, ademais, participan do denominador común de estaren orixinados por crenzas sobrexeneralizadas e desatinadas, dando lugar ao sistema de prexuízos do individuo.

Finalmente, a parte activa da actitude está formada pola compoñente conductual, que remite á tendencia a reaccionar cara aos obxectos dunha forma concreta. Quizais un dos aspectos máis debatidos e problemáticos da teorización sobre as actitudes sexa o da relación que esta compoñente mantén coas outras dúas[2]. O esclarecemento destas relacións, en especial a existente entre as compoñentes afectiva e conductual, erixiuse nun dos temas imprescindibles dentro do estudio das actitudes sociais. Tanto é así que se ao estudio das actitudes se lle deu algún valor ademais do puramente descritivo, foi pola súa suposta capacidade predictora e explicativa da conducta humana. Na actualidade, ante a, moitas veces, extrema falta de consistencia entre actitude e conducta, tense en conta a presencia dunha serie de factores mediadores. Déuselle, por exemplo, extraordinaria importancia ao contexto situacional e a variables sociais (sexo, idade, clase, etc.) ou de personalidade, admitindo, ademais, a existencia de tipos de conducta verbal ou non verbal. Desta maneira, certas actitudes terían tendencia a manifestárense a través dunha expresión verbal na maioría dos suxeitos e outras a materializárense por medio da acción manifesta[3].

Co obxectivo de construír un aparato teórico que solucionase o problema da relación entre actitude e conducta xurdiu a *teoría da acción razoada* de Ajzen e Fishbein (1980). Segundo a mesma, non existe unha relación directa entre unha determinada actitude cara a

---

[2] As dificultades para dilucidar o tipo de relacións que estas tres compoñentes manteñen entre si foi un dos principais argumentos esgrimidos pola escola monocompoñencial en contra da multicompoñencial. Tales dificultades desembocaron na década dos sesenta na negación do concepto de actitude.

[3] Unha das investigacións máis decisivas neste sentido foi a de LaPiere (1934). Este investigador acompañou a unha parella de chineses a 251 hoteis norteamericanos e só nun deles lles foi negada a entrada por mor da súa raza. Seis meses máis tarde envioulles unha carta aos directores dos mesmos hoteis preguntándolles se admitían orientais: o 92% das respostas foron negativas.

un obxecto e a conducta que a persoa manifesta respecto a ese mesmo obxecto. O proceso polo cal as accións individuais se poden vencellar a actitudes concretas non funciona segundo unha simple correspondencia un a un entre actitude e conducta, senón que existen constructos intermedios entre ambas. Un destes constructos é a *intención conductual*, que funciona como predictor inmediato da conducta. As actitudes cara a un obxecto determinado, nun espacio e tempo concretos non poden, polo tanto, predicir a conducta, senón a intención conductual dunha persoa, nun espacio e tempo tamén concretos e cara a ese mesmo obxecto:

> "The first step in predicting and understanding behavioral intentions, then, is to obtain a mesure of the person's attitude toward his own performance of the behavior in question. Of course, just as the measure of intention must correspond to the behavioral criterion in action, target, context, and time elements, so too must the attitude correspond to the intention". (Ajzen e Fishbein 1980: 56).

A intención conductual estará determinada polo peso relativo da actitude individual (compoñente avaliativa en termos multicompoñenciais) e a *norma subxectiva*, que para os autores equivale á percepción de como será socialmente valorada unha conducta. A importancia da actitude individual e a norma subxectiva pode variar interindividualmente ou cando se altera algunha das compoñentes contextuais que definen a conducta -obxecto, acción, espacio ou tempo-, creando, ás veces, contradicciónes e conflictos internos no individuo:

> "It is possible to predict and gain some understanding of a person's intention by measuring his attitude toward perfoming the behavior, his subjective norm, and their relative weights. However, from a more complete understanding of intentions it is necessary to explain why people hold certain attitudes and subjective norms". (Ajzen e Fishbein 1980: 7).

Por outra banda, as actitudes individuais dependen, á súa vez, dos beneficios ou prexuízos que os individuos crean que lles reportará unha conducta determinada. Se consideran que unha acción respecto dun obxecto os beneficiará, os seus afectos serán positivos, do contrario serán negativos. Segundo estes autores non existen, polo tanto, actitudes relacionadas con obxectos, senón con accións cara a eses obxectos. Outro punto no que incidiron Fishbein e Ajzen foi na necesidade de concretar o grao de especificidade ou xeneralidade entre a actitude e a conducta hipoteticamente derivada da mesma. A

actitude só terá validez predictiva cando os niveis de xeneralidade ou especificidade entre esta e a conducta sexan iguais. De tal xeito que as actitudes moi xerais serán boas predictoras de conductas moi xerais, pero non de conductas específicas ante un obxecto específico.

No campo da Lingüística Xeral os traballos sobre actitudes son relativamente recentes e, nas súas orixes, foron especialmente aplicados ao dominio educativo[4]. Posteriormente recoñeceuse a súa importancia para o estudio e comprensión da morte e recuperación das linguas, do conflicto lingüístico, das funcións das variedades e para a orientación da planificación e política lingüísticas, polo que o seu tratamento se fixo habitual nas comunidades bilingües, especialmente naquelas en que existía unha lingua cuberta e un teito lingüístico[5].

Actualmente enténdese por actitudes lingüísticas aquelas que teñen como centro específico de estudio, as actitudes cara ás linguas en múltiples aspectos. Neste sentido convén mencionar a existencia de dúas interpretacións, unha restrinxida e outra ampla, das actitudes lingüísticas (Cooper & Fishman 1974). A aproximación restrinxida define as actitudes lingüísticas en termos do seu referente, polo que o seu obxecto de estudio se debe remitir aos catro elementos fergusonianos que interveñen na comunicación humana: *quen*, *que*, *cando* e *como*. A aproximación ampla defíneas atendendo ás súas consecuencias e establece que os estudios sobre actitudes lingüísticas deben remitirse ao daquelas que hipoteticamente inciden na conducta lingüística ou na conducta cara ás linguas. Ningunha destas dúas concepcións das actitudes, como veremos, está exenta de problemas. Se a primeira reduce excesivamente o campo de estudio ao excluír do mesmo actitudes de interese sociolingüístico (actitudes cara á planificación lingüística, o mantemento ou o cambio lingüístico), a segunda corre o risco de incluír dentro das actitudes lingüísticas outro tipo de actitudes. Valorados estes dous problemas, Cooper & Fishman adoptan unha solución de consenso, é dicir, aplican a definición restrinxida das actitudes lingüísticas ampliando o seu referente para incluír as

---

[4] Foron adoptadas coma un procedemento para explicar diferencias interindividuais na aprendizaxe das linguas, de tal xeito que para moitos investigadores son máis decisivas as actitudes dos individuos cara a unha lingua para predicir a súa competencia comunicativa na mesma cás súas aptitudes para a aprendizaxe. Véxase a este respecto C. Baker (1992).

[5] Para os conceptos de *teito lingüístico* e *idioma cuberto* vid. Muljacic, Z. (1986), "L'enseignement de Heinz Kloss (modification, implications, perspectives)", en Marcellesi, J.-B. (ed.), *Langages. Glottopolitique.* 81: 53-63. Larousse. Paris.

linguas, a conducta lingüística e todos aqueles aspectos relativos ao poder simbólico das mesmas.

A idea de que as actitudes humanas non son innatas, senón que se desenvolven a través dun proceso de aprendizaxe, parece ser comunmente admitida. En tal aprendizaxe o período de socialización, entendido coma o proceso a través do cal os individuos internalizan as crenzas, actitudes e expectativas dunha cultura específica, desempeña un papel decisivo. En efecto, investigacións realizadas sobre o comportamento lingüístico infantil[6] levaron a concluír que é contra os tres anos cando os nenos comezan a ter consciencia das diferencias lingüísticas e a distinguir entre a súa fala e a dos demais, e preto dos dez xa son capaces de percibir correlatos socioeconómicos unidos ás variedades lingüísticas. Demostrouse, así mesmo, que os nenos pertencentes a grupos lingüísticos minoritarios adquiren gradualmente as actitudes lingüísticas da cultura dominante a medida que aumentan os seus anos de escolarización, non só valorando cada vez máis positivamente a variedade de prestixio, senón asumindo e compartindo tamén o estigma de que son víctimas.

U. Knops e R. Van Hout (1988) defenden a existencia de tres factores determinantes que dan orixe ás actitudes lingüísticas: *lingüísticos*, *sociais* e *situacionais*. Dentro dos *factores lingüísticos* inclúese o papel e distribución social das variedades lingüísticas nunha comunidade. Normalmente as persoas valoran altamente na dimensión dos estatus (competencia profesional, ambición, rendemento, etc.) o grupo lingüístico de alto nivel socioeconómico, ao que xeralmente pertencen as variedades utilizadas na vida pública e na cultura. As variedades dos grupos minoritarios, que son reducidas ao uso íntimo e formal, adoitan ser máis estimadas na dimensión da solidariedade (beleza da variedade, simpatía e confianza inspiradas polos seus falantes, etc.). Os denominados *factores sociais* refírense ás identidades sociais dos individuos que afectan ás súas actitudes lingüísticas. As experiencias pasadas, diferentes para cada grupo social, inciden de forma distinta nas súas actitudes, xa que estas nacen intimamente ligadas ao proceso de enculturación[7]. Finalmente, os *factores situacionais* son de dous tipos: a situación inmediata e o transfondo sociocultural. A primeira ten moita importancia nas sociedades diglósicas, onde existe unha especialización das variedades segundo o nivel de formalidade da situación comunicativa. As actitudes cara á variedade B son positivas sempre que se use no contexto comunicativo que lle corresponde, mostrándose altamente negativas se se emprega en situacións formais. A valoración da variedade A, como cabe supoñer, é xustamente a inversa. O transfondo sociocultural, pola súa banda, está relacionado coa forza demográfica, o soporte institucional e o estatus social de cada variedade, así coma co prestixio socio-histórico dos grupos cos que se identifican.

Existe, finalmente, un tipo de actitudes que constitúen un obxecto de estudio de especial interese porque delas se poden derivar comportamentos de tipo discriminatorio e relacións marcadamente conflictivas entre grupos sociais. Cinguíndonos a un marco estrictamente lingüístico, a xeneralización desta clase de actitudes tende a crear situacións de desigualdade social entre distintos grupos lingüísticos e desembocar na minorización lingüística do grupo máis desfavorecido ou, no mellor dos casos, nun enfrontamento aberto entre grupos. Estamos a falar dos prexuízos lingüísticos. O concepto de prexuízo foi aplicado fundamentalmente para definir a relación establecida entre grupos sociais dentro da mesma comunidade, polo que Allport (1954: 7), centrado especialmente nos prexuízos étnicos, o define como unha actitude negativa:

> "[...] an avertive or hostile attitude toward a person who belongs to a group, simply because he belongs to that group, and is therefore presumed to have the objectionable qualities ascribed to the group".

Para Carmen Huici e Miguel Moya (1994) os prexuízos identifícanse coa compoñente avaliativa das actitudes e diferéncianse delas pola alta carga emocional de que están dotados. Orixínanse como resposta a unha serie de crenzas sen fundamento empírico, desvirtuadas e sobrexeneralizadas, que adquiriron unha fonda raizame no individuo e presentan unha especial persistencia e rixidez ante evidencias contrarias. Este tipo de crenzas son coñecidas como estereotipos. Tanto os prexuízo coma os estereotipos sociais son unha das consecuencias da categorización da realidade que leva a cabo o home a través do proceso cognitivo[8]. Se ben todas as categorizacións se cons-

[6] Véxase, por exemplo, R.R. Day 1982).

[7] Entre os que defenden unha aproximación histórico-sociolóxica á adquisición das actitudes destaca St Clair (1982). Este autor céntrase nas relacións de forza entre variedades e grupos lingüísticos para expresar a necesidade de estudiar a historia das comunidades se se desexa comprender de forma integral as actitudes predominantes no seu seo, xa que estas dependen das forzas sociais e políticas que operaron no seu pasado e que son as que lexitiman a expansión dunha variedade lingüística a costa doutras.

[8] A categorización pode ser definida como o proceso polo que se minimizan as diferencias perceptivas entre os obxectos para facer máis manexable a enorme complexidade dos estímulos exteriores (Mayor e Pinillos 1989, px. 110).

trúen partindo dun mínimo de verdade, as racionais modifícanse e ensolidécense co aumento das experiencias relevantes para a mesma pero as irracionais son transmitidas culturalmente a través das xeracións e aceptadas tacitamente sen que exista evidencia suficiente que as confirme. O xeito en que o ser humano utiliza a información que almacena no cerebro tende á simplificación, de modo que se as características A e B están normalmente asociadas entre si, deduce que a presencia dunha delas conducirá invariablemente a presencia da outra.

O prexuízo lingüístico funciona coma un mecanismo para obter información sobre os demais unha vez que se coñece a súa forma de falar. Posto que a forma de falar é usada como input para clasificar as persoas, podemos afirmar con Giles e Powesland (1975) que a lingua non é só portadora de contido, senón contido en si mesma, información que se utiliza para identificar os demais e definirnos nosoutros mesmos. Convén, sen embargo, diferenciar os prexuízos e estereotipos que se orixinan a través da sobrexeneralización dun ápice de verdade das actitudes provocadas por erros ordinarios do coñecemento, pois, se estas últimas son revisadas sobre a base de información contraria e substituídas por outras máis axeitadas cando a información non encadra no esquema cognitivo, os suxeitos dos primeiros clasifican as novas informacións como desviadas ou procésanas selectivamente, escollendo só aquelas que confirman os seus preconceptos.

Outra das características dos estereotipos e prexuízos en xeral, e os lingüísticos en particular, é que forman parte do coñecemento común colectivo e teñen, polo tanto, carácter social. Dende o punto de vista lingüístico, dicotomías como 'culto/inculto', 'agradable/desagradable', 'simpático/antipático', 'eficaz/ineficaz', etc., aplícanselle a un individuo unha vez coñecida a súa forma de falar e poden estenderse a cada membro do mesmo grupo lingüístico sen indicios suficientes para facelo. A expresión sobreemocionada da aceptación ou rexeitamento de determinadas variedades lingüísticas é, normalmente, unha forma de canalizar os sentimentos que producen no individuo os grupos sociais identificados con esas variedades (sexan relixiosos, económicos, raciais, nacionais, etc.) e supón un xeito máis doado de exteriorizar afectos que, expresados en termos relixiosos, políticos ou raciais, poderían resultar polémicos e incluso conflictivos. En definitiva, tanto os prexuízos como as actitudes lingüísticas reflicten as tensións intergrupais que laten no seo dunha comunidade e o seu coñecemento resulta indispensable para participar exitosamente nos intercambios comunicativos, pois o uso indebido das variedades lingüísticas pode provocar reaccións de rexeitamento por parte dos interlocutores ou respostas sociais de tipo punitivo.

2. *Metodoloxía*

Os datos que se presentan neste artigo foron extraídos en 1992 dunha mostra probabilística elaborada en dúas etapas. Na primeira seleccionáronse catro centros de ensino medio localizados en zonas gheadófonas[9]. Posteriormente, en cada centro, realizouse a distribución do cuestionario entre dous grupos de alumnos de segundo curso, obtendo un total de 248 coberturas válidas[10]. Na elección dos centros tivéronse en conta especialmente factores económicos e de hábitat, procurando que estivesen representados os sectores primario, secundario e terciario[11] e o hábitat rural, vilego e urbano.

As variables que serán aquí analizadas identifícanse con algunha das catro compoñentes actitudinais. A maioría das mesmas levan asociada unha escala tipo Likert con catro valores que son expresión da medida en que o enquisado comparte a afirmación precedente: 'totalmente de acordo'-'bastante de acordo'-'bastante en desacordo'-'totalmente en desacordo' (ou á inversa). Para evitar respostas estereotipadas combináronse items que correspondían á zona positiva da actitude con outros que correspondían á zona negativa (por exemplo: *o galego con gheada é máis bonito có galego sen gheada* e *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada*). Ante eles os suxeitos debían elixir unha resposta que expresase o seu grao de asentimento ou rexeitamento. Naturalmente, estar total ou parcialmente de acordo coa primeira afirmación leva consigo unha valoración po-

[9] IB de Cedeira, IB A Xunqueira II de Pontevedra, IB de Vilalonga (Sanxenxo) e, finalmente, o 'Manuel Peleteiro' de Santiago de Compostela. Polo que respecta á distribución deste fenómeno dialectal vid. Fernández Rei (1990).

[10] Esta estratexia pertence aos denominados *métodos de medición directa*, pois os respondentes teñen plena consciencia de que o obxecto de estudio son as súas actitudes lingüísticas. Este feito trae consigo o risco de que as respostas se acomoden ás mellor valoradas socialmente co fin de ofrecer unha imaxe positiva de un mesmo. Intentouse paliar este efecto evitando a nosa presencia no momento da cobertura do cuestionario e asegurando o carácter completamente anónimo de cada un.

[11] Falamos, evidentemente, do sector productivo ao que pertencen as familias dos enquisados. Ao IB 'Xunqueira II' acoden especialmente alumnos procedentes da clase obreira pontevedresa; os institutos de Cedeira e Vilalonga reciben, como se pode supoñer, unha elevada porcentaxe de estudiantes procedente do sector primario; o colexio 'Manuel Peleteiro', pola súa banda, é bastante representativo do sector terciario.

sitiva da gheada e estar total ou parcialmente de acordo coa segunda unha valoración negativa. Sen embargo, estar total ou parcialmente en desacordo con cada unha delas non equivale a ter unha actitude desfavorable no primeiro caso, nin favorable no segundo, posto que nestas opcións de resposta tamén se inclúe a latitude de non compromiso. A cada valor da escala Likert correspóndelle unha puntuación de 1 a 4; o 1 expresa a actitude máis desfavorable para a gheada e o 4 a máis favorable; a puntuación intermedia (2.5) indicará unha actitude intermedia, podendo establecer que as superiores a ela caen dentro da latitude de aceptación e as inferiores da de rexeitamento.

As probas estatísticas que se lles aplicaron aos datos son de dous tipos: paramétricas e non paramétricas. As primeiras consistiron basicamente na *análise da varianza* e utilizáronse sempre que a natureza das escalas o permitiu, é dicir, cando estas podían considerarse de intervalos[12]. Polo que atinxe ás probas non paramétricas, utilizamos sistematicamente a do X^2, a máis clásica deste tipo[13]. A hipótese nula foi sistematicamente rexeitada e, polo tanto, a relación entre variables atribuída ao azar, cando o nivel de significación superou o 5% ($p > .05$). Pola contra, consideramos a relación entre a variable observada e a esperada non aleatoria sempre que obtivemos un nivel de significación igual ou menor do 5%. Todos os cruzamentos descritos nas páxinas que seguen pertencen a este último caso.

Os obxectivos principais do presente artigo centraranse, en primeiro lugar, na presentación das actitudes da poboación analizada facendo explícita distinción entre as tres compoñentes, e na posible incidencia sobre as mesmas de tres variables independentes: a lingua materna, a lingua habitual e o nivel de uso da gheada (cos pais) dos suxeitos investigados. As dúas primeiras variables introducíronse

[12] Mediante a análise da varianza trátase de comprobar se as variacións observadas na variable dependente (obxecto da análise) gardan relación con dúas ou máis variables independentes mediante a comparación de grupos de medias. Esta análise ofrece o efecto de cada unha das variables independentes e, ademais, o efecto conxunto ou das interaccións entre elas. As escalas de intervalos constitúen o máis alto nivel de medición estatística, posto que os valores numéricos asociados a elas poden considerarse efectivamente cuantitativos, polo que permiten o uso de operacións aritméticas. Con este tipo de escalas téndese a considerar que as distancias numericamente iguais representan diferencias iguais na propiedade que se está a medir, ou sexa, que podemos supor que a distancia que hai entre o intervalo 1–2 é igual á que hai entre o intervalo 2–3 e 3–4 (vid. R.P. Runyon e A. Haber, 1984).

[13] Coma na análise da varianza con ela trátase de comprobar se os distintos niveis da variable independente gardan algunha relación co comportamento da variable dependente, pero as diferencias entre grupos non se expresan como medias, senón como porcentaxes. O X^2 calcúlase tendo en conta a discrepancia entre frecuencias observadas e frecuencias esperadas.

conxuntamente en calidade de factores independentes na análise multivariada da varianza, mentres que o nivel de uso da gheada cos pais funcionou como único factor na análise univariada da varianza. En segundo lugar, examinaremos a relación entre as compoñentes avaliativa e conativa das actitudes cara á gheada, contrastando actitudes que se dirixen cara á acción dos demais coa conducta individual.

3. A compoñente avaliativa: prexuízos cara á gheada

Tal e como demostraron certas investigacións[14], os xuízos sobre as calidades inherentes, connotacións e prestixio das variedades lingüísticas parecen xerarse despois do coñecemento da súa distribución social, polo que o acordo compartido por determinados grupos sociais sobre a calidade estética das variedades pode ser interpretado coma un fenómeno máis ideolóxico ca estrictamente lingüístico, tal e como parece deducirse das palabras de Edwards (1982: 21):

> "A considerable amount of effort has gone into the demonstration that languages and languages varieties, although clearly differing from one another, cannot reasonably be described in terms like 'better' or 'worse', 'correct' or 'incorrect', 'logical' or 'ilogical'. Similarly, aesthetic judgements made of language varieties do not appear to be based upon any inherent qualities of pleasantness or unpleasantness"

A compoñente avaliativa da actitudes lingüísticas que nos ocupan, representativa de certo tipo de xuízos estéticos, foi analizada a través de dous grupos de variables:

a) compara as variedades de galego con e sen gheada en termos de atributos intrínsecos ás mesmas: *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada*; *o galego con gheada é máis bonito có galego sen gheada*.

b) mide o que habitualmente se vén denominando dimensión da solidariedade a través das actitudes cara aos usuarios: *quen fala con gheada é máis simpático a primeira vista ca quen fala sen ela*; *quen fala con gheada resulta menos atractivo ca quen fala sen ela.*

[14] Vid. H. Giles e R. Bourhis (1975): os respondentes eran incapaces de xulgar variedades lingüísticas descoñecidas nin de decidir se uns falantes utilizaban formas máis correctas, máis bonitas ou lóxicas ca outros.

As medias poboacionais obtidas por cada unha das anteriores variables coas súas respectivas desviacións típicas son as seguintes:

	x	s
o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada	2	1.05
o galego con gheada é máis bonito có galego sen gheada	1.69	.92
quen fala con gheada é máis simpático ca quen fala sen ela	2.10	1.02
quen fala con gheada é menos atractivo ca quen fala sen ela	2.94	.99

Como podemos observar, no referido ás calidades estéticas existe unha clara tendencia a apreciar máis o galego sen gheada. A media actitudinal na primeira das variables sitúase á altura do 'bastante de acordo' e na segunda entre o 'totalmente en desacordo' e o 'bastante en desacordo'[15]. As medias das dúas variables restantes indican, sen embargo, un rexeitamento explícito de ambas afirmacións. Polo que se refire ás desviacións típicas, estas indican a existencia dunha maior concentración das opinións entorno ao valor central na segunda e cuarta variable que na primeira e terceira.

A análise da multivariada da varianza na que se introduciron como factores independentes a lingua materna e habitual dos respondentes indica, en primeiro lugar, que os efectos da lingua materna non resultan ser estatisticamente significativos cando se combina coa lingua habitual, posto que esta última incide de xeito máis decisivo nas medias actitudinais dos distintos subgrupos cá primeira[16]. En segundo lugar, ningunha das variables independentes tidas en conta está relacionada significativamente coa varianza de resposta en *quen fala con gheada resulta máis simpático a primeira vista ca quen fala sen ela*, polo que non podemos afirmar a existencia de solidariedade grupal baseándonos nos nosos datos[17].

[15] Cómpre mencionar que a orde dos valores escalares se modificou segundo a formulación dos items fose negativa ou positiva para a gheada, co fin de que as puntuacións altas se identificasen sempre coas actitudes máis favorables e as baixas coas actitudes menos favorables.

[16] Tendo en conta que a lingua materna se recibe pasivamente por decisión dos proxenitores, mentres a lingua habitual se adopta por decisión individual, parece lóxico que así sexa. Esta falta de significación estatística da lingua materna cando se combina coa lingua habitual aparece en todas as demais variables actitudinais. Lémbrese, por outra parte, que aceptamos a hipótese nula cando atopemos un nivel de significatividade $p = .05$ ou $p < .05$.

[17] Nun estudio cuantitativo, a solidariedade grupal poderíase manifestar mediante unha relación significativa entre o aumento do nivel de uso do galego e/ou da gheada e o aumento das puntuacións medias subgrupais, que suporían a progresiva aceptación dos contidos do item.

Nos gráficos 1 e 2 aparecen as medias actitudinais das variables que amosaron unha relación significativa coa lingua habitual dos respondentes e o seu nivel de uso da gheada cos pais. Os dous gráficos presentan un denominador común: as actitudes son tanto menos desfavorables canto máis frecuente é o uso do galego (gráfico 1) e, como non, o da gheada (gráfico 2). Así mesmo, destaca o feito de que as medias dos grupos galegofalantes[18] son superiores ás poboacionais, polo tanto, as súas actitudes menos desfavorables para a gheada e os seus usuarios. Atendendo ao grao de uso da gheada que aparece no gráfico 2, comprobaremos que só os que non a usan nunca presentan medias inferiores á poboacional nas variables *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada* e *o galego con gheada é máis bonito có galego sen gheada*. Cómpre subliñar, sen embargo, que tanto os bilingües con predominio do galego coma os que case sempre usan a gheada cos pais comparten nunha medida considerable o prexuízo de que o *galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada*.

Gráfico 1

Medias actitudinais segundo a lingua habitual

"O galego con gheada é,..."



[18] No sucesivo cando mencionemos os grupos galegofalantes, estaremos a referirnos aos monolingües en galego ou bilingües que falan predominantemente esta lingua. Do mesmo xeito mencionaremos aos grupos castelanfalantes.

Gráfico 2

Medias actitudinais segundo nivel de uso da gheada

"O galego con gheada é ..."



Mostra: suxeitos galegofalantes

Extraendo as diferencias entre as puntuacións medias dos grupos lingüísticos extremos, é dicir, entre monolingües en galego e monolingües en castelán, por unha banda, e entre respondentes que usan sempre a gheada no dominio familiar e os que non a usan nunca, pola outra, obtéñense os seguintes resultados:

- *O galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada:*

a) 1.79 puntos de diferencia entre monolingües en galego e monolingües en castelán

b) 1.45 puntos de diferencia entre individuos que usan sempre a gheada cos pais e individuos que non a usan nunca.

- *O galego con gheada é máis bonito có galego con gheada:*

a) 1.18 puntos de diferencia entre galegofalantes e castelanfalantes

b) 1.17 puntos de diferencia entre individuos que usan sempre a gheada cos pais e os que non a usan nunca[19].

Destas diferencias podemos concluír varios feitos. En primeiro lugar que existe máis diverxencia de opinión entre os grupos lingüísticos na primeira variable ca na segunda. En segundo lugar, detectamos que a actitude dos monolingües en galego e en castelán resulta

[19] Lembremos que para prever a posible incidencia do nivel de uso da gheada nas actitudes cara á mesma eliminamos do cómputo os que afirmaron ser monolingües en castelán ou bilingües con predominio do castelán, posto que o seu uso da gheada non pode ser máis ca anecdótico. A nosa mostra reduciuse así a 80 respondentes.

ser máis dispar ca entre os que usan sempre a gheada cos pais e os que non a usan nunca, polo que a lingua habitual parece ser un factor que inflúe máis decisivamente no peso dos prexuízos cá presencia/ausencia de gheada. Así e todo, se falar galego leva aparellado un rexeitamento da afirmación *o galego con gheada é máis bruto...*, dos que falan galego sempre, son os que sempre usan a gheada os que participan menos dese prexuízo, feito que parece apoiar as hipóteses que inciden na importancia da familiaridade coas variedades subestándares como causa da distinta valoración das mesmas.

4. A compoñente cognitiva: os estereotipos entorno á gheada

As variables que representan a compoñente cognitiva son fundamentalmente tres: *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura, falar con gheada dificulta o ascenso laboral* e *as persoas que falan con gheada son (a miúdo) obxecto de burla*[20]. A primeira formulación establece unha asociación categórica, sobrexeneralizada, entre un trazo lingüístico e un atributo social, polo que o seu contido pode ser considerado un estereotipo sociolingüístico. De todas elas a que obtivo unha media actitudinal máis alta foi *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura*, x = 3.16, desviación típica = .96, o que significa que a maior parte dos informantes non comparten a afirmación nela vertida. Pola súa banda, a variable *falar con gheada dificulta o ascenso laboral* obtivo unha media x = 2.72, desviación típica = 1.04. Esta media, considerablemente inferior á anterior, e a desviación típica, máis elevada, indican que a afirmación é compartida en maior medida cá precedente, pero tamén que existe unha maior dispersión nas respostas. Finalmente, máis da metade da mostra participa dos contidos da variable *os que falan con gheada son obxecto de burla*, na que se obtivo un 58.3% de respostas afirmativas e un 41.7% de respostas negativas.

Dos cruzamentos realizados con esta serie de variables, a lingua habitual resultou estatisticamente significativa en todos os casos, pero o nivel de uso da gheada cos pais só amosa unha relación significativa co estereotipo *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura.*

[20] A formulación real da pregunta correspondente á segunda das variables foi a seguinte: *A xente que fala con gheada ten menos posibilidades de acceder a cargos de importancia no seu traballo cá xente que fala sen gheada (p. ex. ser director xeral dunha empresa).* A segunda variable é de tipo categórico, polo que os datos serán expostos en forma de porcentaxes a través de táboas de continxencia.

A variabilidade das puntuacións medias discorre cara ao rexeitamento das afirmacións *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura* e *falar con gheada dificulta o ascenso laboral*, canto maior é o uso do galego (véxase o gráfico 3). Esta tendencia só resulta levemente alterada na primeira das variables polos monolingües en galego, que presentan unha media 0.03 puntos inferior á dos bilingües con predominio do galego, fenómeno que pode deberse ao baixo número de respondentes pertencentes a esta opción lingüística (N = 12). O que si parece claro é que, dos catro grupos lingüísticos, os que presentan un menor rexeitamento da asociación estereotípica entre uso da gheada e carencia de cultura son os monolingües en castelán. Así mesmo, son estes informantes os que se mostran máis convencidos de que o feito de falar con gheada dificulta o ascenso a determinados postos profesionais, cunha media que está moi preto do 'bastante de acordo'.

Gráfico 3
Medias actitudinais segundo a lingua habitual
"A gheada , un fenómeno propio da xente sen cultura", "A gheada dificulta o ascenso laboral"



1 'totalmente de acordo' 2 'bastante de acordo'
3 'bastante en desacordo' 4 'totalmente en desacordo'

Tal como sucede coas dúas variables anteriores, os monolingües habituais en castelán consideran en maior medida cós outros grupos que a poboación gheadófona é frecuentemente obxecto de burla, en tanto que os monolingües habituais en galego tenden a manifestarse en sentido contrario. A táboa 1 mostra que mentres os dous grupos bilingües presentan unhas porcentaxes próximas ás esperadas, os que falan só castelán superan en 20.3 puntos a porcentaxe esperada na opción 'si' e os que falan unicamente en galego están 8.3 puntos por debaixo.

Táboa 1. ***"Os que falan con gheada son (a miúdo) obxecto de burla" segundo a lingua habitual***

	só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	Total
si	78.6%	54.8%	53.7%	50%	58.3%
non	21.4%	45.2%	46.3%	50%	50%

A diferencia do ocorrido con outras variables, o grao en que os informantes usan a gheada non parece condicionar nunha dirección clara o seu posicionamento ante a categorización dos falantes gheadófonos como xente de escaso nivel cultural. Así, na táboa 2, vemos que os que nunca utilizan a gheada cos pais presentan un maior nivel de rexeitamento cós que a usan case sempre. Por outra parte, aqueles que declaran non falar case nunca con gheada nas interaccións con seus pais, presentan unha desviación típica considerablemente máis elevada cá dos restantes grupos (1.04), o que nos induce a pensar que constitúen un grupo pouco homoxéneo nas súas actitudes. O feito máis salientable é a diferencia de puntuación entre os suxeitos que afirman utilizar sempre a gheada e os demais subgrupos lingüísticos (especialmente os que non a usan nunca e case nunca), así como a considerable homoxeneidade dos primeiros (desviación típica = .35). A elevada puntuación media deste grupo supón, ademais, un rexeitamento case xeneralizado do contido do item.

Táboa 2. ***Medias actitudinais en "A gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura" segundo o uso da gheada cos pais***

Nivel de uso da gheada	x	s
nunca	3.50	.63
case nunca	3.10	1.04
case sempre	3.40	.79
sempre	3.85	.35

5. A compoñente conductual: a gheada como factor de discriminación

Tal como se mencionou páxinas atrás, a compoñente conductual das actitudes inclúe non só accións concretas dirixidas ao obxecto, senón tamén intencións, tendencias e disposicións. Parece obvio que as accións que derivan dos afectos son imposibles de detectar a través dun cuestionario, feito que nos obriga a limitar o noso estudio a observar tendencias ou disposicións conductuais meramente verbalizadas. Unha destas disposicións conductuais vén revelada pola pregunta *¿Contratarías un locutor de TV que falase con gheada?* (que sintetizamos na variable *¿Contratarías un locutor con gheada?*). A outra variable que constituirá obxecto de análise nesta sección (*Deberíase evitar a gheada*) foi extraída do item *As persoas que teñen gheada no seu galego deberían evitar usala*[21], introducido para indagar nas disposicións dos informantes cara á actuación dos demais.

Sabemos que unha das consecuencias conductuais máis inmediatas derivadas da existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos é a discriminación social dos individuos que utilizan as formas estigmatizadas. A forza relativa dos xuízos apriorísticos e as conceptualizacións sobrexeneralizadas adoita incidir na forma e magnitude da discriminación. A variación lingüística, polo tanto, pode ser considerada consecuencia da desigualdade social, pero tamén é un dos factores máis utilizados para marcala e perpetuala, tal e como se deriva das investigacións que tiveron como obxecto de estudio as interaccións en entrevistas de traballo[22]. En efecto, as disposicións do 62% dos informantes ante o feito hipotético de contratar un locutor de televisión que falase con gheada inscríbense neste marco de rexeitamento. Sen embargo, a presencia do galego como lingua de uso habitual incide positivamente nesas disposicións, de xeito que un 58.8% dos informantes que din falar máis galego ca castelán e un 75% dos que falan só galego aceptarían un locutor televisivo que usase esta variante. Neste mesmo sentido inflúe o grao de uso da gheada cos pais. Mentres só o 31% dos que non usan nunca a gheada responden afirmativamente a esta pregunta, a porcentaxe ascende ata un 76% entre

[21] O lector poderá pensar que este item debería incluírse na compoñente avaliativa máis ca na conductual. Pola nosa parte consideramos que resulta de difícil clasificación, pois, se ben os posicionamentos fronte ao mesmo teñen raíces afectivas, estes afectos están proxectados cara a unha acción (a de evitar a gheada). A decisión de incluílo dentro da compoñente conativa foi adoptada cunha finalidade primordial: a de explorar a relación entre actitude e conducta, é dicir, entre a reacción provocada polo item e os usos específicos da gheada.

[22] Vid. Hopper (1977) e Hopper e Williams (1973) entre outros.

os que a usan sempre. Parece, pois, que a proxección da conducta se volta menos discriminatoria na medida que esta afecta ao endogrupo.

Do mesmo xeito, tal e como se deduce dos gráficos 4 e 5, o aumento do uso habitual do galego e da gheada van aparellados a un crecente rexeitamento da afirmación *As persoas que teñen gheada no seu galego deberían evitar usala*. A diferencia de puntuacións entre monolingües en galego e castelán, por unha banda, e individuos que usan sempre a gheada e que non a usan nunca, pola outra, confirma que, coma no caso dos prexuízos examinados en seccións anteriores, a lingua habitual parece incidir de xeito máis decisivo no nivel de tolerancia amosado ante determinadas conductas lingüísticas, có uso ou non uso da gheada.

Gráfico 4

Medias actitudinais segundo o nivel de uso da gheada

"As persoas que falan con gheada deberían evitar usala"



1 'totalmente de acordo' 2 'bastante de acordo'
3 'bastante en desacordo' 4 'totalmente en desacordo'

Gráfico 5

Medias actitudinais segundo a lingua habitual

"Deberíase evitar falar con gheada"



1 'totalmente de acordo' 2 'bastante de acordo'
3 'bastante en desacordo' 4 'totalmente en desacordo'

A relación manifestada entre lingua habitual e nivel de uso da gheada coas intencións conductuais (referidas a unha hipotética conducta persoal ou á disposición a aceptar ou rexeitar a conducta dos demais) está en consonancia coa incidencia desas dúas variables independentes nas compoñentes avaliativa e cognitiva. Como viamos en páxinas anteriores, as avaliacións amosábanse tanto menos prexuizosas e as percepcións tanto menos estereotipadas canto maior era a presencia do galego e da gheada nas interaccións cotiás dos individuos. Como era esperable, a mingua da forza dos prexuízos e estereotipos lingüísticos sobre a gheada leva aparellada unha disposición conductual menos discriminatoria para con os que a utilizan.

Finalmente, pasaremos a examinar a consistencia afectivo-conativa e cognitivo-conativa das actitudes ata aquí analizadas. Con este propósito cruzamos as variables *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada* e *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura* coa variable *¿Contratarías un locutor con gheada?*. Trátase, no primeiro caso, de indagar na relación entre a compoñente afectiva e a conativa e entre a compoñente cognitiva e conativa, no segundo. Así mesmo, analizaremos a relación entre o valor elixido na variable *debería evitarse a gheada* co grao en que esta se utiliza para falar cos pais. Deste xeito poderemos contrastar as proxeccións afectivas cara á conducta dos demais coa propia conducta.

O primeiro dos cruzamentos aparece recollido na táboa 3. Nela obsérvase a existencia dunha coherencia entre actitude e conducta indiscutible nos dous grupos que manifestan actitudes extremas. De feito, un 72.2% dos respondentes que se amosan totalmente en desacordo con que o galego con gheada sexa máis bruto có galego sen gheada estarían dispostos a contratar un locutor que utilizase esta variante. Soamente un 27.8% afirma ter unha intención conductual negativa. Pola súa banda, case o 79% dos que comparten completamente este prexuízo estético aseguran que se negarían a contratar un locutor que falase con gheada, pero só o 21.2% dos mesmos adoptaría a conducta contraria. Os individuos que elixiron as opcións medias presentan poucas diferencias conductuais entre uns e outros. A considerable diverxencia entre a intención conductual dos grupos actitudinalmente extremos pode estar relacionada co concepto de *esquema bipolar* (Pratkanis 1989), forma en que se denomina un efecto actitudinal polo cal se lembra mellor a información que se avalía nos extremos da escala cá información neutral ou non extrema. Neste caso consideramos posible que, dende o punto de vista da compoñente avaliativa, as valoracións extremas -especialmente cando se trata de prexuízos- incidan máis decisivamente na intención conductual derivada das mesmas cás valoracións moderadas.

Táboa 3. *"¿Contratarías un locutor que falase con gheada?" segundo "O galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada"*

	Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo	Total
si	21.2%	41.5%	40.7%	72.2%	37.7%
non	78.8%	58.5%	59.3%	27.8%	62.3%

Se atendemos agora á distribución porcentual que aparece na táboa 4, veremos que o estereotipo social polo que a gheada funciona socialmente coma un indicio de incultura inflúe con máis forza na intención conductual có prexuízo estético polo que se considera máis 'bruto' o galego con gheada có galego sen gheada. Centrándonos nas reaccións conductuais dos que comparten o estereotipo *a gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura*, sexa total ou parcialmente, temos que catro quintas partes dos mesmos refugarían contratar un locutor que utilizase esta variante fonética. Así mesmo, hai unhas porcentaxes considerablemente elevadas de suxeitos que rexeitando total ou parcialmente este estereotipo amosan unha intención conductual negativa (estas resultan sensiblemente máis altas cás dos que rexeitan

total ou parcialmente o prexuízo *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada*). Este feito resulta explicable se temos en conta que un 69.9% dos que rexeitan o estereotipo 'xente con gheada=inculta' comparten o prexuízo 'gheada=bruta'.

Táboa 4. "*¿Contratarías un locutor que falase con gheada*" segundo "*A gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura*"

	Totalmente de acordo	Bastante de acordo	Bastante en desacordo	Totalmente en desacordo	Total
si	13.3%	14%	36.7%	52.5%	38.3%
non	86.7%	86%	63.3%	47.5%	47.5%

Todo isto nos indica que, para a mocidade obxecto do noso estudio, o galego público, entre o que se atopa o dos medios de comunicación audiovisuais, debe atraer connotacións sociais positivas, tal como a identificación do mesmo con grupos 'cultos', isto é con grupos situados na cúspide da pirámide do estatus social[23], pero tamén connotacións estéticas positivas[24].

Polo que atinxe á relación entre o uso da gheada cos pais e o posicionamento ante o enunciado *As persoas que falan con gheada deberían evitar usala*, dáse un uso individual bastante coherente coa actitude adoptada cara o uso dos demais. Así, temos un 83.5% de suxeitos que están de acordo con que se evite o uso da gheada e non a utilizan nunca ou case nunca para falar cos pais[25]. Cabe salientar, sen embargo, a existencia dun 25.5% de respondentes que amosándose de acordo coa variable *evitar a gheada* a usan sempre ou case sempre no seo familiar. Este grupo de suxeitos, numericamente inferior ao dos que se amosan en desacordo, desexa a desaparición dun dos trazos

[23] Entendemos que o estatus social está determinado por unha serie de factores entre os que figuran non só o poder económico, senón tamén o recoñecemento, prestixio e poder social que confiren, a quen disfruta de tal estatus, certa autoridade sobre os demais.

[24] Hai que ter en conta que as cualificacións estéticas das variedades lingüísticas están intimamente vencelladas á consideración social dos grupos cos que se identifican. Dende este punto de vista, debemos entender que a valoración da gheada como un trazo 'bruto' do idioma galego deriva do desprestixio atribuído historicamente aos seus usuarios.

[25] Neste cruzamento unificamos os valores 'totalmente de acordo' e 'bastante de acordo' por unha banda, e 'totalmente en desacordo' e 'bastante en desacordo' pola outra. Non esquezamos que operamos só con os 188 individuos que puideron responder á pregunta *¿Cos teus pais falas con gheada?*, polo que manter os catro valores iniciais producía a existencia de celas con moi poucos individuos, o que lle restaba fidelidade ao cruzamento.

lingüísticos identificativos do propio grupo, xa que comparte, en parte, as connotacións negativas que este suscita[26].

6. Recapitulación

Das páxinas anteriores podemos deducir a existencia dunha fronteira entre o endogrupo e o exogrupo que parece clara polo posicionamento que adoptan os suxeitos fronte aos prexuízos lingüísticos e os estereotipos sociais vencellados á gheada. A forza coa que se rexeitan os prexuízos estéticos sobre a mesma e a estereotipación dos seus usuarios como falantes de baixo nivel cultural aumenta proporcionalmente ao nivel de familiaridade co fenómeno. Neste sentido pódese establecer unha escala de tres niveis de familiaridade. No primeiro estarían os galegofalantes gheadófonos, membros do endogrupo de pleno dereito, con menos prexuízos cós galegofalantes non gheadófonos. No segundo nivel estarían os galegofalantes non gheadófonos, que se ben forman parte do exogrupo en tanto en canto non utilizan a gheada, pertencen ao endogrupo porque son, na súa maioría, fillos ou netos de galegofalantes gheadófonos, que teñen considerablemente mellores actitudes cós castelanfalantes. Estes, finalmente, situaríanse no terceiro nivel de familiaridade, constitúen o exogrupo en sentido estricto.

A gheada como trazo lingüístico é valorada máis negativamente cós seus usuarios como grupo social e o nivel de familiaridade coa mesma inflúe máis no segundo caso ca no primeiro. Isto significa que as puntuacións intergrupais están máis próximas entre si na variable *A gheada é un fenómeno propio da xente sen cultura* ca nas variables *o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada* e *O galego con gheada é máis bonito có galego sen gheada*. As opinións dos distintos grupos lingüísticos preséntanse máis homoxéneas cando se trata de prexuízos que involucran á propia variedade lingüística ca cando se trata de estereotipos sobre o grupo social co que aquela se identifica, caso no que se efectúa un rexeitamento máis contundente do estereotipo. Este feito debe ser entendido dende unha das dúas alternativas seguintes. Cabe a posibilidade de que a estigmatización da gheada, orixinada historicamente por motivos socioeconómicos, se limite dende un punto de vista sincrónico a niveis lingüísticos, é dicir, o galego con gheada é valorado peor có galego sen gheada sen que os

[26] O 92.3% dos mesmos están totalmente ou parcialmente de acordo con que o galego con gheada é máis bruto có galego sen gheada.

seus usuarios sexan considerados socialmente inferiores. A outra alternativa é que tras esta aparente diminución do prexuízo subxaza o desexo de ofrecer unha imaxe no prexuizosa dun mesmo, a imaxe socialmente aceptada. Por outra banda, mentres os membros do exogrupo que non manteñen ningunha familiaridade coa gheada tenden a sobrexeneralizar trazos negativos vencellados á mesma (gheada = máis bruta) e, nun menor nivel, vencellados aos individuos que utilizan esta variante dialectal (gheadófonos = incultos), os membros do endogrupo, lonxe de esaxerar os atributos positivos da súa variante (gheada = máis bonita), limítanse a rexeitar as valoracións negativas das que participa o exogrupo.

As disposicións conductuais discriminatorias respecto dos galegofalantes gheadófonos están máis xeneralizadas entre os que a consideran indicio de incultura. A maioría dos que rexeitan este estereotipo vencéllana, sen embargo, a calidades estéticas negativas, feito que inflúe para que á súa vez non acepten un individuo gheadófono como locutor de televisión. Isto reflicte que para a poboación investigada o galego dos dominios públicos debe identificarse co estatus, a beleza e a cultura, non ao contrario. Tamén demostra que a través da fala se transmite información social sobre o falante e que, neste aspecto, a gheada resulta ser un input destacado. Esta información pode estar ben ou mal fundamentada, ser ou non sobrexeneralizada, pero, en todo caso, é susceptible de ser utilizada para xustificar accións sociais discriminatorias cara ao exogrupo e, nos casos extremos, cara individuos do propio grupo.

Referencias

Agheyisi, R. e J. Fishman (1970), "Language Attitudes Studies", *Anthropological Linguistics*, Vol. 12 (5), pp. 137-157.

Ajzen, I. e M. Fishbein (1980), *Understanding Attitudes and Predicting Social Behavior*, New Jersey, Prentice Hall.

Allport, G.W. (1935), "Attitudes" en C. Murchinson (ed.), *A Handbook of Social Psychology*, Worcester, MA, Clark University Press, 798-844.

Ammon, U. e N. Dittmar (eds.) (1987), *Sociolinguistics*, Vol. I, Berlín, Walter de Gruyter.

------ (1988), *Sociolinguistics*, Vol. II, Berlín, Walter de Gruyter.

Baker, C. (1992), *Attitudes and Language*, Clevedon, Multilingual Matters.

Bierbach, Ch. (1988), "Les actituds linguístiques", en A. Bastardas e J. Soler (eds.), *Sociolinguística i llengua catalana*, Barcelona, Empuries, 155-183.

Bisquerra Alzina, R. (1989), *Introducción conceptual al análisis multivariable*, Vol. I, Barcelona, PPU.

Caccioppo, J.T. e W.E. Petty (1982), "Language Variables, Attitudes and Persuasion", en E. Ryan e H. Giles (eds.) (1979), pp. 189-207.

Carballo Calero, R. (1968), "Geada", *Grial*, 19, pp. 99-100.

Cooper, R. (coord.) (1974), "Language Attitudes, I", *International Journal of the Sociology of Language*, 3.

------ (1975), "Language Attitudes, II", *International Journal of the Sociology of Language*, 6.

Cooper, R. e J. Fishman (1974), "The Study of Language Attitudes" en R. Cooper (coord.) (1974), pp. 5-19.

Deprez, K. e Y. Persoons (1984), "Attitude" en Ammon, U. e N. Dittmar (eds.), Vol. I, pp. 116-131.

Day, R.R. (1982), "Children's Attitudes toward Language", en E. Ryan e H. Giles (eds.) (1982), pp. 116-131.

Edwards, J.R. (1982), "Language Attitudes and their Implications among English Speakers" en E. Ryan e H. Giles (eds.) (1982), pp. 20-33.

Eiser, J.R. (1990), *Social Judgement*, Buckingham, Open University Press.

Fernández Rei, F. (1981), "Gheada", *Gran Enciclopedia Galega*, 16, pp. 21-23.

------ (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.

Festinger, L. (1957), *A Theory of Cognitive Dissonance*, Stanford University Press.

Fishbein, M. (ed.) (1967), *Readings in Attitude Theory and Measurement*, Nova York, John Wiley & Sons, Inc.

Giles, H. e R. Bourhis (1975), "Linguistic Assimilation: West Indians in Cardiff", *Language Sciencies*, 38, pp. 9-12.

Hopper, R. (1977), "Language Attitudes in the Job Interview", *Communication Monographs*, 44, 346-351.

Hopper, R. e F. Williams (1973), "Speech Characteristics and Employability", *Speech Monographs*, 46, 296-302.

Huici, C. e M. Moya (1994), "Procesos de inferencia y estereotipos" en J.F. Morales, M. Moya, E. Rebolloso et al., *Psicología Social*, Madrid, McGraw-Hill.

Katz, D. (1967), "The Functional Approach of Attitude Study", en M. Fishbein (ed.), *Readings in Attitude Theory and Measure-*

ment, Nova York, pp. 457-468. Utilizamos a traducción de J. Torregrosa e E. Crespo (eds.) (1984), *Estudios básicos de psicología social*, Barcelona, Hora, pp. 185-191.

Knops, U. e R. Van Hout (1988), "Language Attitudes in the Dutch Language Area: An Introduction" en R. Van Hout e U. Knops (eds.) (1988), pp. 1-23.

Knops, U. (1988), "Attitudes towards Regional Variation in Dutch Pronunciation" en R. Van Hout e U. Knops (eds.) (1988), pp. 105-120.

LaPiere, R.T. (1934), "Attitudes versus Actions", *Social Forces*, 14, 230-237.

Maas, A. e L. Arcuri (1992), "The Role of Language in the Persistence of Stereotypes" en G. Semmin e K. Fiedler (eds.) (1992), pp. 129-143.

Mouriño Cajide, X. (1984), *A gheada galega. Estado actual da cuestión*, Memoria de Licenciatura, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.

Mayor, J. e J.L. Pinillos (1989), *Tratado de psicología general. Creencias, actitudes y valores*, Madrid, Alhambra.

Pensado, J.L e C. Pensado Ruiz (1983), *"Gueada" y "Geada" gallegas*, Anexo 21 de *Verba*, Universidade de Santiago.

Pratkanis, A. R. (1989), "The Cognitive Representation of Attitudes", en S. R. Pratkanis, S. J. Breckler e A. G. Greenwald (eds.), *Attitude Structure and Function*, Hillsdale, L. Erlbaum, pp. 71-98.

Quastoff, U. (1987), "Linguistic Prejudice/Stereotypes" en U. Ammon e N. Dittmar (eds.) (1987), Vol. I, pp. 785-799.

Rojo, G. (1981), "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *Revista española de lingüística*, 11 (2), pp. 269-310.

Ryan, E. e H. Giles (eds.) (1982), *Attitudes towards Language Variation*, Londres, Edward Arnold.

Ryan, E., H. Giles, et al. (1988), "The Measurement of Language Attitudes" en U. Ammon e N. Dittmar (eds.) (1988), Vol. II, pp. 1068-1081.

Runyon, R.P. e A. Haber (1984), *Estadística para las ciencias sociales*, México, Addison-Wesley, 1987.

Santamarina, A. (1980), "Novas consideracións sobre as orixes da gheada", *Verba*, 7, pp. 243-249.

Schroten, J. (1980), "Interpretación de la gheada gallega", *Verba*, 7, 209-221.

Semin, G. e K. Fiedler (eds.) (1992), *Language Interaction and Social Cognition*, Londres, Sage Publications.

Shuy, R.W. e R.W. Fasold (eds.) (1973), *Language Attitudes: Current Trends and Prospects*, Washington, Georgetown, University Press.

St Clair, R.N. (1982), "From Social History to Language Attitudes" en Ryan, E. e H. Giles (eds.) (1982), pp. 164-174.

Sousa Fernández, X.C. (1990), " 'Galician G". Un artigo esquecido de E.H. Tuttle", *Cadernos de lingua*, 1, pp. 161-163.

Van Hout, R. e U. Knops (eds.) (1988), *Language Attitudes in the Dutch Language Area*, Dochrecht, Foris Publications.

Williams, F. (1973), "Some Research Notes on Dialect Attitudes and Stereotypes" en R. Fasold (ed.) (1973), pp. 354-369.

Woolard, K. e T. Gahng (1990), "Changing Language Policies and Attitudes in Autonomous Catalonia", *Language in Society*, 19, pp. 311-330.

CONSIDERACIÓNS VERBO DO USO DOS DEMOSTRATIVOS NO GALEGO

Mª XOSÉ RODRÍGUEZ VALCÁRCEL

1. Introducción

O obxectivo do presente traballo é estudiar algúns aspectos, no ámbito da morfosintaxe, sobre o funcionamento do sistema dos demostrativos e das construccións prepositivas nas que estes aparecen no galego moderno. Concretamente, analizarémo-la sistematicidade formal e maila combinatoria que presenta esta clase de palabras nos textos, independentemente da súa función ben como determinante, ben como núcleo, dunha frase nominal.

Os demostrativos no galego constitúen, coma no resto das linguas románicas, un sistema pechado. A nivel dialectal non rexistramos un paradigma único senón que cómpre diferenciar determinadas variantes ó longo do territorio lingüístico. En todas elas, as formas de demostrativo constan de lexema e morfemas de xénero e número, e poden presentar asemade hipercaracterización no lexema nalgún dos compoñentes do paradigma.

Para observa-lo funcionamento do sistema dos demostrativos no galego moderno escollemos dez textos dialectais correspondentes ós Ancares, Galego exterior, Feás, Goián, A Terra Chá, Viana do Bolo, Negueira de Muñiz, Verín, Zolle e Oscos, e mais cinco obras literarias de autores do século XX, concretamente, *Os dous de sempre* de Castelao, *O incerto señor don Hamlet* e *Merlín e familia i outras historias* de Cunqueiro e *Percival e outras historias* e *Arnoia, Arnoia* de Méndez Ferrín[1].

2. Paradigmas dos demostrativos no galego

[1] A referencia completa de todas estas obras figura na bibliografía final. Indicamos tamén aí o título abreviado polo que citarémo-los exemplos.

Para o estándar escrito galego (Cfr. Álvarez et alii: 1986, 207) escolléronse, de tódalas formas posibles, as seguintes:

este(s)	ese(s)	aquel(es)
esta(s)	esa(s)	aquela(s)
isto (esto)	iso (eso)	aquilo (aquelo)

Dialectalmente localízanse outra serie de sistemas (Cfr. Fernández Rei: 1990, 69-73):

A) *este esta esto,* maioritario no territorio.

B) *iste esta esto,* que aparece na maior parte de Ourense e no Sur de Lugo.

C) *este esta isto,* que se rexistra no extremo nordeste da Coruña e centro e sur de Pontevedra.

D) *este esta isto,* que se documenta nalgúns puntos do Baixo Miño e do Condado.

E) *iste ista esto* que abrangue parte do sur de Lugo.

F) *iste esta isto* que aparece en Lobios.

G) *iste ista isto* rexistrado en Viana do Bolo.

Para o plural dos demostrativos masculinos podemos atopar, amais das formas recollidas no estándar, as correspondentes etimolóxicas, *estos esos aquelos,* no galego oriental e na área fisterrá. O resto das aparicións, relativamente frecuentes no galego moderno, trátanse dun castelanismo morfolóxico.

Se analizámo-lo paradigma de demostrativos que aparece nos diferentes textos examinados, achamos unha primeira diverxencia entre os textos dialectais e os literarios, dado que nos primeiros, exceptuando algúns casos problemáticos como o plural das formas de masculino, aparece sempre un sistema claro, mentres que nos segundos adoita haber unha mestura de diferentes paradigmas, sobre todo en Cunqueiro e Méndez Ferrín. Examinando cada un individualmente, atopámo-los seguintes resultados:

2.1. Os textos literarios

Cunqueiro:

Merlín.

O paradigma maioritario é o seguinte[2].

[2] O díxito que aparece xunto á forma remite ó número de ocorrencias da forma simple, non soldada con preposición ningunha. Aínda que pode resultar pesado enumeralo en tódolos exemplos, parécenos pertinente porque nalgúns casos resulta difícil establece-la forma maioritaria. Nos exemplos nos que sexa necesario botaremos

iste (38)	ise (10)	aquel (44)
istes (8)	ises (12)	aqueles (3)
ista (29)	isa (4)	aquela (37)
istas (9)	*isas	aquelas (4)
isto (16)	iso (5)	aquelo (4)

Así a todo, tamén aparecen as formas *este* (2), *esta* (1), *esa* (1), *aquil* (2), *istos* (1), *eso* (4).

Hamlet.
O paradigma maioritario é o seguinte:

iste (13)	ise (16)	(n)aquil (4)
*istes	ises (2)	*aquiles
ista (11)	isa (6)	aquila (1)
istas (5)	isas (4)	*aquilas
isto (7)	iso (15)	aquelo (3)

Con todo, esas formas alternan, e mesmo son minoritarias, con *este, ese* e *esta* con cadanseu exemplo e *aquel* e *aquela* con dous. No neutro aparecen asemade *esto* (2) e *eso* (1).

-Ferrín.

Arnoia.
O paradigma rexistrado é o seguinte:

este (6)	ese (2)	aquel (10)
*estes	*eses	aqueles (4)
esta (6)	esa (1)	aquela (13)
estas (1)	esas (1)	aquelas (3)
isto (3)	iso (2)	aquelo (2)

As formas anteriores alternan con *iste* (5), *ise* (2), *aquil* (4), *ista* (1) e *aquilo* (1). De contemplármo-las formas soldadas con preposición, estas engaden novos membros por canto rexistramos *distes* (1) e *deses* (1).

man para establece-lo sistema das formas unidas a preposición. De non rexistrarmos algún dos membros do paradigma e, no caso de que estes se desprendan do conxunto, colocarémo-lo elemento suposto precedido dun asterisco.

Percival.

Atopamos un paradigma relativamente fixado e só se detectan alternancias na terceira persoa:

iste (13)	ise (2)	aquil (14)
ista (17)	isa (4)	aquela (8)/aquila (2)
istes (1)	*ises	*aquiles
*istas	isas (2)	aquelas (2)
isto (8)	iso (8)	aquilo (1)/aquelo (1)

-Castelao

Os Dous de sempre.

Aparece un paradigma claramente definido, salvo a alternancia na forma de plural entre *eses* (3)/ *esos* (1):

este (7)	ese (9)	aquel (15)
estes (3)	eses (3)	aqueles (7)
esta (12)	esa (4)	aquela (14)
estas (3)	esas (6)	*aquelas
esto (1)	eso (6)	aquelo (1)

Do observado nos textos literarios podemos concluír que, coa excepción da novela de Castelao que si se cingue a un dos paradigmas do galego oral, concretamente ó que se perfila como maioritario (Cfr. Fernández Rei: 1990, 69-73), e que a única forma discordante semella un castelanismo morfolóxico do autor, o resto dos textos reflicten un sistema pouco coherente con diferentes formas para o mesmo xénero, número e persoa e, amais, ningún deles se corresponde exactamente cos rexistrados na fala.

Os textos dialectais

GOIÁN

Presenta un sistema totalmente coherente:

este (11)	ese (17)	aquel (16)
estes (3)	eses (5)	aqueles (14)
*esta	esa (5)	aquiala (12)
estas (1)	esas (5)	aquialas (11)
isto (11)	iso (41)	aquilo (77)

As formas soldadas con preposición non engaden novos membros e unicamente reafirman a existencia da forma *esta* pola pre-

sencia de *desta* (1). Cómpre salienta-la aparición das formas *aquela* (5) e *aquelas* (2). Os demostrativos femininos plurais, elementos estraños ó resto do territorio, son perfectamente explicables polas frecuentes ditongacións da lingua da zona.

A TERRA CHÁ

O sistema que aparece é coherente salvo as formas *iso* (2) e *destos* (2) *desos* (2):

este (13)	ese (31)	aquel (23)
estes (1)	eses (5)	aqueles (6)
esta (25)	esa (22)	aquela (13)
estas (2)	esas (8)	aquelas (3)
esto (7)	eso (55)	aquelo (19)

VERÍN

O sistema rexistrado é o seguinte:

este (3)	ese (5)	aquel (7)
esta (3)	*esa	aquela (4)
estes (1)	eses (2)	aqueles (5)
estas (2)	*esas	aquelas (1)
esto (3)	eso (8)	aquelo (3)

Como se desprende do cadro anterior, nos textos que examinamos rexístrase o paradigma maioritario do galego e non algún dos específicos da zona ourensá.

NEGUEIRA

Neste caso a escaseza dos nosos datos non nos permite establecer un sistema perfectamente definido en tódolos seus membros. Así a todo, o paradigma que podemos reconstruír é o seguinte:

este (2)	ese (8)	aquel (3)
*estos	*esos	aquelos (3)
esta (3)	*esa	aquela (7)
*estas	*esas	*aquelas
esto (4)	eso (6)	*aquelo

Rexistramos tamén unha forma *naqueles* que compite con *aquelos* e non documentámo-la forma neutra de terceira persoa indicada pero si, pola contra, o castelanismo ou dialectalismo *aquello* (2).

OSCOS

O paradigma é o seguinte:

este (1)	ese (2)	aquel (3)
*esta	esa (1)	aquela (5)
*estas	esas (1)	aquelas (3)
*estos	esos (4)	aquelos (1)
esto (1)	eso (1)	aquelo (2)

FEAS

Aparece un sistema claro salvo no plural das formas masculinas.

este (8)	ese (7)	aquel (3)
estes (1)/estos (2)	eses (3)	aqueles (1)
esta (5)	*esa	aquela (1)
*estas	*esas	*aquelas
esto (9)	eso (8)	aquelo (7)

GALEGO EXTERIOR

Rexístrase un paradigma coherente salvo no plural das formas de masculino:

este (4)	ese (12)	aquel (1)
estos (2)	eses (5)/esos (3)	aqueles (1)
esta (2)	esa (9)	aquela (1)
estas (1)	esas (7)	*aquelas
esto (9)	eso (19)	*aquelo

Aparecen, amais, con respecto ós plurais masculinos as formas *desos* (3) *deses* (2) *neses* (1).

ANCARES

Temos un sistema claramente fixado, coa excepción da forma *isa* que compite con *esa*.

este (4)	ese (4)	aquel (8)
estos (2)	esos (2)	*aquelos
esta (2)	esa (1)/isa (1)	aquela (3)
*estas	esas (1)	aquelas (5)
*esto	eso (13)	*aquelo

VIANA

Documéntase un paradigma ben definido salvo a alternancia entre *eses* (3) *esos* (1):

este (26)	ese (17)	aquel (14)
esta (27)	esa (19)	aquela (22)
estes (7)	eses (3)/esos (1)	aqueles (11)
estas (11)	esas (5)	aquelas (10)
esto (18)	eso (139)	aquelo (17)

Neste caso rexistrámo-lo sistema maioritario en galego e non o que está descrito para a zona de Viana.

ZOLLE (GUNTÍN)

Presenta un paradigma totalmente uniforme:

este (86)	ese (64)	aquel (14)
esta (93)	esa (57)	aquela (14)
estes (36)	eses (22)	aqueles (4)
estas (45)	esas (4)	aquelas (4)
esto (144)	eso (286)	aquelo (11)

Como se desprende das enumeracións anteriores, en galego segue funcionando na clase dos demostrativos un paradigma de tres membros, e isto é un trazo de conservadorismo do noso idioma dentro da Romania. Badía Margarit (1952, 3) afirma que a Península Ibérica, xunto con Sicilia e o Sur de Italia, é o único complexo lingüístico que conserva unha tripla oposición. O que si presenta claramente este autor é que na Península Ibérica, cando menos nos casos do español e do catalán que son as linguas nas que el se centra, non se pode seguir sostendo a existencia dun sistema tripartito na lingua falada, malia a que os diferentes estudios normativos de ámbolos idiomas o sigan presentando así. Unicamente escaparía a esta tendencia, dentro do dominio catalán, o valenciano que aínda mantén unha tripla oposición.

Evanildo Bechara (1974, 320) suxire que este mesmo proceso de conversión nun sistema bimembre se está a producir no portugués do Brasil.

En galego moderno, á vista dos textos consultados, semella que segue funcionando o sistema trimembre, pero de tódolos xeitos, habería que analizar máis polo miúdo este problema nos diferentes textos conxugando o aspecto formal con todos aqueles valores ou acepcións semánticas pertinentes.

3. Función dos demostrativos

Cando se trata o tema dos demostrativos, sempre se establece unha primeira diferencia fundamental entre as formas do neutro que só pode funcionar como núcleo da frase nominal, e as series de masculino e feminino, que presentan a dupla posibilidade de actuar como núcleo ou como determinante nesa estructura sintáctica. Nos textos examinados observamos que, malia a que esta afirmación se axusta á realidade neles reflectida, o nivel de uso nunha ou outra función difire dabondo nos textos dialectais e nos textos literarios. Así, dos 566 demostrativos masculinos e femininos rexistrados nos textos literarios funcionan como núcleo unicamente 103 (o 18%), en tanto que o fan como determinantes 463, que supoñen o 72% do total.

Nos textos dialectais a situación é parcialmente diferente, xa que de 1344 demostrativos, 490 desempeñan a función nuclear e 844 a de determinación, isto é, o 36% fronte ó 64%.

Mención especial merece neste caso a obra de Laureano Prieto, *Contos Vianeses* porque nela a porcentaxe de uso como núcleo ou como determinante aproxímase máis á situación dos textos literarios ca á dos dialectais (176 actúan como determinantes fronte a 32 que o fan como pronomes).

Do anterior dedúcese que o uso como determinante é o preferido nun discurso elaborado, mentres que nun acto comunicativo informal é maior o número de casos nos que o demostrativo funciona independentemente[3].

As formas de neutro poden aparecer, evidentemente, nos textos dialectais e nos literarios pero a frecuencia de uso, como acontecía no caso anterior, é diferente. Así, observamos que nos textos literarios, dun total de 633 demostrativos, son neutros o 14% en tanto que nos dialectais, dun total de 2247 o son o 45%. A causa debe ser idéntica á da maior aparición de pronomes, o neutro serve para retoma-la

[3] Esta situación é perfectamente explicable se temos en conta que emisor e receptor comparten, coñecen e refírense (no seu caso), neste discurso informal, ó mesmo contexto extralingüístico.

narración e entra nun bo número de frases feitas que se insiren con maior frecuencia no discurso falado ca no literario.

4. Posición do determinante na frase nominal

Na maior parte dos casos o demostrativo precede ó núcleo da frase nominal na que está integrado e é o único determinante. De tódolos xeitos, nalgúns casos adopta a posposición e neles a secuencia vai precedida obrigatoriamente do artigo determinado, coa excepción dalgunhas estructuras exclamativas.

Nos textos literarios, de tódolos determinantes que se rexistran, só aparecen pospostos o 3%[4]:

> "e dóulla o señor Merlín a culleradas ao animaliño *aquel,* i eu" (Merlín, 28)
>
> "¡Qué aspeito de espiléitico tén o machiño *iste*! (Percival, 62)
>
> "rememorándoa e resoñándoa a traxedia *aquela*" (Hamlet, 43)

Nos textos dialectais segue sendo maioritaria a secuencia de demostrativo anteposto e único, pero, con todo, aumenta ata un 8% o índice de formas pospostas. Os textos nos que se rexistran demostrativos pospostos son os pertencentes a Goián, Terra Cha, Negueira, Feás, Galego exterior, Ancares, Viana e Zolle. Tódolos membros do paradigma son susceptibles de apareceren nesta posición á luz dos exemplos rexistrados:

> "púñanse os portuheses eses cas dúas mulleres *aquialas* que xa iaran biellotas" (Goián, 58)
>
> "estaba toda a parte *esa* de Villalba por donde viñeche" (Terra Cha)
>
> "Ai, Xaquín, que modos *eses.* É mellor casars'axiña" (Terra Cha)
>
> "Ié dixéronme que tían ún tamén na casa *aquela*" (Negueira, 54)
>
> "o ubre arrumbaba máis que o tarambelo *este*" (Feás, 31)
>
> "pero mira que se me pasou a min o día *ese*" (Exterior, 32)
>
> "chamámoslle nosoutros cuando sa'in os chipros *estos* do castañeiro" (Ancares, 54)
>
> "eu non sei que me acurrirá co lagarto *ese* que osté dice" (Viana, 93)

---

[4] Unicamente rexistramos este tipo de secuencias nas dúas obras de Cunqueiro examinadas e no *Percival.*

"pero elí no campamento *aquel* d'Otero dunha bez tubemos un combite" (Zolle, 35)

5. Combinatoria do demostrativo na FN

Tanto os textos literarios coma os dialectais adoitan presentar estructuras frásticas pouco complexas polo que respecta á combinatoria do demostrativo con outros determinantes. De tódalas secuencias rexistradas nas que esta clase de palabras funciona como determinante, só o 7% dos textos literarios e o 5% dos dialectais presentan outro ou outros determinantes.

As posibilidades combinatorias rexistradas son as seguintes:

a) Textos literarios.

-Demostrativo + Posesivo + NÚCLEO:

"e parecía que me espertaba os parágrafos con *aquel* seu mirar que en min pousaba" (Merlín, 108)

"até deixalos máis secos que a madeira de que está feito *este* meu arco" (Arnoia, 90)

-Demostrativo + NÚCLEO + Posesivo:

"*Iste* rizo de meu" (Hamlet, 68)

"Pois si..., *aquila* criada miña" (Percival, 47)

-Cuantificador todo + Demostrativo + NÚCLEO:

"eu miro fita tras fita, conto tras conto, e cos meus propios ollos miro pasar toda *aquela* troupada" (Merlín, 10)

"Toda *esta* illa, chamada YS, está morta" (Arnoia, 77)

-Cuantificador *todo* + Artigo + NÚCLEO + Demostrativo:

"Toda a ribeira *aquela* é unha pomarada" (Merlín, 119)

-Demostrativo + Cuantificador *mesmo* + NÚCLEO:

"lembrei que *aquela* mesma mañá de primavera eu cumpría os dazasete anos" (Arnoia, 54)

"*Aquil* mesmo día era sábado" (Dous, 36)

-Demostrativo + Cuantificador *outro* + NÚCLEO:

"fixate agora *niste* outro tenario" (Percival, 84)

-Demostrativo + Numeral cardinal + NÚCLEO:

"non contaba con máis compañeiros que un canciño e *aqueles* dous libros que para el non tiñan remate" (Dous, 60)

"*Estes* dous catadores de ilusións emprenderon camiño adiante" (Dous, 44)

-Demostrativo + Posesivo + Numeral ordinal + NÚCLEO:

"Eu quero adicarvos *esta* miña primeira novela" (Dous, 3)

b) Textos dialectais.

-Artigo + Numeral + NÚCLEO + Demostrativo:

"cas dúas mulleres *aquialas*" (Goián, 210)

-Cuantificador *todo* + Demostrativo + NÚCLEO:

"Pasaron todos *aqueles* anos asta que chehou a herra" (Goián, 203)

"Todo *ese* terreno conocino eu" (Terra Cha)

"conque estuviera servindo todo *aquel* tempo" (Viana, 108)

"pa claba-los zocos e tod'*esas* cousas" (Zolle, 123)

-Demostrativo + NÚCLEO + Cuantificador *todo*:

"transcurriron *aqueles* anos todos do binte ó trinta" (Goián, 203)

"ben vestida, con roupa de luho, *esas* cousas todas" (Exterior, 191)

-Cuantificador *todo* + Artigo + NÚCLEO + Demostrativo:

"toda a parte *esa* de Villalba por donde viñeche" (Terra Cha)

-Demostrativo + NÚCLEO + Posesivo:

"ó chegare ó Rañadoiro viron *aqueles* carneiros nosos" (Verín, 214)

-Demostrativo + Cuantificador *mesmo* + NÚCLEO:

"que nun ye quiría quitálo. *Aquél* mismo día que fose belo" (Oscos, 508)

"*esta* misma rea é igual" (Zolle, 185)

-Demostrativo + Numeral cardinal + NÚCLEO:

"¡*Esos* dous piratas! (Oscos, 518)

"e logo *eses* cuatr'andividuos eran relevados" (Exterior, 196)

"se puxera *aqueles* dous ovos de choco darían duas polas" (Viana, 112)

"*esas* seis partes pois é o que dá pa poñerll'os testos" (Zolle, 205)

-Demostrativo + Cuantificador *cantos* + NÚCLEO:

"si cunde l'ejemplo *destos* cuantos vecius chegar a facers'en cada pueblo" (Exterior, 187)

-Demostrativo + Cuantificador *outro* + NÚCLEO:

"eu teño máis dereito a casarme cu'ese home ca tén *esa outra* moza" (Viana, 65)

"agora meta vuestra Majestá a mau *neste outro* bulso" (Viana, 133)

-Cuantificador *todo* + Demostrativo + Numeral + NÚCLEO:

"Tod'*esas* catro materéas mezcladas" (Zolle, 152)

-Numeral ordinal + NÚCLEO + Demostrativo:

"fai un trozo de madeira sobre a sesta part'*esa* que se " (Zolle, 205)

-Demostrativo + NÚCLEO + Cuantificador *mesmo*

"*ese* cura mismo" (Zolle, 170)

Nalgúns casos o demostrativo aparece determinando a un nome propio de persoa. Isto é relativamente máis habitual nos textos literarios, nos que representa o 3% dos exemplos, ca nos dialectais cun índice de aparición do 1%. Destaca Cunqueiro con trece exemplos no *Merlín,* dos quince que aparecen na totalidade dos textos literarios. Nos dialectais, de doce exemplos, cinco pertencen a Goián, catro á Terra Cha, e un a Feás, Viana e Zolle.

6. Usos adverbiais das formas de demostrativo

6.1. Daquela

Esta forma aglutina tres valores lingüísticos diferentes: a contracción da preposición *de* mailo artigo feminino de terceira persoa, un adverbio de tempo e unha conxunción (Cfr. Álvarez et alii: 1986, 212).

Nos textos literarios localízanse trinta e tres exemplos desta forma, en dez casos funciona como determinante (o 30%) e en vintedous como adverbio (67%). Amais, rexistramos un exemplo en *Percival* no que actúa como conxunción:

> "Iso non se fai. Mira... o tema non me enchía. -*Daquela* fixeches ben! (Percival, 82)

Na mesma obra, achamos unha ocorrencia de *naquela* con función adverbial:

> "*Naquela,* a femia farta de pracer arrodeóu coas súas pinzas o pescozo do noivo" (Percival, 85)

Nos textos dialectais, dos 73 exemplos atopados, só en tres casos a forma *daquela* integra unha frase preposicional (4%) en tanto que os noventa e seis restantes (96%) son adverbios.

En dous exemplos, rexistrados en Zolle, a forma de adverbio é *daquelas*:

> "un cimbrón porque *daquelas* non había motosierras" (Zolle, 124)

> "*daquelas* cobrábamos por par" (Zolle, 125)

A aparición deste fonema fricativo apicoalveolar xordo é paralela á presencia no galego da alternancia entre formas do tipo *onte/ontes.* Estas variantes rexístranse no Nordés da Coruña e Norte de Lugo (Cfr. Fernández Rei: 1990, 103).

6.2. Outros

Non atopamos ningún exemplo nas obras de Cunqueiro e Méndez Ferrín no que a contracción da preposición *en* máis o demostrativo neutro funcione como adverbio. En Castelao, pola contra, localizamos oito exemplos nos que a forma *nesto* posúe este valor:

> "Vin dando unha volta e colleume a noite. *Nesto* pasou outro automóbil" (Dous, 175)

> "a Manoel deixouno escoado, sen forzas para baixar. *Nesto* sinteu que o chamaban" (Dous, 216)

Nos textos dialectais, este uso é relativamente frecuente e eleva o número de aparicións a quince:

> "e tiña unha barca, pra pasar pasaxeiros. Pero *nesto* acercasell'o raposo" (A Terra Cha)

> "o pai e a nai eran a ovella e o cabrón, e os fillos os cabritos. E *nesto* chegaron pola porta" (Verín, 188)

> "xa lle quedaron alí dúas uñas. E *nesto* emprendemos con Roberto" (Feás, 156)

> "empezou a soplar cos foles pra apurar o lume porque tiña muta fame. *Nesto* oiu decir no canizo" (79)

Tamén outras preposicións antecedendo o demostrativo neutro dan lugar a construccións con valor adverbial que nalgúns casos poden posibilitar tamén unha lectura consecutiva:

> *-A esto*

> "Pero, *a esto* saléu o amo da casa" (Feás, 154)

> *-Cuesto*

> "Deixame saca-la man pra marchar e deixote quedar. E *cu'esto* marchou o demo" (Viana, 56)

> *-Cueso*

> "Xuntáronse as avésporas e as abellas e as moscas e os mosquitos, contra o lobo, e a zorra, o oso e o gato e eses bichos do monte; e *cueso* o lobo, a zorra e eles tuveron unha reunión" (Verín, 190)

> *-Cuiso*

> "Pensando que en Madriz ataban os cais con lengüizas. E *cu'iso* pediulle on veciño cinco pesos prestados" (Viana, 107)

7. O demostrativo como substantivo

Álvarez et alii (1986) afirman "*Aquel, aquela* úsanse como substantivos con significado non definido, cando non se quere ou non se pode utiliza-lo substantivo que a lingua habilita para denotar un concepto ou obxecto".

Nos textos analizados podemos observar como este valor aparece esporadicamente en textos literarios pero non nos dialectais[5].

[5] Sen embargo, existen datos que demostran que este valor si se documenta abundantemente noutras zonas de Galicia.

Nestes últimos, dos 111 exemplos de *aquel* e 85 de *aquela* só aparece un substantivo:

> "Pero xa lle falou con algunha *aquela,* pra escapar se vía que iban cara el" (Viana, 158).

Nos textos literarios, aparecen seis usos como substantivo, todos da forma de masculino, cinco no *Merlín* e un en Castelao:

> "e cando se achegaba unha vítima collíanlle os beizos, un *aquel* de ledicia" (Castelao, 50)

> "Eu, meu señor Leonís, ben che emprestara o camiño, pro co *aquel* de estar no canuto de ferro no sobrafo enferruxóu" (Merlín, 5).

8. Contraccións

As preposicións *de* e *en* contraen coas formas do demostrativo. Esta contracción aparece maioritariamente representada na escrita, pero analizando as obras literarias, rexistramos formas non soldadas nas seguintes obras:

-*Merlín: en isto* (2) alterna con *nisto* (2)

-*Arnoia: de aquel* (1) *de aquela* (2) *de aquelas* (1) *de aqueles* (1) fronte a *de aquel* (1) *daquela* (10) e *daqueles* (1)

-*Percival: de aquil* (2) *de aquela* (2) *de ista* (1) que alternan con *daquela* (5) e *dista* (4)

Nas dúas obras de Méndez Ferrín, a aparición da forma contraída ou non contraída co demostrativo *aquela* pode ter unha funcionalidade diferenciadora. Na *Arnoia daquela* compórtase como un adverbio, e *aquela,* na forma non soldada, como determinante. No *Percival* os cinco exemplos de *daquela* sitúanse no ámbito adverbial ou conxunto e *'(de) aquela'* é sempre determinante.

Nos textos dialectais documéntase maioritariamente a contracción, rexistrándose moi poucos exemplos do contrario[6] e disto podemos deducir que, a pesar de que a literatura presenta vacilacións, estas non se detectan no discurso oral.

Nos textos dialectais do noso corpus que pertencen ó galego oriental e ourensán, a preposición *con* tamén contrae coas formas de demostrativo, do mesmo xeito que acontece co pronome persoal de terceira persoa, e así rexistrámo-los seguintes exemplos:

-Verín: *cuesto* (1) *cuesto* (6)

---

[6] De feito, das trinta e catro formas atopadas de non contracción, trinta e dúas pertencen ós *Contos Vianeses.*

-Ancares: *coeso* (1)

-Viana: *cu'ese* (1) *cu'esto* (7) *cu'eso* (100) *cu'iso* (1)

Con respecto á aparición de formas soldadas co cuantificador *outro* debemos indicar que non ten un índice de aparición moi alto, sobre todo nos textos literarios[7], onde só achamos un exemplo no *Hamlet* de Cunqueiro:

> "¡Pantalone fai esto, Colombiña responde *estoutro*!" (Hamlet, 84)

Nos textos dialectais, atopamos exemplos na Terra Cha, Feás, Viana e Zolle:

> "s'aljunha sabía qu'andaba ben outra *aqueloutra* xa non me quería ben" (A Terra Cha)

> "fixome alí uns gestos, que xa estaba enterado de tal, e preguntóume por aquelo e por *aqueloutro*" (Feás, 9)

> "o fillo díxolle: Agora a ver se é capaz de face-lo mesmo cu' *aqueloutro* máis groso" (Viana, 79)

> "s'ei facer esto nin s'ei facer *aqueloutro*" (Zolle, 24).

9. Conclusións

De todo o exposto anteriormente podemos extraer algunhas conclusións que semellan evidenciar un uso lixeiramente diferente do paradigma dos demostrativos nos textos dialectais e nos literarios. Nos primeiros aparece sempre un sistema único e coherente e unicamente os plurais das formas de masculino, por veces presentan os castelanismos morfolóxicos *estos, esos, aquelos* como formas diverxentes. Pola contra, nas obras literarias examinadas, coa excepción da novela de Castelao, non achamos un paradigma coherente e ás veces resulta difícil establecer cales son as formas maioritarias.

En canto á función preferida polos demostrativos, estes actúan nos textos dialectais fundamentalmente como pronomes, en tanto que nos literarios o uso predilecto é o de determinante do núcleo da frase nominal. En conexión con isto, debemos indicar que as formas de neutro, que evidentemente só son susceptibles de uso independente, aparecen con maior frecuencia nos textos dialectais ca nos literarios.

A posición predilecta do demostrativo dentro da frase nominal é a de anteposición ó núcleo da mesma, a posposición resulta moi minoritaria pero, así a todo, dáse con maior frecuencia nos textos

[7] Cómpre destacar que esta aglutinación se evita no portugués estándar contemporáneo (Cfr. Cunha-Cintra, 1984[2], 336).

dialectais ca nos literarios. Tamén debemos incidir en que o demostrativo amosa preferencia por aparecer como único determinante. Combina coas series dos posesivos, cuantificadores e numerais, antecedendo o núcleo e, en principio semella que nas frases nominais que contan con determinantes demostrativos, o número maior de formas antepostas ó núcleo é de tres.

A forma *daquela* con valor adverbial presenta unha total vitalidade no galego moderno. Non acontece o mesmo co seu uso con significación consecutiva. Así e todo, a súa utilización como elemento soldado con significación temporal é maior nos textos dialectais ca nos literarios. Esporadicamente rexistramos dúas variantes desta forma: *daquelas* e *naquela.*

Na gramática do galego establécese que as formas de demostrativo poden estar gramaticalizadas como substantivos. Os textos por nós analizados reflicten un uso moi minoritario desta posibilidade.

Aparece maioritariamente representada a contracción das preposicións *de* e *en* coas formas de demostrativos pero tamén en textos de certas zonas rexistrámo-la contracción coa preposición *con.* Por último, as formas soldadas co cuantificador *outro* teñen unha escasa implantación nos textos examinados, sobre todo nos literarios.

Bibliografía

1. Textos espoliados

Alonso, D. (1969), "Narraciones orales gallego-asturianas de Oscos" en *Obras Completas,* volume 1, pp. 495-521, Madrid, Gredos. (Oscos).

Couceiro, J. L. (1976), *El habla de Feás.* Anexo 5 de *Verba,* Universidade de Santiago. (Feás).

Cunqueiro, A. (1968), *Merlín e familia i outras historias.* Vigo, Galaxia. (Merlín).

—— (1984), *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca.* Vigo, Galaxia. (Hamlet).

Fernández González, J. R. (1978), *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y cosas".* Anexo 10 de *Verba,* Universidade de Santiago. (Ancares).

Fernández Rei, F. (1985), "Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística" en *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes,* Madrid, Gredos, pp. 185-196. (Exterior).

Méndez Ferrín, X. L. (1983[3]), *Percival e outras historias.* Vigo, Galaxia. (Percival).
—— (1985), *Arnoia, Arnoia.* Vigo, Galaxia. (Arnoia).
Pousa Ortega, H. (1987), *A fala de Goián. Estudio descritivo.* Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago. (Goián).
Prieto, L. (1958), *Contos vianeses.* Vigo, Galaxia. (Viana).
Regueira Fernández, X. L. (1986), *A fala do norte da Terra Cha.* Tese de doutoramento, Santiago de Compostela. (A Terra Cha).
Rodríguez Castelao, A. D. (1934), *Os dous de sempre.* Santiago, Nós. (Dous).
Santamarina Fernández, A. (1975), "Textos e noticias da fala de Negueira (Lugo)" en *Verba,* volume 2 (1975), pp. 313-322. (Negueira).
Taboada, M. (1976), *El habla del Valle de Verín.* Anexo 15 de *Verba,* Universidade de Santiago. (Verín).
Vázquez Somoza, X. L. (1986), *O galego en Zolle (Guntín).* Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago. (Zolle).

2. Obras consultadas e citadas

Alarcos Llorach, E. (1976), "Los demostrativos en español" en *Verba* 3, pp. 53-63.
Álvarez et alii (1986), *Gramática Galega,* Vigo, Galaxia.
Asenjo Orive, M. R. (1990), *Los demostrativos,* Salamanca, Colegio de España.
Badía Margarit, A. (1952), "Los demostrativos y los verbos de movimiento en Iberorrománico" en *Estudios dedicados a Menéndez Pidal,* Vol. III, Madrid, CSIC, jpp. 3-31.
Bechara, E. (1974), "O sistema dos demostrativos no português do Brasil" en *Archiu für das Studium der neueren Sprachen und Literaturen* 126, 2, pp. 320-333.
Cunha-Cintra (1984[2]), *Nova gramática do português contemporáneo.* Sá da Costa, Lisboa.
Dietrick, D. (1988), "Aproximación al sistema y uso de los demostrativos en español" en *Anuario de Lingüística Hispánica, 4,* pp. 99-114.
Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega,* Vigo, Xerais.
Lamíquiz, V. (1967), "El demostrativo en español y francés. Estudio comparativo y estructuración" en *RFE 50,* pp. 163-202.

AS MARCAS DE CERTEZA NA INTERROGACIÓN POLARIZADA EN GALEGO*

DELIO GARCÍA REPRESAS
Instituto da Lingua Galega

1. Limiar

Existen, como se sabe, dous grandes tipos de interrrogación: a polarizada (tamén chamada total, absoluta ou conexional) e a non polarizada (parcial, relativa ou nuclear). Na primeira formúlase a pregunta sobre o conxunto da cláusula e a resposta axeitada é un «si»[1] ou un «non» segundo o caso (*¿El hai leite?*); na segunda pregúntase por algún dos elementos da secuencia e agárdase que o interlocutor o identifique (*¿Quen veu?*).

Pois ben, a lingua galega posúe un ricaz conxunto de posibilidades expresivas que actúan dentro da interrogación polarizada e lle permiten ó emisor manifesta-la súa certeza (afirmativa ou negativa) respecto do que di. Quérese dicir, cando preguntamos algo de xeito polarizado podemos facelo de maneira neutra de todo, evidenciando que ignoramos completamente cal vai se-la resposta que nos van dar, ou, polo contrario, tomar partido e amosa-lo noso convencemento, a nosa certeza, tocante a cal vai ser esa resposta. Sen dúbida, isto último podémolo acadar utilizando simplemente unha entoación axeitada (a curva melódica da interrogación polarizada de certeza ou aseverativa posúe un corpo descendente, fronte ó da interrogación polarizada neutra, que se mantén constante nun nivel alto de frecuencia[2]), pero se queremos ser máis explícitos temos á nosa disposición unha serie de recursos, distintos dos suprasegmentais, que podemos cualificar de

---

* Este estudio toma como base a fala de Ponteareas (Pontevedra). O corpus do que partimos está constituído por un amplo número de textos recollidos directamente da lingua oral ó longo de varios anos a través fundamentalmente da anotación en cadernos.

[1] Mellor para o galego: «mecanismo repetitivo».

[2] Cfr. Porto Dapena (1977:47)

gramaticais en canto que entran a formar parte na expresión lingüística dun conxunto finito de unidades. Vexamos qué signos son eses e cales son os seus valores.

2. Sistema de oposicións

No establecemento das oposicións, basicamente semánticas, das marcas de certeza seguirémo-la metodoloxía exposta en García Represas (1992: 49-51).

A propia novidade das unidades sígnicas que se describen xustifica a fartura de exemplos incluídos[3] (a casuística contextual pode resultar especialmente relevante no caso dos mecanismos de repetición).

1ª OPOSICIÓN: +enfatización / -enfatización.

Fronte ó resto das unidades, as secuencias *Va que* e *Abrá que* engaden unha énfase á súa marcación de certeza. Poderiamos dicir que esta primeira distinción xebra aquelas formas que nos permiten expresar que estamos *totalmente* certos do que o oínte vai responder daqueloutras que non fan iso necesariamente[4].

•[¿Va que fuches aló?]
•¿Va que non sabes quen é?
•¿Abrá que ela nunca suspendeu?
•[¿Abrá que ela suspendeu?]

A diferencia do que acontece coas outras marcas, estas sitúanse normalmente no inicio da cláusula. Sencasí, tamén poden aparecer ó resto.

•[¿Fuches aló, va que si?]
•[¿Ela nunca suspendeu, abrá que non?]

---

[3] Practicamente todos están extraídos directamente da fala viva; agás os poucos que sinalamos entre corchetes ou entre parénteses (exemplos reconstruídos), os demais foron por nós documentados; o retoque normativo é, doutra banda, mínimo.

Os corchetes poden servir tamén para engadir información contextual e situacional.

[4] Obsérvese que cunha entoación axeitada as formas non marcadas poden funcionar coma as marcadas.

2ª OPOSICIÓN: +veracidade / -veracidade.

Con esta segunda oposición establecemos unha diferencia, dentro do anterior membro non marcado, entre os signos *Non é, É ou non é, É certo ou non,* cos que incluímos unha expresión de veracidade sobre o dito, e aqueloutros que non engaden ese risco semántico de xeito unívoco (dependendo do contexto pode aparecer ou non).

En efecto, estas formas marcan o convencemento do emisor de que as verbas que acaba de pronunciar son certas e de que van ser confirmadas polo seu interlocutor. O falante procura, logo, unha confirmación do dito. A súa pregunta apunta á secuencia lingüística, en canto tal, que vén de emitir, e non ás súas referencias concretas[5]. Precisamente isto é o que explica que tanto se poidan aplicar a estructuras afirmativas (*Alí hai sempre que facer. ¿Non é?*) coma negativas (*Alí non hai nunca que facer. ¿Non é?*). Trátase dun tipo de locucións parafraseables por «¿non é certo o que eu digo?»[6].

---

[5] A diferencia existente entre *Non é* e *Non+rep.verbal ~ Non si* vén se-la mesma ca que aparece no sistema afirmativo entre *Así é* (ou calquera outra forma confirmativa: *Abofé, Xaora...*) e *Rep.verbal ~ Si.* Comparémo-las seguintes respostas a unha mesma pregunta:

-*¿El hai leite?*, a) -*Hai ~ Si*, b) -*Así é* (deixamos agora a unha beira o feito de que, para a nosa idea, esta resposta non forma parte da norma do galego).

Aínda que en último termo sexan referencialmente equivalentes posúen distintos significados. Non se está a dici-lo mesmo cando se emprega a) ca cando se emprega b):

En a) apúntase directamente á realidade e infórmase do estado de cousas existente, en b) apúntase directamete á cláusula interrogativa emitida polo interlocutor e fálase da súa verdade ou falsidade; en a) dise directamente que existe leite, en b) dise que a secuencia *¿El hai leite?* é verdadeira. Deste xeito, mentres que en a) se nos pon inmediatamente en contacto coa realidade, en b) debemos inferi-lo estado de cousas existente a partir da pregunta efectuada. Os dous recursos permítennos acceder ó coñecemento do real, pero un de maneira directa e outro indirecta.

[6] Ter presente estas dúas operacións que se realizan constantemente no seo de calquera idioma: falar de secuencias lingüísticas -para dicir se son verdadeiras ou falsas- e falar de contidos referenciais -para achegar algún tipo de información nova que vaia máis aló da pura confirmación ou contradicción- resulta enormemente operativo na descrición de linguas (véxase o útil que nos resultou tamén para a explicitación do subsistema afirmativo: García Represas, 1992) e tense aplicado, por exemplo, ó eido da negación: Ducrot (1972), Moreno Cabrera (1987). Así, segundo este último autor, a secuencia *Juan no viene todos los días* pódese utilizar, quer para engadir algún tipo de información nova, quer para negar unha posible cláusula aparecida con anterioridade *Juan viene todos los días*:

> Está claro que en el primer caso hablamos sobre si la acción de venir Juan se da o no todos los días (negación óntica o interna) y en el segundo sobre si la oración es verdadera o falsa (negación metalingüística o externa) (Moreno Cabrera, 1987:80).

Outra característica, esta vez significante, das expresións que nos ocupan constitúeo o seguinte feito: mentres as outras locucións se sitúan adoito[7] dentro do esquema entoativo da secuencia que marcan co trazo de certeza (*¿Teñen mala pinta as fanecas, non teñen?*), os signos de /+veracidade/ quedan sempre fóra dese esquema e entran a formar parte doutro distinto (*Teñen mala pinta as fanecas. ¿Non é?*); o máis corrente é que se engadan, logo de pausa, a unha secuencia declarativa converténdoa nunha interrogativa polarizada, de xeito que asemade que cumpren a súa función específica serven tamén de marca de interrogación total. Polo contrario, as formas que constitúen o membro non marcado da oposición, cando están inmersas no esquema entoativo da cadea sobre a que actúan, cumpren dende ese punto de vista unha función puramente redundante (a secuencia seguiría sendo interrogativa polarizada sen a súa presencia) e o fundamental é a súa función específica de marcas de certeza.

3ª OPOSICIÓN: +enfatización / -enfatización.

No interior do grupo das formas de /+veracidade/, podemos realizar outra distinción entre as que engaden unha enfatización (*É ou non é, É certo ou non*), e aqueloutras que non o fan necesariamente (*Non é*). Obsérvese que este mesmo trazo nos serviu xa para o establecemento dunha distinción anterior, pero repárese tamén no feito de que o nivel de oposición no que estamos é agora distinto. O que se enfatiza nun caso e no outro non é o mesmo, as oposicións están xerarquizadas (Veiga, 1988: 43).

Exemplos das primeiras:

•Hai que deixarse de contos e tirar para adiante. ¿É ou non é?.
•-¿Cantos barrís hai?, -Un, dous, tres…, con dous pequenos son cinco. ¿É certo ou non?

Exemplos da locución menos marcada:

•Traballando con ganas chegan ben seis días. ¿Non é?
•Alí hai sempre que facer. ¿Non é?
•Ós guisos bótaselles do branco. ¿Non é?
•Aí tamén aprendes. ¿Non é?
•Nós, con tal que traballemos, anque non comamos… ¿Non é, Marisa?

As etiquetas que Ducrot utiliza son as de «negación descritiva» para o primeiro caso e «metalingüística» para o segundo. Fronte á función metalingüística, a descritiva "il sert à parler de choses et non pas d' énoncés" (Ducrot, 1972:38).

[7] Aínda que tamén sexa normal velas actuar da mesma maneira ca *Non é*: *Alí non hai nada que facer. ¿Nonón, Xan?*

•Eu dáballe dez pesos, non mos agarrou. Iso non é nada. ¿Non é? Pero non mos agarrou.
•Xan, se vai bo día tes que mañá apañar nas uvas. Imos onde ti queres pola mañá e despois marchamos. ¿Non é, Xaquín?
•Levas un chiquiño de pan tamén. ¿Non é, Antón?
•-¡Hai que compralo!, -¿O papel? ¿Non é?

4ª OPOSICIÓN: negativa / afirmativa.

Agora distinguimos aquelas expresións que nos serven para marca-la nosa agarda de resposta negativa e aqueloutras coas que podemos sinalar que o que agardamos é unha resposta afirmativa.

Para o primeiro caso dispomos da locución *Nonón.*

•A ver se os bistés os deixou... ¿Aquí non están, nonón?... Ben, habíaos de pór el noutro lado.
•¿María non chamou nada, nonón?
•¿Ti non acabaches de atar na Candán, nonón?
•¿A túa pescada non estaba muda, nonón?
•¿Non hai, nonón? [música boa para me pór].
•¿Esa que teño debaixo non vale, nonón?
•-¿Vostede moita dor agora non ten, nonón?, -Non, agora moita dor…,-Tamén, se tivera a dor que tiña non podía estar aquí…
•¿Inda non, nonón? [non lles viñera a paga].
•… ¿Non, nonón?
•¿Non hai leite? ¿Nonón, Xan?
•¿Ti non os rompiches? ¿Nonón, Xan?
•¿El non choverá? ¿Nonón, Firmino?
•Vostede sempre ten feito cocido e nunca lle deu disto… [referido a un oínte] ¿Nonón? [referido a outro oínte, logo de que este, que escoitaba a conversa, asentira] Cédamo a min.
•Xa non sei se mos darán. ¿Nonón?

Se o falante desexa expresar que agarda unha resposta afirmativa á súa pregunta pode utilizar, ben unha forma fixa (*Non si*), ben un mecanismo expresivo (a *Repetición do verbo* ou a *Repetición do adverbio*).

Lingüisticamente habemos de definilos como procedementos significantes capaces de expresaren o mesmo significado, quérese dicir, como variantes alomórficas.

Aínda que establecer con precisión a totalidade de condicionamentos contextuais de cada un destes recursos expresivos non é posible, xa que a súa aparición se produce moitas veces de xeito totalmente libre, pode ser interesante apuntar algunhas tendencias distribucionais que puidemos observar no estudio do corpus manexado.

Non si

a) É a única posible cando a expresión de certeza se refire:

i. A un sintagma que non ten verbo nin adverbio:

•Para comer daquela carne de María, ¿que queredes mellor: patacas cocidas ou fritas?; ¿cocidas, non si?.
•¿Que queres mellor: peixe ou carne; ¿peixe, non si?
•¿A que hora sae María do traballo?; ¿ás tres, non si?
•¿Cantos van alá?; ¿con ese tres, non si? [acarrexando sacos de patacas].
•Son as dez; ¿dentro dunha hora, non si?
•¿Vós ceades aquí [, ou non]?; ¿si, non si?

ii. A un sintagma sen un verbo principal axeitado para repetir:

•¿Que faga os deberes na súa habitación, non si?

iii. Á propia situación:

•[unha muller que se incomoda porque lle levan a contraria]: Aa... ¿Non si?; ¡cona!
•Usté ha de ter... Tome... Dáme quince pesos; dándolle así... ¿Non si, mamá? Vinteoito, si.

b) É a forma que aparece normalmente cando se expresa un matiz acepcional de 'acordo', é dicir, cando a marca de certeza equivale, dende o punto de vista do contido referencial, á expresión *Pois si* (norm. cast. «vale»). Os contextos máis axeitados para tal son aqueles nos que aparece unha cláusula cun núcleo predicativo en 1ª, 2ª, 4ª ou 5ª pª, o cal ten amais un valor temporal non de pasado e un significado léxico que pode dar pé na interacción comunicativa a unha expresión de acordo.

•¿Fágoche dúas, non si? [troitas] [Neste contexto o que se quixo dicir foi: ¿Fágoche dúas, de acordo?]
•¿Fágoche xa para ti algo, non si?
•¿Vou chamar entón por Pura, non si?
•¿Vouche busca-las uvas, non si?
•¿Fritímo-los pementos, non si?, -Pois ala.
•Xan, ¿póñoche eu a comida ó lume e ti axúdasme, non si?
•-Tes aí cincocentas pesetas cambiadas, -Non sei se teño ou se non. ¿Cando poidas devólvesmas, non si?
•¿Enxágualas, non si? [as fanecas]
•¿Isto cómelo ti á merenda, non si?
•¿Ti comes despois, non si?
•¿Fas como a outra vez, non si? [envurúllasme o agasallo con papel de regalo]

•¿Falo despois á noite, non si? [o traballo]
•Cando acabes de face-los deberes vas alá e págaslle a bombona, así xa non a saco de aquí da entrada. ¿Non si?
•Vou poñe-la comida ó lume e despois ti aténdesma. ¿Non si, filliño?
•De aquí a un pouquiño chamas a Carme. ¿Non si?
•Dobra esta roupiña ...¿Non si?
•Xa llos pos ti. ¿Non si, Fin? [as rollas ás botellas].
•... Dándolle así dáme quince. Si, si, quince pesos. Vostede deume quince pesos. ¿Non si? Ben, e eu doulle duascentas pesetas.

c) Os outros valores acepcionais cos que aparece son tamén normais ós outros procedementos. O máis importante é aquel que podemos cualificar de puramente descritivo ou neutro, quérese dicir, o parafraseable sen máis por «verdade que si». Este valor percíbese nidiamente cando o verbo vai en 3ª ou 6ª pª, ou é unha forma de pasado, aínda que tamén se pode ver con outras persoas e noutros tempos.

•¿Así di máis fino, non si? [o tarro co mantel branco por baixo].
•¿Empeza ás nove, non si? [ese programa de televisión].
•¿Dixo que chegaba onte á noite, non si?
•¿Os caixóns hai que poñelos no seu sitio, non si?
•¿Ten ido a traballar, non si?
•¿Estás ti soa nunha mesa?, ¿pero os outros están lonxe, non si?
•¿Hai que bota-lo viño así para que non queza, non si?
•¿Isto xa está, non si? [os pementos fritos].
•¿O concerto é ás seis, non si?
•¿Cantos hai?; ¿hai dous, non si? [paquetes de galletas].
•¿Chega ben ir despois de comer, non si?
•¿Cunha barra de pan chega, non si?
•¿Trouxeches daqueles dous, non si? [coellos que estaban naquel cortello].
•¿Compraches na de Chiño, non si?
•¿Colliches as patacas, non si? ¿Van as patacas [no coche], non van?.
•¿Tes aí a fonte, non si?
•¿Vas ir ó cinema? ¿Non si, Firmino?

Non + rep. verbal [8]

---

[8]Cfr. co inglés ('tag questions'; Quirk/Greenbaum/Leech/Suartuik, 1972:78-79, 390-391):

certeza afirmativa

•English is easy, isn't it?
•The people here are very nice, aren't they?
•You have a spoon and a napkin, haven't you?
•You know Mary, don't you?

a) Naqueles contextos nos que o que se quere expresar é unha certeza cun alto grao de enfatización, este mecanismo é o que aparece normalmente. Na substancia do contido vén ser equivalente a un «acaso non».

•[unha muller cabreada porque non atopa un obxecto]: ¿Eu puxéracho alá, non puxera? ¿E agora onde está?, que vas apañar.
•-Eu eses zapatos non os quero, non sei para que os mercaches, -Pois agora pólos; ¿eu consulteime contigo, non consultei?
•¿Fun tira-las fotos, non fun?, (como ti me dixeches), pois agora fai isto que che eu pido.
•Para que mercaches dese leite cando había aquí uns poucos de cartóns do que lle botas sempre. ¿E agora eses iogures téñenche saído ben, non teñen?

b) Outra acepción coa que aparece, a menos marcada, é a de «verdade que si». Como hainpouco dixemos, dáse nomeadamente cun núcleo verbal en 3ª ou 6ª pª, e o máis habitual é que cando a persoa en que aparece é outra, o valor temporal do verbo ou o seu significado léxico (e o de toda a cláusula) propicien tamén unha significación dese tipo. Vexámo-los exemplos ó mesmo tempo que explicitámo-lo funcionamento do mecanismo formal.

i. Repetición do verbo nuclear da cláusula.

•¿El dixo que viña onte, non dixo?
•¿Ela anda cun rapaz, non anda?
•¿A ti esa verdura chegarache, non chegará?
•Ai, xa; ¿esta dá menos traballo, non dá?
•¿Eu faleille ben, non falei?
•¿Había unha festa grande, non había?
•¿Había dous sacos con fariña, non había?
•¿Limpa ben iso, non limpa? [o limpacristais].
•¿Este gústache, non gusta? [o pantalón].
•¿A ti gústache, non gusta?
•¿A ti o porco gústache peor, non gusta?
•¿A el gústalle que vaias, non gusta?
•¿Gústanche mellor cás patacas, non gustan? [as cenorias]
•¿Vai frío, non vai?
•¿O tarro vale pouco, non vale? [=non é moi bo]
•¿Quedou ben, non quedou? [a manga do vestido].

•He waited, didn't he?

certeza negativa

•You don't have a pencil, do you?

•¿Ten boa vista, non ten? [o salpicón].
•¿Teñen mala pinta as fanecas, non teñen?
•¿Parece que está negra, non parece?
•¿Parece máis grande, non parece?
•¿Pero cóbrache carísimo tamén, non cobra?
•¿Iso ben o podían facer eles, non podían?
•¿El agora vénte a buscar, non vén?
•¿Quédame ben, non queda?
•¿Vir, viría, non viría?
•¿Collíche-las patacas, non si? ¿Van as patacas [no coche], non van?
•¿Ela ás catro está aquí, non está?
•¿Estivo aquí Miguel, non estivo?
•-¿Está algo lenta, non está?, -¿O que?, -¿Non está algo lenta? [a parede]
•[no monte, tirando no toxo]: ¿Está duro, non está?
•¿A planta está bonita, non está? [9]
•¿Estaban boas guisadas hoxe, non estaban? [as cenorias].
•¿Iso é un atranco, non é? [10]
•¿É medio quilo, non é?
•¿É bonita, non é? [esta fonte].
•¿É estreito, non é? [o pantalón].
•¿Esta é boa, non é?
•¿Ela é viúva, non é?
•¿Esas galletas son boas, non son?
•¿Uns mobles coma estes eran bonitos, non eran?
•¿Tes aí leite, non tes?
•¿Tes alí uvas, non tes?
•¿Ti despois á tarde vas alá, non vas?, ¿a Vigo?
•¿Ti mañá vés para baixo, non vés?, ¿á tarde?
•¿Ti vas moito para alá, non vas?
•¿Ti os teus calcetíns das botas sacáchelos, non sacaches?
•¿Ti pasaches mal, non pasaches?
•¿Ti agora comías ben, non comías?
•¿Ti coñecíalo, non coñecías? [11]
•¿Deiche un bo choio, non dei? [no que podes estar aí sentado, escollendo nas uvas].
•¿Eu deixo atrás as mellores, non deixo? [os acios de uvas mellores, vendimando]

---

[9] A pronuncia desta secuencia é normalmente [nonstá].

[10] Non se debe confundi-lo mecanismo de repetición para expresión de certeza cando o verbo nuclear é a 3ª pª do presente de indicativo do verbo *ser*, coa locución invariable *Non é*.

[11] Repárese na non repetición dos pronomes átonos (o procedemento está gramaticalizado).

ii. Repetición do verbo incrustado.

•¿Eu creo que patacas chegarán, non chegarán?
•¿Eu paréceme que lle dixen, non dixen?
•¿Eu parécemo que tes, non tes?
•¿Vostede ten todo baleiro?; ¿non ten, papá?

iii. O xeito de utiliza-lo procedemento resulta un chisco máis complexo cando o núcleo verbal é unha perífrase:

Coa maior parte delas (*Ter que+inf., Haber que+inf., Deber (de)+inf., Ir+inf., etc.*) non figura haber caso: repítese o verbo AUX:

•¿Isto hai que tomalo con auga, non hai? [o medicamento].
•¿A Manolo tívolle que gustar, non tivo?
•¿Hoxe tiveches que vir non coche, non tiveches?
•Pois… ¿Debían de arranxar iso, non debían?
•¿Debía de pó-la comida ó lume, non debía?
•Eu non lle dixen o prezo, ¿pero este debía dar as mil pesetas, non debía?

A que presenta máis problemas é *Haber (de)+inf.* Con esta, aínda que temos algún exemplo no que o que se repite é o AUX:

•¿Inda han de escapar de alí, non han?

o normal é a repetición do AUXDO, flexionado consonte ás categorías gramaticais da perífrase na que se integra (o nº e a pª aparecen no AUX pero o valor temporal só o dá a perífrase no seu conxunto):

•¿Ha de estar fría, non está?
•¿Xa ha de ferver, non ferve?
•¿Miguel xa había de comela fría, non comeu? [a comida]
•¿El ha de vir, non virá?
•¿Ti tamén has de querer un tomate nunha ensalada?, ¿non queres?

Non + rep. adverbial

Trátase dun mecanismo moi frecuente para aqueles casos nos que o verbo principal da cláusula interrogativa aparece precedido por un adverbio do tipo: *xa, inda, logo, pouco, só*[12].

•¿Agora xa se ve algo, non xa?
•¿As dúas xa son, non xa?
•¿Aquela carne xa a comestes, non xa?
•¿Inda lle gustou, non inda?
•¿Inda comías máis? ¿Non inda, Xan?
•¿Algo inda tes, non inda?
•¿Ti inda vas arriba, non inda?
•¿Logo haberá de haber tomates maduros, non logo?
•¿Despois de Semana Santa logo vén vacacións, non logo?
•¿Ti logo vés, non logo?
•¿Pouco lle ha de faltar, non pouco?
•¿Pouco tes que comprar, non pouco? [de libros]
•¿Ti tamén alí na casa pouco paras, non pouco?
•¿Só é enchelo un pouco, non só?
•¿Só é facer iso, non só?
•¿Só hai tres, non só?

Se continuamos a examina-lo esquema de oposicións, atoparemos tamén unha expresión, *Non*, que neutraliza tres das distincións anteriores (certeza de veracidade, afirmativa e negativa) e nos permite expresar, segundo o contexto, calquera dos devanditos matices significativos.

•¿Esa é bordadiña, non?
•¿De momento non chegou, non?
•-¿Ti se cadra queres come-las sardiñas todas, non?, -Non, non; come.
•¿Ti marchas hoxe, non?, ¿sexa a unha hora ou sexa a outra?
•Está descosido. Hai que ter deste fío. ¿Non, Anxo? ¿Ou fío negro?
•¿A que caia de aquí por diante é mala? ¿Non, Fin? [a chuvia, para o agro]
•…porque agora os que teñen negocio…; porque el antes era albanel, ¿non?, e, agora é obrigado, pero antes non era obrigado, ¿non sabe?, e el non pagou nada…

[12] Quizais sexa posible con máis algún, pero só citamos aqueles dos que dispomos de exemplos.

3. A locución Nonón.

3.1. Vitalidade e xeografía

Das unidades sígnicas aquí tratadas sen dúbida a máis rechamante é *Nonón*.

A total ausencia desta expresión nos nosos estudios gramaticais e maila súa utilidade comunicativa leváronnos a realizar unha enquisa para intentar saber, entre outras cousas, se se trataba dunha forma exclusiva da zona que tomamos como base de estudio, ou ben se se atopaba viva noutras partes de Galicia. O cuestionario elaborado (V. máis abaixo), no que amais da expresión que nos ocupa incluímos unha petición de información sobre outras dúas secuencias lingüísticas -das que agardamos dar conta en posteriores traballos-, entregámolo en diversos centros de ensino[13] e permitiunos verifica-la importante extensión de *Nonón* no terrritorio galego.

---

[13] En concreto, nos seguintes:
Pontearreas: Colexio Público Fermín Bouza Brey, Instituto de Formación Profesional, Instituto de Bacharelato.
O Porriño: Instituto de Bacharelato.
Vigo: Universidade de Vigo (alumnos de Filoloxía), Instituto de Bacharelato en Teis.
Pontevedra: Escola Universitaria de Formación de Profesorado de EXB.
Santiago: Universidade de Santiago (alumnos de Filoloxía, alumnos de Xornalismo).
A Coruña: Universidade da Coruña (alumnos de Filoloxía).
Lugo: Escola Universitaria de Formación de Profesorado de EXB.
Verín: Instituto de Formación Profesional, Instituto de Bacharelato.

Para saírmos de dúbidas sobre a existencia da expresión en determinadas zonas, a estes centros incorporamos nun segundo momento os seguintes:
Caldas de Reis: Instituto de Bacharelato .
Touro: Colexio Público de .
Mazaricos: Colexio Público Pino de Val
As Pontes: Instituto de Formación Profesional das Pontes.

Quero expresar aquí o meu agradecemento a tódolos profesores e alumnos que con moito entusiasmo participaron na realización desta enquisa.

Aínda que a delimitación completa da área lingüística na que se utiliza *Nonón* precisaría da realización dun maior número de enquisas nun maior número de puntos, coa información que posuímos coidamos estar xa en disposición de ofrecer unha serie de puntos xeográficos de localización segura da unidade sígnica descrita. Para a confección do listado só tivemos en conta aquelas enquisas nas que se declarase un coñecemento moi directo da construcción, é dicir, aquelas nas que aparecese riscada a opción «Utilízoa con frecuencia» ou a de «Escóitolla a miña nai, meu pai ou meus titores», prescindindo daquelas nas que só se marcase cunha cruz a opción «Algunha vez escoiteilla a alguén»; amais, evidentemente, tivemos tamén presente o feito de se engadiren ou non exemplos e de estaren estes correctamente utilizados, e mailo feito tamén de se acompañar algún tipo de explicación sobre o significado da construcción e de que este fose o correcto; para a localización exacta buscamos nomeadamente casos nos que a nai e o pai e/ou o titor ou titores tivesen o mesmo lugar de nacemento e de residencia.

Os puntos xeográficos nos que con seguridade se localiza a expresión son os seguintes (V. mapa): na provincia de Pontevedra: Ponteareas, O Porriño, Mos, Mondariz, Crecente, Salvaterra, Caldas de Reis, Vila de Cruces; e na provincia da Coruña: Touro, Boimorto.

Xeografía de *NONÓN*

Co mapa unicamente pretendemos deixar constancia daqueles puntos en que se pode asegura-la existencia da construcción; bastante máis complicado resulta,co tipo de información posuída, sinala-la zona de non existencia da mesma: habería que aumenta-los puntos de apaña de datos e o número de enquisas, sobre todo tendo en conta a feble competencia lingüística que presentaron bastantes dos enquisados.

É practicamente seguro que en moitas das zonas limítrofes ás localidades marcadas se atope tamén viva a expresión interrogativa descrita.

Nota: Para a realización do mapa dispuxemos do material informático do ILG e contamos coa amable axuda de Francisco Dubert.

Pero amais da identificación dunha serie de puntos xeográficos, a enquisa sérvenos tamén para saber algo verbo da súa vitalidade no territorio galego. É certo que os datos porcentuais do total de enquisas realizadas non son indicativos demasiado[14], pero si pode ofrecer bastante interese tomar algún municipio no que se poida asegura-la existencia da expresión e mais do que se dispoña dun considerable número de mostras, e comproba-lo grao de coñecemento e utilización do sintagma (aínda que só dentro dun grupo de idade determinado). Así o fixemos no caso do concello que se cita. Velaquí os resultados:

Concello de Ponteareas:

Total de enquisas: 259.

Universo: alumnos con idades comprendidas entre os 11 e os 18 anos. Só tivemos en conta aquelas nas que constase o nacemento e residencia dos dous ou de alomenos un dos pais en Ponteareas (na vila ou en calquera das súas vintecatro parroquias) e mailo feito de falaren ambos "Sempre" ou "Ás veces" en galego.

Persoas que din coñece-la locución: 96 (37,06%).

Utilízana con frecuencia: 11 (4,24%).

Non a utilizan con frecuencia pero escóitanllela ós seus pais ou titores: 26 (10,03%)..

Algunha vez escoitáronlla a alguén: 59 (22,27%).

Persoas que din non coñece-la locución: 163 (62,93%).

Malia se tratar dunha cuestión secundaria, a comparanza destes resultados cos obtidos noutros concellos figura indicar que a vitalidade do sintagma non é a mesma en tódalas localidades de uso. Os datos posuídos semellan apuntar en tal dirección, pero, de tódolos xeitos, a

---

[14] Habería que planificar moito máis do que se fixo a escolleira de zonas de Galicia nas que realiza-la enquisa e mailo número de cuestionarios a cubrir por punto e por provincia en correspondencia coa poboación existente; tería tamén que se alarga-lo universo dos entrevistados a persoas de diversas profesións e doutros grupos de idade, así como non ter en conta a poboación non galegofalante.

Así a todo, indicamos eses datos como curiosidade:

Total de enquisas: 1852 (non se computan as máis de trescentas que realizamos nun segundo momento).

Universo: o núcleo dos entrevistados contitúeno alumnos con idades comprendidas entre os 11 e os 30 anos.

Persoas que din coñece-la locución: 392 (21,16%).

Utilízana con frecuencia: 47 (2,53%).

Non a utilizan con frecuencia pero escóitanllela ós seus pais ou titores: 75 (4,04%).

Algunha vez escoitáronlla a alguén: 270 (14,57%).

Persoas que din non coñece-la locución: 1460 (78,83%).

súa cativeza impídenos tirar conclusións definitivas en verbo desta cuestión.

Concello de Touro:

Total de enquisas: 47.

Universo: alumnos con idades comprendidas entre os 13 e os 15 anos. A peneira fíxose da mesma maneira ca no municipio ponteareán.

Persoas que din coñece-la locución: 42 (89,36%).

Utilízana con frecuencia: 7 (14,89%).

Non a utilizan con frecuencia pero escóitanllela ós seus pais ou titores: 18 (38,29%)..

Algunha vez escoitáronlla a alguén: 17 (34,69%).

Persoas que din non coñece-la locución: 5 (10,63%).

3.2. A súa escritura.

En principio ten que quedar claro que a pronuncia da locución é [nonóŋ] ou [nonɔ́] -ou ben a que rexistramos tamén, esta vez con entrevista persoal engadida, nos concellos de Touro e Vila de Cruces: [nenóŋ]-. Ora, dada a existencia da locución afirmativa [noŋsi] e o feito de que para este caso a tradición escrita optase maioritariamente pola separación gráfica (que parece o máis razoable), podería pensarse atendendo ó criterio conservador da escritura que esa é tamén a mellor solución para o caso da locución de certeza negativa. Nembargantes, a escritura *non non*, amais de supor unha orixe que habería que confirmar, ten algúns importantes inconvenientes -non identificación por parte dos usuarios da mesma, posible confusión cunha expresión de dobre negación[15]-, o máis grave dos cales é a case segura xeneralización da pronuncia [noŋnóŋ], aberración que moi probablemente non impedirían as observacións coa indicación da secuencia fónica correcta. Por iso, rectificando unha nota a un traballo noso anterior (García Represas, 1992:51), coidamos que, se cadra, o mellor é manter unida a locución e escribir *nonón*.

4. A xeito de conclusión.

---

[15] Mesmo escribíndoo na enquisa nun único conxunto gráfico houbo algunhas persoas que confundiron a expresión de certeza negativa cunha expresión de dobre negación:

•Non mo deixes; non, non [entre outras posibilidades, pode aparecer cun certo ton de ameaza].

O noso obxectivo neste traballo foi triple: i) enumera-los principais recursos expresivos de que podemos botar man en galego cando queremos sinalar nunha pregunta polarizada que estamos certos do que nos van responder, ii) procura-la súa sistematización funcional de xeito que se vexan cales son os seus valores, e iii) indicar como se usan.

O feito de que algunhas das formas e mecanismos analizados non se documentasen ata o presente en ningún estudio lingüístico sobre o galego demostra, máis unha vez, que no que toca ó apartado gramatical o galego precisa aínda de moita descrición.

Referencias bibliográficas:

Álvarez Blanco, R./ Monteagudo Romero, H./ Regueira Fernández, X.L.: *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, 1986.

Bassols de Climent,M.: *Sintaxis Latina*, C.S.I.C., Madrid, 1956.

Coseriu, E.: *Principios de semántica estructural*, Gredos, Madrid, 1977.

------ *Gramática, Semántica, Universales,* Gredos, Madrid, 1978.

------ *Lecciones de lingüística general,* Gredos, Madrid, 1981.

Ducrot, O.: *Dire et ne pas Dire. Principes de Sémantique Linguistique*, Hermann, Paris, 1972.

Fernández Salgado, X.A./Monteagudo Romero, H./Puga Moruxa, M. [Instituto da lingua galega]: *Nivel Soleira*, Consello de Europa, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1993.

García Represas, D.: "A afirmación", *Cadernos de Lingua 6*, 1992,47-64.

------ *Estudio na fala de Xinzo-Ponteareas. Contribución á lingüística descritiva do galego*, Memoria de Licenciatura, Santiago, 1994 (inédita).

Gutiérrez Ordóñez, S.: *Introducción a la semántica,* Síntesis, Madrid, 1989.

Jiménez Juliá, T.: "Modalidad, modo verbal y modus clausal en español", *Verba* 16, 1989, 175-213.

Moreno Cabrera, J.C.: *Fundamentos de sintaxis general*, Síntesis, Madrid, 1987.

------ *Curso universitario de lingüística general I: Teoría de la gramática y sintaxis general*, Síntesis, Madrid, 1991.

Porto Dapena, J.A.: *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anejo 9, Verba, 1977.

Quirk, R./ Greenbaum, S./ Leech, G./ Suartuik, J.: *A grammar of contemporany english*, Longman, 1972.

Tesnière, L.: *Éléments de syntaxe structurale*, Klincksieck, Paris, 1969.

Veiga, A.: "Reaproximación estructural a la lenición protorromance", *Verba* 15,1988, 17-78.

ALGUNHAS NOTAS SOBRE A CODIFICACIÓN LÉXICA E TERMINOLÓXICA

CARLOS DÍAZ ABRAIRA
Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia

Nos últimos tempos teñen aparecido algunhas contribucións sobre diversas cuestións lingüísticas que teñen como punto común chama-la atención acerca dalgúns aspectos da (in)correcta fixación gramatical, léxica ou terminolóxica do galego. En concreto, Rosario Álvarez, no artigo "Gramática descritiva e gramática prescritiva" (*Cadernos de lingua* nº 10, pp. 19 e ss.9), advirte sobre determinados aspectos das descricións gramaticais e da súa aplicación. Ernesto González Seoane, en "Variedade e empobrecemento do léxico" (*Cadernos de lingua* nº 10, pp. 89 e ss.), refírese a diversas cuestións en relación coa fixación e estabilidade terminolóxica. Sobre este mesmo tema xa incidiran desde outra perspectiva A.I. Boullón, Ernesto González e Ramón Mariño no artigo "Problemas e métodos para o establecemento do léxico administrativo galego" (*Cadernos de lingua* nº 2, pp. 83 e ss.), resaltando os baleiros terminolóxicos e a necesidade de planificación neste campo. Desde o punto de vista lexicográfico, Pedro Benavente Jareño, en "Algunhas aportacións ó diccionario da Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega" (*Cadernos de lingua* nº 3, pp. 37 e ss.), referíase ó pouco rigor nas definicións das voces recollidas neste diccionario, o que xa tratara anteriormente referido a outro en "O Diccionario Xerais lido por un veterinario" (*Grial* nº 99, pp. 19 e ss.). Nesta mesma liña, referida especialmente ás ciencias naturais, fai as súas achegas Luís Daviña Facal, sobre todo en "Problemas do léxico científico". Tamén desde "A Trabe de Ouro" Rosa López Fernández cuestionou algúns aspectos dos nosos diccionarios ("Sobre os diccionarios galegos", nº 3, pp. 47 e ss.).

Para os que levamos anos traballando en servicios lingüísticos das administracións a situación cambiou afortunadamente (aínda que non nalgúns aspectos) desde comezos dos 80 a hoxe en día. En xeral, o conxunto de materiais lexicolóxicos en sentido amplo que foron aparecendo nestes anos resultou dunha utilidade incuestionable. Hai

quince anos os diccionarios, vocabularios ou repertorios léxicos eran ben escasos e non sempre plenamente fiables; as máis das veces cumpría un certo labor de expurgación deses materiais. Na actualidade, aínda que sexa un tanto fragmentadamente, a codificación do vocabulario común e do das distintas especialidades está bastante avanzada, e a pesar de que poidan constatarse algunhas eivas -remítome por exemplo ós traballos citados antes- cómpre recoñecer ese labor e felicitarse del.

No ánimo de contribuír positivamente ó desenvolvemento desta tendencia van as seguintes liñas.

A elaboración e o asentamento léxico-terminolóxico, á parte doutros factores, necesita para a súa difusión e consolidación dous elementos imprescindibles: a fixación escrita -sobre todo nos materiais que teñen como finalidade fundamental defini-lo conxunto de termos (maiormente diccionarios e vocabularios)- e o emprego por parte dos usuarios. Sobre isto mesmo xa chamaron a atención desde estas mesmas páxinas A.I. Boullón Agrelo e outros, ó afirmaren: "Indubidablemente, o proceso de consolidación destas escollas ten que ser longo, paralelo ó proceso de normalización da lingua nos ámbitos da administración. De pouco serve establecer que *manzana* 'bloque de casas' se debe dicir *rueiro* en galego se esta palabra non é posta en circulación de maneira efectiva. O traballo lingüístico ten que verse complementado, pois, por unha actitude decidida e comprometida dos organismos responsables da normalización" ("Problemas e métodos para o establecemento do léxico administrativo galego", *Cadernos de lingua* nº 2, p. 91). Así, por exemplo, o termo castelán *arcén,* do primeiro significado de 'marxe' ou 'beira' ou 'peitoril do pozo', polo uso que del se foi facendo no terreo das obras públicas, acabou designando tamén a 'zona lonxitudinal comprendida entre a aresta exterior da calzada dunha estrada e o foxo ou cuneta'; a súa definición en textos técnicos e mailo seu emprego continuado acabaron consolidando esta acepción do termo. No galego o termo que se habilitou, *beiravía,* pode dicirse que xa goza de boa vida, pois emprégase en tódolos niveis (non sendo o oral) e aparece rexistrado e definido na maioría dos nosos diccionarios. Pero, por desgracia, non é isto o que sucede noutros moitos casos. Un día destes, nun texto urxente no que se falaba de *escudería* (de automóbiles), para saír do paso, recorremos a un diccionario castelán-galego e entre as dúas opcións ofrecidas, *equipo* e *escuadra,* decidimos optar pola segunda por considera-la outra máis recargada semanticamente; sen embargo, consultando posteriormente os diccionarios galegos -incluído o da mesma editorial- ningún deles recollía baixo *escuadra* esta acepción de

‘equipo de vehículos con motor...’. O mesmo pode dicirse dos termos *materia* e *disciplina,* dos que non tódolos diccionarios galegos recollen a acepción equivalente ó termo castelán *asignatura.*

É dicir, cando se está tratando de consolida-lo léxico e a terminoloxía do galego, ás veces nuns ambientes pouco favorables ou moi escépticos e mesmo belicosos, precísase que eses materiais de fixación léxico-terminolóxica afinen un pouco máis os contidos. E isto nunha dobre dirección: recolle-los termos ou as súas acepcións que pouco a pouco se foron consolidando xa no idioma e, por outra parte, evitar que o mimetismo respecto do castelán (sobre todo) ou a contaminación desta interfira nese proceso.

De tódalas maneiras, hai que dicir que nas actuais circunstancias de organización da nosa planificación lingüística falar de investigación e difusión terminolóxica resulta case anecdótico.

No campo dos textos e da linguaxe administrativa tamén atopamos problemas deste tipo. E pensemos que, aínda que falemos de materiais de linguaxes non especializadas -o VOLG e os diccionarios a que nos referiremos-, o feito de apareceren termos xurídico-administrativos do nivel de *dación, evicción, excusión, novación, quitación, receptación, retracto,* etc. (todos eles por exemplo no VOLG) obriga en certa maneira a que termos menos técnicos ou máis comúns ca estes sexan recollidos e tratados correctamente nestes materiais. Isto é o que sucede positivamente en liñas xerais por exemplo cos seguintes termos, de frecuente aparición na linguaxe xurídico-administrativa: *avinza, concurso* (confróntese máis abaixo co que sucede con *orde*), *danos e perdas, día solto, pedimento, portelo* (ou *portela,* como ‘xanela’, ‘pequena abertura a través da que se atende o público en oficinas e noutros lugares’), *poxa* (tratado con amplitude), *recorrer* (do que se aboa o significado de ‘interpoñer un recurso’ aínda que é cuestionable o réxime de construcción: *recorrer contra unha sentencia* e non **recorrer unha sentencia*), *rueiro* (a pesar de que se circunscribe a grupo de casas de aldeas, lugares ou vilas; ¿e de cidades?)... Seguramente algúns destes problemas se deban máis á inercia ou á falta de participación de moitos dos que traballamos directamente na esfera administrativa, pero do que se trata aquí é de expoñer esta cuestión e procurar unha mellora no proceso de fixación e difusión léxico-terminolóxica.

Os materiais por nós consultados son estes: o “Vocabulario ortográfico da lingua galega” (versión provisional) do ILG-RAG (VOLG), o “Diccionario da lingua galega” da RAG-ILG (en diante RAG), o “Diccionario Xerais da Lingua” de Edicións Xerais (en diante Xerais) (que se vai enriquecendo nas sucesivas edicións) e o

"Diccionario da lingua galega" de Obradoiro-Santillana (en diante Obradoiro) (este último, de recente aparición e creo que nunha boa liña de actualización e anovamento como a que propugna este artigo). Tamén foi empregado, por ser unha obra específica do dominio que se trata, o "Léxico Administrativo Castelán-Galego" da RAG-ILG (en diante Léxico). Estes vocabularios e diccionarios son hoxe por hoxe os máis fiables sen ningunha dúbida e os de maior aceptación e extensión de uso; de aí a súa escolla como obras de consulta.

Dentro da casuística que queremos comentar, podemos establecer tres grandes grupos de fenómenos que resumen dalgún modo e de maneira xenérica estas eivas na correcta codificación léxico-terminolóxica: 1) as formas galegas que ofrecen acepcións, usos ou réximes cando menos discutibles; 2) as formas galegas definidas dun xeito insuficiente, parcial ou incompleto; 3) as formas galegas ausentes.

1. Formas galegas con acepcións, usos ou réximes discutibles ou incorrectos.

Dentro deste grupo algunhas formas, ben porque xa foron correctamente definidas ou porque foron obxecto de comentario concreto, pódense considerar suficientemente tratadas: *adoecer, pobo, ostentar, reivindicar...* (Véxase Ernesto González Seoane, "Variedade e empobrecemento do léxico", *Cadernos de lingua* nº 10, p. 95). Aquí traemos algunha outra que polo seu nivel de frecuencia e de presencia en distintos rexistros cremos necesario comentar: *celebrar, cesar, contemplar.*

Celebrar

Este verbo significa fundamentalmente realizar con solemnidade algún acto ou cerimonia con motivo da conmemoración ou festexo dalgún acontecemento ou data determinada (aniversario, cabodano, casamento, desfile, victoria, misa, descubrimento, chegada...). Ese é o sentido fundamental en portugués, francés, catalán... A extensión de usos que o castelán desenvolveu (celébrase todo: reunións, concursos, congresos, oposicións..., mesmo contratos -salvo os leoninos, claro, polo menos por unha das dúas partes-) é mimeticamente reproducida polos nosos diccionarios. Ó igual ca nos casos de *pobo* ou *ostentar,* cumpriría unha revisión ou moderación do seu emprego.

Cesar

Independentemente doutros usos e acepcións, no ámbito administrativo, do que pasou a outros sectores, este verbo significa 'deixar de desempeñar un cargo' e é intransitivo (como *dimitir*). O feito de que en castelán funcione como transitivo (como *destituír*) seguramente leva a que o conxunto de diccionarios galegos calque este emprego. A última edición de Xerais, á parte de recoller esta significación (cousa que non facía nas primeiras edicións), semella que xa apunta nesta dirección correcta, ó facelo equivalente a *dimitir.*

Contemplar

A acción designada por este verbo responde basicamente á idea de mirar algo ou poñer niso a atención (coa intensidade ou profundidade que se queira). Ese é o significado fundamental das nosas linguas veciñas, que ten que ver cunha actividade sensorial ou mental, propia de seres animados. Fóra de contextos figurados, é máis ca dubidosa a acepción que rexistran os nosos diccionarios de 'ter en conta', 'considerar' (en contextos do tipo **contempla-la posibilidade, contempla-la hipótese, contempla-lo desenvolvemento, contempla-la reforma, contempla-lo estudio, contempla tomar medidas, contempla reestructuracións*...). Nestes casos debemos fuxir dese calco semántico do castelán e empregar formas que veñan máis ó caso: *ter en conta, considerar, prever, admitir, estudiar, conter, ocuparse de, dispoñer, determinar, regular, establecer...*

2. Formas galegas insuficiente ou parcialmente definidas

Ó igual ca no apartado anterior, trataríase de formas do tipo *materia* ou *disciplina* ou *rueiro,* sobre as que xa se fixeron os comentarios pertinentes e das que o conxunto de materiais lexicográficos presentan unha definición incompleta ou parcial.

Neste artigo comentaremos algunhas outras formas ás que pensamos que os nosos diccionarios e vocabularios lles deberían prestar máis ou algunha atención (tendo en conta o propio tipo de entradas que rexistra ese conxunto de obras de referencia ou o propio carácter das definicións que se fan de termos usados no ámbito xurídico-administrativo: por exemplo, *recorrer* en Obradoiro, 'en dereito, presentar un recurso'): *actor, allear, custa(s), desafiuzar, mostraxe, orde, validar.*

Actor

Sobre este termo os diccionarios presentan un tratamento desigual: mentres que o Léxico e o Xerais o identifican con demandante nun proceso, Obradoiro e RAG omiten calquera referencia a esta acepción, limitándose á esfera das artes interpretativas (cinema, teatro, etc.).

Allear

Non tódolos diccionarios de consulta rexistran este verbo co significado de 'transmitirlle a outro a propiedade, o dominio ou outro dereito sobre unha cousa', acepción ben antiga no idioma e hoxe de uso normal no ámbito económico e xurídico-administrativo; en concreto, RAG omíteo e nalgún outro non está suficientemente explícito.

Custa(s)

Aínda que Xerais e Obradoiro recollen este termo co significado de 'gastos ocasionados nun proceso xudicial', non sucede o mesmo con RAG, que só fai referencia -"úsase principalmente"- ós seus usos como locución preposicional (*á custa de*).

Desafiuzar

Este verbo, obxecto de comentario nas páxinas desta revista (*Cadernos de lingua* nº 2, pp. 83 e ss.) como exemplo de ampliación semántica, non aparece nin como entrada en RAG e Xerais, mentres que o Léxico e Obradoiro si o recollen, tanto referido a un enfermo coma a un alugueiro ou inquilino.

Mostraxe

Termo que coñece ultimamente un gran incremento de uso, aparece recollido no VOLG e no Léxico, parcialmente en Xerais -na última edición xa figura como entrada independente aínda que non se fai equivalente do termo castelán *muestreo*- e non en RAG -que si recolle en cambio, por exemplo, *sondaxe*-.

Orde

No ámbito administrativo esta palabra é frecuentísima, como 'disposición regulamentaria dictada por un ministro ou conselleiro no ámbito das competencias propias do seu departamento'. É un termo polisémico, cun gran abano de empregos, que está perfectamente recollido nos nosos diccionarios. O estraño é que estes, especialmente RAG e Xerais, non o testemuñan con esta significación específica de

norma xurídico-administrativa, mentres que, pola contra, si o fan -e Xerais extensamente- con outros termos como *decreto* (*real decreto, decreto lei*). Quizais algúns termos como *lei, orde, decreto, resolución*... deberían tratarse e rexistrarse por un igual.

Validar

Forma moi usada especialmente no ámbito educativo. Non aparece como entrada nin en RAG nin en Xerais (aínda que neste último si figura na familia de *válido*). Conviría ila fixando co significado de 'darlle validez ou carácter lexítimo a algo (estudios, documentos...)', como equivalente do termo castelán *convalidar.* Así aparece xa en Obradoiro.

3. Formas galegas ausentes

Neste epígrafe incluímos algunhas formas que, non sendo nalgún diccionario concreto, están xeralmente ausentes, a pesar de teren unha vida bastante consolidada no léxico administrativo e no doutros rexistros: *aquendar(se)/arroldar(se),* formas sintagmáticas como *prezo xusto, axuda de custo* ou, sobre todo -polo que teñen de frecuentes e ás veces de diferenciais-, locucións de distinto tipo, desde as máis comúns: *a seguir, sen embargo, sen dúbida (ningunha)/sen (ningunha) dúbida, a/por pedimento,* ás máis propiamente administrativas: *a maior abastanza/por máis abastamento, para (os) efectos, se é o caso.* A maioría destas formas aparecen tan só nalgún diccionario e, no caso de non apareceren, si se rexistran en cambio outras formas menos frecuentes ou non tan necesitadas de fixación.

Aquendar(se)/arroldar(se)

Só presentes no VOLG e no Léxico, a pesar de que os substantivos base son recollidos por tódolos diccionarios e especialmente ben definidos en Obradoiro. Estes e outros termos foron comentados no nº 1 de *Cadernos de lingua* (pp. 41 e ss.), e, aínda que menos frecuentes cós substantivos respectivos, deberían figurar dalgunha maneira nos materiais lexicográficos. A última edición de Xerais, a diferencia das anteriores, dálle entrada a *arroldar,* que fai equivalente de *aquendar,* aínda que restrinxe o seu uso ó reparto da auga.

Prezo xusto

Este termo sintagmático aparece no Léxico ou en materiais máis especializados (por exemplo, no "Diccionario galego de banca" editado pola Dirección Xeral de Política Lingüística) como 'taxación dunha

cousa', equivalente ó termo castelán *justiprecio.* A súa frecuencia de uso e a presencia de entradas doutras formas deste nivel semella que recomendarían a súa inclusión nos materiais de referencia.

Axuda de custo

Esta expresión, comentada xa nesta revista como exemplo de recuperación de formas tradicionais de termos xurídico-administrativos (*Cadernos de lingua* nº 1, pp. 11 e ss.), co significado de 'asignación económica diaria que recibe un traballador ou cargo público pola realización dun traballo ou pola asistencia a determinadas reunións fóra da súa residencia habitual', só aparece rexistrado no Léxico. Como outros casos comentados, conviría que fose recollida nos nosos diccionarios, ó igual que sucede en todos estes con termos como *cadro de persoal* (castelán *plantilla*).

Locución comúns como *a seguir, sen embargo, sen dúbida (ningunha)/sen (ningunha) dúbida, a/por pedimento.*

Este conxunto de formas é desigualmente tratado nos materiais de consulta. Algúns diccionarios recóllenas e outros non. Sen entrar noutras consideracións -a (im)prescindibilidade da presencia de todas elas-, chama a atención por exemplo que Xerais recolla como locución *sen dúbida* e non faga o propio con *a seguir* ou *sen embargo,* co cal se pode dubidar da súa existencia. Cumpriría nestas e noutras locucións un tratamento máis coherente e a presencia dalgunha delas sen ningunha dúbida no conxunto dos materiais mencionados.

Locucións máis propiamente administrativas como *a maior abastanza/por máis abastamento, para (os) efectos, se é o caso*

Estas locucións -as dúas primeiras exemplo comentado no nº 1 de *Cadernos de lingua* (pp. 11 e ss.) de habilitación de formas tradicionais- están ausentes nos materiais de referencia, non sendo no Léxico, especificamente administrativo. A presencia doutras locucións e frases feitas baixo as entradas de *caso* e *efecto* e maila extensión de uso sobre todo das dúas últimas debían ser motivo abondo, ademais da súa necesidade de fixación, para a súa inclusión nos léxicos comúns. Pénsese por outra parte que non é estraño atopar nestas locucións ou frases canto menos do seu mesmo nivel de emprego ou de uso especializado: *a teor de, a expensas de/a custa de, a instancias de, en defecto de, en virtude de...* (todas elas, por exemplo, xa no Xerais desde a primeira edición).

Nota final

Circula estes tempos entre determinados círculos unha curiosa dialéctica entre a visión "optimista" e a "pesimista". Sobre o tema do establecemento do corpus lingüístico científico-técnico reclamaba xa no 89 Xosé Antón Dobao ("O establecemento dunha linguaxe científico-técnica para o galego", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas,* tomo VI, pp. 99 e ss.) a creación dun Instituto de Estudios e Normalización Terminolóxica de Galicia. Non sei se o verán os nosos ollos, pero a pé de obra, á parte doutras cuestións, suceden casos coma este: despois de máis ou menos establecer lexicograficamente (véxanse os materiais oportunos) unha equivalencia entre *obriga de pagamento* e o castelán *pagaré,* despois de ser usado durante anos con xeral aquiescencia, mesmo en textos legais, a finais do 92, no trámite parlamentario da que sería a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, cuestiónase a súa validez -pois *obriga de pagamento* seica é xenérico e hainas de varios tipos- e habilítase, despois de os lingüistas desaconsellar *pagaré, título de pagamento,* nese texto legal. Como seguimos sen cubrir satisfactoriamente moitos dos que se chaman baleiros terminolóxicos, non podemos agardar ata a creación dese Instituto terminolóxico -xa non hai posibilidade de xemelgo galego co Termcat catalán ou co Euskalterm vasco-, pero o que si está claro é que, sen superar esa fragmentación e improvisación, sen establecer canles de coordinación e difusión terminolóxica, o avance é moi lento e inseguro. Polo que respecta ós materiais lexicográficos xerais, ós que nos referimos neste artigo, teñen o seu importante papel e, a pesar de certas deficiencias, constitúen unha achega fundamental na codificación léxica da lingua.

ANÁLISE DO PRIMEIRO LÉXICO PRODUCIDO POR NENOS GALEGOS*

MAITE FORJÁN VILLAR
SAGRARIO GARCÍA LÓPEZ
MIGUEL PÉREZ PEREIRA

Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción

¿Como se adquire o significado das palabras? ¿Que claves se empregan para elabora-las primeiras hipóteses acerca do significado das palabras? ¿Esta adquisición segue unha orde determinada? ¿Que determina esta orde?.

Diversas teorías intentan respostar a estes interrogantes. Unha das que espertou máis interese foi a *Hipótese dos Trazos Semánticos* de E. Clark (1973), que se basea no suposto de que o significado dunha palabra se pode descompoñer nunha serie de elementos máis pequenos chamados trazos ou compoñentes. Clark afirma que as claves empregadas polos nenos para elabora-las súas primeiras hipóteses sobre o significado das primeiras palabras son de tipo perceptivo. Os nenos comezan identificando o significado dunha palabra con só algúns dos seus compoñentes semánticos ou trazos de significado. A existencia de numerosos datos de que nos primeiros momentos os nenos estenden excesivamente o alcance das palabras parece reforzar esta teoría. Clark considera que as sobreextensións resultarían do feito de que o neno só toma en consideración algún trazo semántico e estende o uso da palabra a tódolos obxectos que presentan eses trazos, como, por exemplo, cando chama *guau-guau* non unicamente a un can, senón tamén a unha vaca, un gato, ou unha ovella. Nese caso, os trazos

* Esta investigación realizouse gracias ás axudas concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia (XUGA 21104B1) e pola D.G.I.C.Y.T. do Ministerio de Educación (PB1-0776) ó proxecto "A adquisición da linguaxe en nenos galegos bilingües".

semánticos que subxacerían á palabra *guau-guau* serían [ANIMAL (+CON PEL) +CUADRÚPEDE], que, como se aprecia, son trazos comúns a tódolos exemplares a que se refire o neno coa palabra. Pouco a pouco o neno irá engadindo trazos novos ó significado das palabras, o que levará á corrección das sobreextensións, incorporando progresivamente novas palabras para diferenciar cada tipo de animal.

Datos a favor de claves de tipo perceptivo tamén son proporcionados por Bowerman (1976) quen, empregando a noción de prototipo formulada por Rosch (1973), propón que os prototipos desempeñan un papel importante na adquisición do significado das palabras, xa que un membro prototípico (por exemplo *gorrión* para *paxaro*), que é aquel que xunta máis características dunha clase de obxectos, apréndese antes cós membros periféricos ou atípicos (por exemplo pingüín, avestruz, etc.) que aínda non son recoñecidos como membros desa categoría. De aí que os nenos cometan erros de infraextensión no comezo do seu desenvolvemento léxico, chamando, por exemplo, coche só ós que están en movemento, ou can a certos tipos de can, pero non, por poñer un caso, a un chiguagua. Outros autores, como Nelson (1988) ou Barrett (1983, 1995), tamén apelaron á teoría dos prototipos para explicar ese fenómeno da infraextensión, pero sen propoñer que as características dos exemplares típicos fosen de carácter perceptivo unicamente.

No comezo do desenvolvemento lingüístico, os nenos usan as primeiras palabras en contextos moi familiares, nos que ocorre unha secuencia de accións dos participantes na situación de maneira moi regular, caracterizados tamén eses contextos polo carácter repetitivo das accións dos adultos, etc. Situacións como certos xogos sociais (como o cucú, xogos de dar cousas a outro, ou coller cousas doutro) ou as situacións de comer ou de baño, constitúen bos exemplos do anterior. Esas situacións foron denominadas *formatos* por Bruner (1986) e varios autores comprobaron que as primeiras palabras que producen os nenos están vinculadas a elas (Camaioni e Laicardi, 1985; Nelson, 1988; Barrett, 1995), teñen, por así dicilo, un significado só dentro desa situación. De aí que o neno diga, por exemplo, a palabra *pumba* cando empuxa os cubos amontoados xogando coa nai a construír e tirar torres de cubos, pero non noutras situacións en que algo cae, ou en que alguén tira algo. Dise, logo, que o neno presenta un uso da linguaxe (das primeiras palabras) moi contextualizado, moi vencellado a contextos específicos, familiares para el. Segundo eso, os nenos aínda non terían unha representación conceptual dunha palabra, senón que a representación vinculada a esa palabra sería do que se chaman eventos ou acontecementos (Barrett, 1983, 1995; Nelson,

1988). A palabra ten un sentido dentro desa secuencia de accións ou acontecementos, pero aínda non ten un significado xeneralizado, conceptual, de aí ese uso restrinxido que manifestan os nenos ó comezo. Posteriormente será cando os nenos empecen a ser capaces de abstraer trazos comúns a determinados tipos de obxectos, accións, ou características dos obxectos e seres, e ocorra o que propoñen autores como Bowerman ou Clark (Barrett, 1995).

Outros teóricos rexeitan a relevancia das claves perceptivas e enfatizan a importancia de factores de tipo funcional. Nelson (1974), baseándose no feito de que o primeiro vocabulario é moi selectivo, afirma que a primeira base de clasificación para o neno é o ter en común a mesma función. As cousas chegan a considerarse como membros dunha mesma categoría non porque parezan semellantes polo seu aspecto, senón pola semellanza que poidan ter no seu comportamento, na súa forma de funcionar, na forma en que se actúa sobre eles, ou polo seu uso, é dicir, polas súas características funcionais. Probablemente, ambas concepcións, a de base perceptual e a de base funcional, acheguen elementos que hai que integrar para dar conta de como os nenos adquiren o significado das palabras.

Por outra banda, Nelson (1973) afirma a existencia de diferencias no proceso de adquisición da linguaxe que se traducen en diferencias no estilo lingüístico, que ela denominou expresivo e referencial. Eses estilos sitúanse en dous extremos dos seguintes parámetros: na adquisición e uso das palabras (predominio de nomes fronte ó predominio de pronomes) no tipo de contidos que expresan (obxectos fronte a estados ou actitudes persoais) e na estructura das súas emisións (analítico fronte a global). Algúns nenos inícianse na linguaxe de xeito analítico ou *referencial* empregando gran cantidade de nomes para referirse a obxectos e accións e usando a linguaxe para un extenso rango de funcións pragmáticas, mentres que outros baséanse nun uso *expresivo* e sintético, empregando palabras de interacción social (*ola, adeus, por favor, boas noites*), e formulando frases útiles para dirixi-lo comportamento doutras persoas (Nelson, 1988). Así, algúns parecen estar aprendendo a falar das cousas e outros de si mesmos e doutras persoas; uns están aprendendo unha linguaxe para referirse ós obxectos e outros unha linguaxe máis axeitada para a interacción social.

Obxectivos do estudio

No presente traballo, que é de carácter prospectivo, intentaremos acada-los seguintes obxectivos:

1.- Observar se a adquisición do primeiro vocabulario segue un patrón de desenvolvemento cunha orde determinada e con contidos comúns nos suxeitos estudiados.

2.- Observa-las características do léxico e a posible existencia de formas diferenciadas ou variacións individuais nos nenos á hora de aprende-la linguaxe.

3.- Ver que tipo de variables poden determinar esas diferencias, en caso de existiren.

Metodoloxía

Suxeitos

Analizouse o primeiro léxico de catro nenos galegos -Andrea, Anxo, Mar e Nuria- criados en ambiente galegofalante, durante o período da aparición das primeiras cincuenta palabras. A lingua habitual da familia nos casos de Anxo e Andrea é o galego, mentres que no caso de Mar e Nuria hai un uso mesturado do galego e castelán.

Dos catro nenos estudiados, Anxo, Mar e Andrea son fillos únicos mentres que Nuria ten un irmán maior ca ela. Os catro nenos pertencen a familias cun nivel sociocultural medio/alto.

O estudio abrangue o período comprendido entre a aparición da primeira palabra ata que o repertorio léxico chega ás 50 palabras no caso de Mar, Andrea e Anxo, agás no caso de Nuria, da que se rexistran só 42 palabras. Os nenos chegan a esta marca a idades distintas: Mar adquire as 50 primeiras palabras ós 1;4,21 (1 ano, 4 meses e 21 días), Andrea ós 1;6,14 e Anxo ós 1;9,2; pola súa banda Nuria adquire as 42 primeiras palabras ós 1;4,15.

Procedemento

Para a recollida das primeiras producciónes empregouse a folla de rexistro que aparece no Anexo I, baseada na de Nelson (1973).

O rexistro deste primeiro vocabulario infantil foi levado a cabo polas nais ou pais dos nenos. Neste rexistro só se recolle a producción das 50 primeiras palabras tal como as din por primeira vez, sen ter en conta os usos posteriores desas palabras. Ó mesmo tempo rexístrase a

data de producción de cada palabra e o contexto (indicando, pedindo, xogando, etc.) no que esta aparece. Obsérvase tamén que a forma fonética das palabras é case sempre aproximada á dos adultos e ás veces totalmente idiosincrática. O criterio adoptado neste estudio para considerar algo como palabra foi que a unidade de son tivera unha certa consistencia e fora empregada polo neno cun significado claro que era recoñecido pola nai ou pai.

A decisión de utiliza-los pais ou nais como principal fonte de datos e non un observador externo á familia adestrado especificamente carrea unha serie de problemas, como son a variabilidade entre eles á hora de entender certos sons como linguaxe, a súa habilidade para interpreta-las producciónns do seu fillo ou filla, e a consistencia e coidado con que eles toman os informes. Non obstante, o uso dos pais como observadores presenta a vantaxe do contacto cotián e a familiaridade co neno, que sen dúbida son unha grande axuda para a comprensión das producciónns infantís.

As palabras foron clasificadas de acordo co sistema de categorización empregado por Nelson (1973), que aparece no Cadro I.

CADRO 1
Categorías empregadas para a análise do vocabulario

1. NOMES ESPECÍFICOS: palabras empregadas para referirse a un exemplar dunha categoría. Por exemplo nomes de persoas ou animais.
2. NOMES XERAIS: palabras empregadas para referirse a tódolos membros dunha categoría.
3. ACCIÓNS: palabras que describen, demandan ou acompañan unha acción.
4. MODIFICADORES: palabras referidas ás propiedades ou calidades das cousas ou eventos. Inclúen atribucións (feo, pequeno), posesión (meus, meu) e recorrencia (máis, outro).
5. PERSOAL-SOCIAL: palabras que expresan estados afectivos e relacións sociais.
6. PALABRAS FUNCIÓN: termos que realizan unicamente unha función gramatical como artigos, preposicións, conxuncións e pronomes interrogativos.

Para determinar se existían contidos e formas regulares asociadas co desenvolvemento, as palabras foron clasificadas de acordo coa súa orde de adquisición. Esta medida permitiranos, ó mesmo tempo, ve-las diferencias individuais na composición do vocabulario de cada neno ó longo dunha curva de adquisición.

Resultados

Os resultados seguintes atinxen a análise do léxico acadado polos suxeitos dentro do período da adquisición das primeiras 50 palabras, agás no caso de Nuria da que se rexistraron só 42 palabras. Este período foi completado polos diferentes nenos entre as idades de 16 e 23 meses, sendo a idade media de 18,25. Estes datos axústanse ós obtidos por Nelson (1973), a cal informa da consecución deste período entre os 15 e 24 meses.

O total de vocabulario dos catro nenos foi clasificado seguindo o sistema de categorías de Nelson tendo en conta o contexto no que se producen. Os resultados aparecen na Táboa 1. No Anexo II aparece o listado de tódalas palabras empregadas por cada neno.

TÁBOA 1

Porcentaxe media por categoría para os catro nenos

CATEGORÍA	%
N. Específicos	21,35%
N. Xerais	44,79%
P. Acción	14,58%
Modificadores	8,85%
Persoal-Social	9,80%
P. Función	0,50%

Atopamos unha apreciable semellanza na composición deste primeiro léxico. A categoría de nomes xerais é a máis frecuente (44,79%): *auga, chupete, coche*, etc. A seguinte en frecuencia é a de nomes específicos (21,35%), *mamá, papá* e nomes de animais de compañía. Séguelle a categoría de palabras acción, fundamentalmente verbos, cun 14,58%, con palabras como *mira, trae,* etc. Menos frecuentes resultaron os modificadores (8,85%), as palabras persoal-social (*ola, adeus, non*) (9,80%), e palabras función que só constitúen o 0,5%.

Os resultados globais para os 4 nenos indican que o seu estilo na adquisición do léxico seméllase ó dos nenos que Nelson (1973) catalogou como referenciais. Esta mesma conclusión pódese deducir tamén da análise individualizada do léxico producido por cada neno.

De seguido preséntanse os resultados da análise do léxico de Anxo, Nuria, Mar e Andrea (Táboa 2), de maneira individualizada, de xeito que se poidan comparar entre si.

TÁBOA 2
Tipo e porcentaxe de uso das primeiras palabras

	MAR	ANDREA	NURIA	ANXO
N. Específicos	10 (20%)	10 (20%)	17 (40,4%)	4 (8%)
N. Xerais	19 (38%)	23 (46%)	12 (28,5%)	32 (64%)
Accións	8 (16%)	7 (14%)	6 (14,2%)	7 (14%)
Modicadores	5 (10%)	4 (8%)	3 (7,1%)	5 (10%)
Persoal-Social	7 (14%)	6 (12%)	4 (9,5%)	2 (4%)
Funcionais	1 (2%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
TOTAL	50(100%)	50(100%)	42(100%)	50(100%)

Na Figura 1 preséntanse de forma gráfica os resultados obtidos na análise do vocabulario inicial.

En xeral, estes resultados coinciden cos obtidos por Nelson (1973) con 18 nenos norteamericanos, quen atopou que o léxico máis frecuentemente empregado era o da categoría de nomes xerais, seguida da dos nomes específicos, menos frecuentes eran as categorías de palabras accións, modificadores e persoal-social. Non obstante, os resultados difiren dos de Nelson nalgúns matices, presentando os nenos galegos unha porcentaxe menor de nominais xerais (44,7% fronte a un 51%), menos palabras función (0,50% fronte a un 4%) e máis nomes específicos (21,3% fronte a un 14%) cós nenos norteamericanos.

Facendo unha análise individual do tipo e porcentaxe de uso das primeiras palabras observadas nos nosos suxeitos, cabe destaca-la existencia dun patrón inverso en canto ó uso dos nominais específicos e xerais en Nuria con respecto a Anxo, especialmente, pero tamén ós demais nenos. Efectivamente, Nuria produce unha maior porcentaxe de nominais específicos (40,4%) ca Anxo (8%), pero unha máis escasa porcentaxe de nominais xerais (28,5%) ca aquel (64%).

Tamén é de salientar que Anxo é quen máis se axusta ó patrón propio do estilo referencial, xa que é quen adquire un maior número de nomes xerais (64%) e, ó mesmo tempo, menos palabras da categoría persoal-social (4%), non adquirindo ningunha palabra de tipo funcional. Por último, sinalar que Mar ten as porcentaxes máis altas dos catro nenos nas categorías de persoal-social (14%) e nas palabras función (2%).

A análise da composición do primeiro vocabulario, comparando a adquisición das 10 primeiras palabras e das 10 últimas, mostra a existencia dun cambio no curso da adquisición (ver Figura 2). O máis destacado deste cambio é que en tódolos nenos se atopa un elevado incremento na proporción de nomes xerais (35% fronte a un 60%) e un descenso no número de nomes específicos (40% fronte a un 7,5%). Tamén se aprecian máis palabras acción cara ó final do período estudiado (7,5% fronte a un 20%), e menos palabras persoal-social (0% fronte a un 2,5%).

Para a análise do contido do vocabulario de cada neno empregáronse só os nominais xerais por se-los seus referentes os máis fáciles de identificar. As categorías dos nominais xerais producidas por tódolos nenos amósanse na Táboa 4.

Os ítems de comida foron os máis sobresaíntes nesta primeira adquisición (26,74%) seguidos dos animais (11,62%) e as palabras referidas ás partes do corpo (11,62%), mentres que mobles, roupa e obxectos persoais foron máis escasos.

TÁBOA 4
Categorías semánticas representadas no vocabulario de nominais xerais

Categorías Semánticas	%
Comida	26,74%
Animais	11,62%
Xoguetes	2,32%
Partes do Corpo	11,62%
Mobles-Partes da Casa	8,13%
Obxectos Persoais	9,30%
Roupa	6,97%
Persoas	3,48%
Vehículos	10,46%
Miscelánea	8,13%
TOTAL	86 (100%)

Discusión

Unha primeira análise do primeiro léxico dos nenos móstranos a existencia dun patrón de desenvolvemento cun predominio de palabras nominais, independentemente do ambiente lingüístico (monolingüe / bilingüe) no que viven os nenos. Hai, tamén, unha grande uniformidade nas primeiras palabras adquiridas (ver Táboa 2), tendo máis relevancia

a categoría de nomes xerais (*auga, chupete, coche*) seguida da de nomes específicos (*mamá, papá*) e da de clases de palabras que describen accións como *mira, trae*, etc. As categorías semánticas dos nominais xerais máis empregadas polos nosos suxeitos son os termos referidos á comida (26,74%) a animais (11, 62%) e a vehículos (10,46%), o que coincide cos resultados obtidos por Nelson (1973).

Ademais desta regularidade no tipo e contido das palabras adquiridas, tamén se atopou, mediante a comparanza das dez primeiras palabras coas dez últimas, un cambio na composición do vocabulario que é común a tódolos nenos (ver Táboa 2). O máis destacado deste cambio é o incremento na proporción de nominais xerais e o correspondente descenso de nominais específicos. Esto parece indicar que a xeneralización de nomes ós membros dunha categoría (nomes comúns ou xerais) é un proceso que se incrementa coa idade. De tódolos xeitos, esa hipótese só poderá ser comprobada mediante un estudio lonxitudinal no que se siga a evolución no curso de cada palabra.

Con respecto ó estilo de aprendizaxe da lingua, o noso estudio mostra que os catro nenos presentan un tipo de léxico que se podería catalogar dentro do que Nelson denomina como referencial, con predominio das palabras contido como nomes, verbos e adxectivos. Este estilo implica unha preferencia polos nomes dos obxectos que coñecen (44,74% de nomes xerais) cando falan. Os nenos referenciais son máis analíticos, e por eso a súa linguaxe asimila formas individuais extraídas das emisións lingüísticas que se refiren ós obxectos e accións concretas. A existencia de estilos lingüísticos non só implica distintas formas de aborda-la aprendizaxe da linguaxe senón que reflicte tamén as diferencias no uso que os nenos fan da linguaxe. Os nenos referenciais usan a lingua non só como un medio de comunicación, senón tamén para aprender cousas sobre o seu ambiente. Empregan a linguaxe como ferramenta para investigar e falar sobre o mundo inanimado.

Pola contra, os expresivos posúen unha maior variedade de rutinas sociais que expresan mediante frases feitas, empregan palabras funcionais de sentido xeral, como os pronomes, que están ligados ó contexto de maneira que, en ausencia deste, non é posible interpretalos claramente. Os nenos expresivos utilizan a linguaxe como instrumento comunicativo, centrándose máis na propia interacción, na actividade das persoas e nos estados subxectivos nos que se atopan.

Para explica-la tendencia a usar un estilo de linguaxe referencial aludiuse a factores de tipo non lingüístico como son variables demográficas (sexo e orde de nacemento) (Nelson, 1973; Peters, 1977) e o nivel cultural e económico dos pais (Nelson, 1973, 1981; McCabe,

1989). Múltiples estudios (Nelson 1973, 1981; Snow et al., 1976) mostran que os nenos referenciais vivían xeralmente en familias con status socio-económico máis alto cós nenos expresivos. Revisando os traballos sobre adquisición da linguaxe e status socio-económico, todos parecen estar de acordo con que o tamaño do vocabulario, a velocidade de adquisición e a claridade da articulación (características que distinguen os estilos expresivo e referencial) son menores nos suxeitos de clase baixa.

Consideramos que a nosa investigación apunta tamén á existencia desa relación entre o nivel sociocultural alto dos pais e o grupo referencial, xa que os catro suxeitos da nosa mostra, todos pertencentes a familias de nivel cultural medio-alto, forman parte do grupo referencial. Non obstante, para sustentar esa hipótese sería necesaria unha mostra meirande de suxeitos que incluíra tamén nenos de clase social baixa, de maneira que poideramos aprecia-lo seu estilo.

O cativo número de suxeitos analizados e as súas características tampouco permiten dilucidar nada sobre certos factores ós que se aludiu para explicar características do primeiro léxico coma a orde de nacemento e o sexo.

Os datos que obtivemos apoiarían máis ben a primacía de factores de tipo funcional na adquisición temperá. Os obxectos sobre os que os nenos actúan e as propias accións que realizan parecen ser as palabras polas que o neno sente especial preferencia. Con moi poucas excepcións tódalas palabras listadas son obxectos móbiles ou manipulables. Logo, parece que os nenos tenden a usa-las primeiras palabras en relación coas súas propias accións, aínda que non de forma exclusiva (Barrett, 1983, 1995), accións que realiza en situacións de interacción coa nai, quen tutela e guía o neno nas súas actividades. Probablemente, esas actividades nas que o neno ou nena produce as primeiras palabras son situacións habituais na súa vida e que, por tanto, lle son familiares. A pesar de que os aspectos funcionais parecen ser un determinante importante das palabras que o neno elixe, non podemos por iso descartar factores de tipo perceptivo (Clark, 1973).

Se ben é certo que non podemos extraer conclusións firmes deste estudio, tanto polo número de suxeitos estudiados coma polo propio carácter do traballo, sen embargo si parece claro que a orde de adquisición do primeiro léxico non se pode explicar por un único factor senón pola interacción de varios factores, algúns dos cales están interrelacionados.

Referencias bibliográficas

Barrett, M.D. (1983). The early acquisition and development of the meanings of action-related words. En Th. B. Seiler & W. Wannenmacher (eds.), *Concept development and the development of word meaning*. Berlin: Springer.

—— (1995). Early lexical development. En P. Fletcher & B. MacWhinney (eds.), *The handbook of child language*. Oxford: Blackwell.

Runer, J. (1986). *El habla del niño*. Barcelona: Paidós.

Bowerman, M. (1986). Desarrollo semántico y sintáctico. En R.L. Schiefelbusch (ed.), *Bases de intervención del lenguaje*. Madrid: Alhambra.

Camaioni, L. & Laicardi, C.(1985). Early social games and the acquisition of language, *British Journal of Developmental Psychology,* 3, 31-39.

Clark, E. V. (1973). What's in a word? On the child's adquisition of semantics in his first language. En T.E. Moore (ed.), *Cognitive development and the adquisition of language*. New York: Academic Press.

McCabe, A.E. (1989). Differential language learning styles in young children: the importance of context, *Developmental Review,* 9, 1-20.

Nelson, K. (1973). Structure and strategy in learning to talk, *Monographs of the Society for Research in Child Development,* 38 (Serial nr. 149).

—— (1974). Concept, word and sentence: interrelations in acquisition and development, *Psycological Review,* 81, 267-285.

—— (1981). Individual differences in language development: implications for development and language, *Developmental Psychology,* 17, 2, 170-187.

—— (1988). *El descubrimiento del sentido. La adquisición del significado compartido*. Madrid: Alianza Editorial.

Peters, A. (1977). Language learning strategies: does the whole equal the sum of the parts?, *Language,* 56, 560-573.

Rosch, E. (1973). On the internal structure of perceptual and semantic categories. En T. E. Moore (ed.): *Cognitive development and the acquisition of language*. New York: Academic Press.

Snow, C., Arlman-Rupp, A., Hassing, Y., Jobse, J., Jooster, J., & Vorster, J. (1976). Mothers' speech in three social classes, *Journal of Psycholinguistic Research,* 5, 1-20.

ANEXO I
INSTRUCCIÓNS PARA A FOLLA DE REXISTRO DO PRIMEIRO VOCABULARIO INFANTIL

INSTRUCCIÓNS E GUÍA PARA REALIZA-LA RECOLLIDA DE PALABRAS.

Columna 1: palabra.- Referir calquera son que faga o neno ou a nena que a) imite unha palabra recente dun adulto ou un neno maior; ou b) sexa usada como unha palabra polo neno para indicar algunha cousa, persoa, acción, desexo, etc., tanto se soa coma as palabras adultas para a mesma cousa coma se non.

Na medida en que sexa posible, dar á vez a pronunciación do neno ou nena e a palabra adulta que significa. Se non estás seguro/a de se o neno a está usando para significar algo, indica esto na columna de Comentario.

Columna 2: Data de uso.- Data en que o neno utilizou por primeira vez a palabra.

Columna 3: imitacións.- ¿Utilizou a palabra despois de que a dixo alguén? Si ou non.

Columna 4: ¿Díxolle a palabra a alguén?.- Si ou non. Indicar a quen (O neno está falando para si mesmo, por exemplo xogando, ou a alguén que estaba con el nesa ocasión?).

Columna 5: ¿Que estaba sucedendo?.- Realizar unha breve descrición de:

¿Onde estaba o neno ou a nena?
¿Quen estaba presente con el ou ela?
¿Que estaba facendo?
¿Estaba xogando con algo ou usando algo? Se é así, que cousa?
¿De que humor estaba? ¿Ledo? ¿Irritable?....
¿Que pensas que estaba tratando de dicir?

==========

FOLLA DE REXISTRO DO PRIMEIRO VOCABULARIO INFANTIL

Palabra (1)	Día do 1º uso (2)	Imitación (3)	¿Díxolle a palabra a alguén? (4)	Comentario (5)

ANEXO II
REPERTORIO LÉXICO DE MAR, ANDREA, NURIA E ANXO, AGRUPADO EN CATEGORÍAS

Lendas: 1= Nome específico, 2= Nome xeral, 3=Acción, 4= Modificador, 5= Palabra persoal social, 6= Palabra función.
Entre parénteses aparece o significado atribuído polos pais.

MAR: 50 primeiras palabras (Ata 1;4,21)
1 Ola (Manola)
1 Olo (Manolo)
1 ala (avoa)
1 mamá
1 Mari
1 Pa (Pila)
1 papá
1 pepe (Pepe)
1 tatá (Mary)
1 tí (Martín)
2 aau (onomatopea de gato)
2 aba (auga)
2 elo (pelo)
2 haba (faba)
2 lete (leite)
2 món (queixo)
2 món (xamón)
2 nena (nena)
2 nené
2 odo (quentador)
2 oló (reloxo)
2 pa (pan)
2 pa (planta)
2 pe (pé)
2 popó (coche)
2 rum rum (onomatopea de coche)
2 tac-tac (onomatopea de reloxo)
2 teté (chupeta)
2 to (botón)

3 da (dáme/dar)
3 mira
3 pa:: (pasa)
3 pó (escapou)
3 pon (poñer)
3 tá (está)
3 tae (trae)
3 ve:: (ven)
4 aí
4 aitá (aí está)
4 bapa (guapa)
4 ma (máis)
4 ma:: (malo)
5 ::ala:: (cando fai calquera cousa ou chega a un sitio)
5 hola
5 nho (non)
5 ólo (colo)
5 pi (pis)
5 si
5 tes (tres) (xogando cos cubos)
6 a

ANDREA: 50 primeiras palabras (Ata 1;6,14)
1 Aea (Sarela)
1 Ana
1 Lola
1 mamá
1 Mila
1 Oia (Gloria)
1 papá
1 Pepe
1 Pili
1 Putón (Plutón, o gato da casa)
2 a vaca
2 aaguas (paraugas)
2 agua
2 boca
2 can/ guau-guau
2 chán
2 croque
2 eilla (cerilla)
2 illa (silla)

2 lleta (galleta)
2 maán (mazá)
2 mán
2 nene/a
2 o cú
2 o ollo
2 ota (pelota)
2 ovo
2 pan
2 papa
2 popó (coche)
2 teite (leite)
2 tete (chupeta)
2 uva
3 abe (dáme)
3 able (abre)
3 achou (marchou)
3 atá (xa está)
3 noaia (non hai nada)
3 poma (toma)
3 pota (sinalando unha porta para que se lle abrise)
4 ota (outra)
4 oto (outro)
4 pica (pica, cando algo pica)
4 tete (este sinalando algún obxecto)
5 adós (adiós)
5 ola
5 no
5 si
5 upa (pedindo que a collan)
5 vale

NURIA: 42 primeiras palabras (Ata 1;4,15)
1 ana (Ana) (chamando á prima)
1 bondo (Alfonso) (chamando ó pai)
1 canana (colega) (repetía a Fina)
1 Dani (Daniel) (o nome dun amiguiño)
1 Ema (Chema) (o seu boneco)
1 Isa (Alicia)
1 Lila (nome da cadela do tío)
1 mamá
1 mina (chamando á madriña)

1 nana (Ana)
1 Ono (Antonio) (chamando ó tío)
1 Pa (Pablo)
1 Paba (Pablo: imitaba amigo chamando ó seu irmán)
1 papá
1 papi (papá, repetíao, imitando á nai que o chamaba)
1 Pina (Fina) (chamando a Fina)
1 Tidi (Matilde) (chamando á avoa)
2 baba (auga)
2 baubau
2 cote (cando ve un coche)
2 lilí (luz) (cando se acende algunha luz)
2 paca (vaca)
2 peta (porta)
2 petete (chupete)
2 petito (patito) (xogaba cun pato de xoguete)
2 pupa (referíndose a unha ferida da nai)
2 puté (¿puré?)
2 tató (tractor) (o que di a avoa)
2 vaca (as vacas do avó)
3 calle (para ir fóra da casa)
3 mira (mira) (sinalando algo que lle chama a atención)
3 oma (toma)
3 pamba (pegándolle a Fina)
3 tae (trae)
3 vueve ('llueve' chove)
4 bapa (guapa) (repetíao ó vestila)
4 fio (frío) (oíndo dicir ós pais que vai frío)
4 meu
5 eeé, eeé (adormentando un boneco)
5 ió, ió (mirando a TV na que saían bonecos facendo de sirena)
5 no (non: para dicir non)
5 si (si)

ANXO: 50 primeiras palabras (Ata 1;9,2)
1 [tabumˈbum] (chave do coche)
1 [maˈma] (mamá)
1 [ˈs̪u] (Suso)
1 [taˈta] ou [paˈpa] (papá)
2 [s̪eˈs̪ɛ] (xersei)
2 [ʔɔːʔɔː] (porco)
2 [ˈaβ̪a], [aˈβ̪aβ̪a], [ˈawβ̪a] (auga)

2 [aβuˈβu] (autobús)
2 [aˈmãŋ] ou [aˈma] (a mán)
2 [aˈpa] ou [paˈpa] (pantalón)
2 [aˈpe] ou [ˈpe] (pé)
2 [aˈu] ou [aˈɥu] (iogur)
2 [baβɑw] (can)
2 [bɾˈbɾ], [buːɹbuː] (coche)
2 [bɾumˈbɾum] (máquina que faga ruído: aspirador, cortacéspede).
2 [buːˈbuː] ou [ˈmuː] (vaca)
2 [ˈeta], [ˈteta] ou [ˈteːta] (galleta)
2 [jaˈjaja] ou [laˈjaʂa] (laranxa)
2 [ˈkɑkɑ] (caca)
2 [kɑˈkɑ] (galiña, ave)
2 [naˈdi] (nariz)
2 [nẽˈnɛ] (neno, nena)
2 [ɸˈlɔ] (reloxo)
2 [ˈpa] (pan)
2 [ˈpapa] ou [aˈtapa] (tapa, tapón)
2 [ˈpe] (pera)
2 [ˈpe] ou [ˈbe] (man)
2 [ˈʂu], [ˈʃu] ou [ʃuˈʃu] (zume)
2 [ˈta] (trasteiro]
2 [ˈtara] (*cuchara* ‘culler’)
2 [tateˈtiŋ] (calcetín)
2 [ˈtiŋ] (camisa)
2 [tiˈta] (tic tac)
2 [taˈto] (tractor)
2 [toˈu] (zapato, zapatilla)
2 [ˈuʂ], [uˈuʃ] (luz)
3 [aˈʃi] (así)
3 [ˈbate], [ˈbat͡se] ou [ˈbaː] (irse, voume)
3 [oˈta] ou [noˈta] (non está)
3 [paˈpa] (tapar)
3 [ˈpi] (pis)
3 [ˈpum] [ˈpumba] [taˈpum] (golpe, golpear, caer)
3 [ˈtoo] ou [ˈtow] (rematou, acabou, parou)
4 [aˈki] ou [aˈi] (aquí, aí, alí)
4 [aˈli] (aí, alí)
4 [ˈloː] (¿manchado, sucio?)
4 [taˈki] (está aquí)
4 [ˈtoto] (tonto)
5 [ˈdʲɔʂ] ou [ˈɔːʂ] (adiós)

5 [noː] (non)

Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989. VI. Sección VI Galego*. S*ección VII Romania Nova*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1994, 884 pp.

A Societé de Linguistique Romane, que se fundara en París en 1924, celebrou en 1953 en Barcelona o seu VII congreso trianual. Nunha época en que no Estado Español se desprezaba e reprimía o uso oficial do catalán (e do galego e do euskera), ese congreso constituíu un apoio explícito ós investigadores do catalán, lingua que no séc. XIX era considerada dialecto do provenzal por mor das semellanzas lingüísticas entre o catalán e o occitano, ó que se engadía o feito de na Idade Media trobadores cataláns empregaren o occitano. Meyer-Lübke, indiscutible gran mestre da romanística científica de finais do séc. XIX e comezos do séc. XX, non recoñeceu ata o ano 1925 a independencia do catalán como lingua autónoma.

A celebración do XIX CILFR en Santiago de Compostela en 1989, con Ramón Lorenzo como secretario e responsable da organización, foi, sen dúbida ningunha, un recoñecemento da romanística ó grande esforzo de investigación sobre o galego levado a cabo na Universidade Compostelá e de modo especial no ILG (Instituto da Lingua Galega), creado en 1971. Durante moito tempo para uns lingüistas o galego era unha simple nebulosa, da que se descoñecía a súa composición, entre outros motivos, por seren moi escasas as investigacións neste eido da Romania; para outros lingüistas tratábase dun satélite do portugués, por teren ámbalas linguas unha orixe común e compartiren un grandioso corpus lírico medieval, ou ben dun satélite do español, por razóns culturais e políticas.

O emprego do galego a carón do francés -e a non utilización do español- nas circulares e demais documentación previa ó devandito Congreso de Compostela fora criticado na prensa estatal polo daquela presidente da Real Academia Española e fora motivo de protesta no propio seo da Societé de Linguistique Romane por algúns dos seus membros, que posteriormente decidiron non participar. Esta contestación foi salientada por G. Hilty no comezo da súa conferencia plenaria sobre a posición do galego entre as linguas románicas, reproducida no presente volume de actas[1].

[1] "Le titre de cette conférence, formulé par le Comité d'organisation, contient une présupposition: Le galicien est une langue romane, au même titre que, par exemple, le castillan, le portugais, le catalan, le français, l'italien etc. Cete présupposition est controversée. Preuve en est que certains membres de la Société de Linguistique Romane ont protesté contre la forme bilingue des circulaires de ce congrès, où le galicien acccompagnait le français, langue officielle de notre Societé. Je sais aussi que d'émi-

Desde outubro do 89 á actualidade, no seu obradoiro do ILG, Ramón Lorenzo está a traballar na preparación da edición dos diferentes volumes das actas do Congreso, con constancia e paciencia semellante á dos artesáns que aínda traballan a prata e o acibeche na compostelá Praza das Praterías, onde está a fermosísima escultura románica do Rei Davide, que serviu de símbolo do XIX CILFR.

En 1992 comezouse a edición destas actas, coas comunicacións de lexicoloxía e metalexicografía (vol. II) e coas de lingüística pragmática e sociolingüística (vol. III), seguidas en 1993 da publicación dos traballos de dialectoloxía, xeografía lingüística e onomástica (vol. IV) e de gramática histórica e historia da lingua (vol. V). En 1994 editouse o vol. VI, que contén unha primeira parte dedicada integramente ó galego (31 comunicacións e a conferencia de G. Hilty) e unha segunda parte dedicada á Romania Nova (27 comunicacións e unha mesa redonda), con contribucións á problemática lingüística e sociolingüística do portugués de Brasil e doutras áreas da lusofonía (de evidente interese para calquera estudioso do galego), do español de América, do francés do Québec e dos crioulos de base románica. No mesmo ano de 1994 apareceu o vol. VII, cos traballos de filoloxía medieval e renacentista.

Nas dúas seccións do volume VI, aínda que o editor non establece apartados, na ordenación das comunicacións apréciase un claro agrupamento temático. Na sección de galego, o primeiro apartado fórmano traballos de sociolingüística, onde se analizan os usos e as actitudes cara ó galego da poboación ourensá de ensino medio (X. Mª Carballeira, M. González Lorenzo, P. Iglesias e Mª Lameiras), as actitudes e os comportamentos no eido de comercio en Lugo (X. P. Rodríguez Yáñez) e o papel das organizacións políticas na restauración do uso do galego no período 1963-89 (F. Fernández Rei).

Noutras comunicacións deste primeiro grupo aténdese a diferentes aspectos relativos á codificación e á posición do galego. É o caso da lingua da TVG (Mª C. Noia), a concepción do estándar nos gramáticos do séc. XIX (E. González Seoane), a elaboración do galego como moderna lingua de cultura (U. Esser), a autonomía verbo do portugués (A. da Gama), o establecemento dunha linguaxe científico-técnica (X. A. López Dobao) e a presencia do galego na Bahía (Mª R. Suárez).

Despois deste apartado sociolingüístico figuran traballos sobre problemas fonéticos e fonolóxicos do galego actual, que teñen como tema a descrición do vocalismo tónico e átono (Mª C. Ares), a presentación dunha análise acústica do vocalismo tónico (M. González González e X. L. Regueira), a análise autosegmental das alternancias vocálicas (J. I. Hualde e F. Martínez) e a descrición do subsistema de sibilantes no Val Miñor (X. H. Costas), ós que segue o estudio das testemuñas da gheada nos primeiros textos do séc. XIX (R. Mariño).

Logo da comunicación de C. Oro sobre as desinencias *-an, -ano, -ao* vén un apartado de traballos morfosintácticos. A problemática dos pronomes

---

nents philologues et linguistes ne sont pas venus ici, afin de ne pas assister à un congrès qui, à leurs yeux, courait le risque d'attribuer au galicien trop de poids et peut-être même trop de gloire" (p. 457).

persoais é analizada por T. Riiho (a xustaposición no galego-portugués antigo), por R. Alvarez Blanco (secuencias de átonos en galego moderno), por Mª C. Figueiredo (os clíticos e a teoría da rexencia e vinculación) e por Mª X. Vázquez (os persoais nas gramáticas galegas). Por outra parte, C. Hermida estudia o artigo co posesivo na Idade Media, mentres que X. C. Sousa céntrase no artigo cos nomes propios na actualidade. A seguir figuran comunicacións de sintaxe verbal, da autoría de J. G. Herculano de Carvalho (as oracións de xerundio no galego e no portugués), X. Rivas (a perífrase *agarro e marcho*) e de H. Monteagudo (o subxuntivo futuro na prótase das condicionais medievais).

No remate agrúpase unha miscelánea con traballos sobre a interferencia, o léxico e o galego dos Séculos Escuros en textos escritos fóra de Galicia. J. M. García de la Torre analiza a 'linguaxe-eco' (repetición de unha ou de varias das palabras da pregunta, por interferencia do galego) na obra da Pardo Bazán e de Valle Inclán; A. Cano céntrase na interferencia do castelán sobre o galego ourensán do Penedo (S. Ciprián de Viñas), mentres que A. I. Boullón e F. R. Tato estudian a uniformidade e a variedade do léxico xurídico-administrativo medieval. M. Barros Ferreira, pola súa parte, céntrase na expresión dos medos infantís en Galicia e Portugal, e E. Fidalgo analiza as denominacións galegas da *chuvia/chover*. C. Buezo estudia a figura do galego nos vilancicos navideños toledanos dos séc. XVII-XVIII, á vez que edita 14 vilancicos inéditos, cantados total ou parcialmente nun galego, en parte, ficticio. Un breve estudio do "falar galego" no teatro portugués do séc. XVIII feito por F. Miranda fecha o apartado de comunicacións.

A seguir figura o texto da citada conferencia de G. Hilty, que nunha primeira parte analiza a posición do galego na Romania nunha perspectiva diacrónica, cunha caracterización da lingua do dominio galego-portugués, para logo abordar (de xeito superficial) a problemática da estandardización e da posición do galego en relación co portugués. Como conclusión Hilty afirma que, historicamente, o galego non é lingua autónoma, senón unha parte do conxunto galego-portugués, pero que hoxe pode converterse nunha (modesta) lingua románica, a carón do español, do portugués, do catalán, do francés, do italiano etc., se antes se acada unha estandardización e elaboración literaria, aceptada por tódolos galegos (pp. 471-2).

A sección da Romania Nova ábrese cun traballo de C. Díaz Alayón sobre fitónimos de orixe portuguesa nas illas Canarias (*viñátigo*, *acebiño, faya*...). Despois do estudio de B. Scharlau sobre fontes e métodos para a reconstrucción do español americano, aparecen varios artigos sobre o español dominicano, da autoría de I. Pérez Guerra (a posteriorización de /r/), de M. Román Fernández (usos das preposicións *a, con, de, en, para* e *por* no séc. XVIII) e de G. de Granda (transferencia léxica do francés e/ou do crioulo haitiano).

A seguir figuran os traballos léxicos de V. Neagru (anglicismos en series sinonímicas como *aproches-entrada, carro-coche-automóvil* e *concreto-hormigón*), M. Galeote (termos para *maíz* e *coca* en obras científicas de finais do séc. XVI) e T. S✧. Olteanu (composición de palabras formadas no territorio americano). Os traballos sintácticos de S. Caviglia e M. Malcuori sobre o

uso do perfecto composto en Montevideo e o de A. Thibault sobre o perfecto simple no teatro arxentino fechan o apartado das comunicacións do español de América.

As comunicacións relativas á lusofonía comezan co traballo de M. Golçalves, H. P. Santos, R. Fonseca e M. L. Fonseca sobre a palatalización do /l/ en contacto con /i/ (fenómeno xeneralizado) e a ditongación de /i/ tónico (en certos estratos sociais) no dialecto de Madeira. A seguir, P. Vázquez Cuesta caracteriza o portugués de Mozambique, baseándose na obra *Cronicando* de Mia Couto, un renovador da lingua literaria cun papel semellante ó de Guimarães Rosa no Brasil e ó de Luandino Vieira en Angola.

Figuran logo diversos estudios de dialectoloxía horizontal e/ou vertical: o de S. Figueiredo Brandão sobre a vibrante retroflexa como trazo distintivo dos pescadores do Município de Campos (no Río de Janeiro); o de J. Mota e V. Rollemberg sobre as constritivas implosivas na norma culta brasileira; o de Mª E. Barcellos da Silva sobre trazos fonéticos como identificadores grupais en comunidades pesqueiras do litoral fluminense; o de E. Vianna da Silva sobre conservadorismo e innovación en grupos de pescadores do norte fluminense, onde se fecha o /a/ pretónico coma no portugués europeo; e o de J. Freitas sobre os pronomes persoais suxeito na norma urbana culta de Salvador de Bahía.

S. A. Marcelino Cardoso trata os empréstimos orixinarios do francés en falares rurais dos estados de Bahía e Sergipe, mentres que I. Mª Alves estudia o vocabulario do carnaval brasileiro (e a formación das unidades léxicas deste vocabulario), baseándose nun corpus tirado de xornais de Recife, Rio de Janeiro e Salvador, así como de semanarios estatais. A análise que fai N. S. A. Martins dos arcaísmos fonéticos, léxicos e sintácticos na obra de Guimarães Rosa fecha a "sección" da lusofonía.

O apartado da crioulística comeza coa teorización de G. Manessy sobre tendencias e modo de parentesco dos crioulos coa súa "lingua de base", seguido dos traballos de Y. Simard (enmudecemento de vocais iniciais no crioulo de Haití e no pre-crioulo de Costa de Marfil), de Ph. Maurer (influencia de linguas africanas na ampliación do significado de lexemas de orixe español no papiamento de Curaçao) e de Hazaël-Massieux (fiabilidade dos textos máis antigos do crioulo francés do Caribe).

O francés do Canadá (e en especial o do Québec) é o tema estudiado por Faribault (fixación do léxico quebequés e préstamos amerindios), por Th. Lavoie (sufixación popular *-erie*, *-asser*, *-oune*) e mais por S. Widlak (homonimización por calcos semánticos do inglés no léxico do francés canadiano). A seguir figuran os textos dunha mesa redonda na que J. M. Lope Blanch e A. T de Castilho tratan, respectivamente, a investigación sobre o español de América e sobre o portugués de Brasil e na que Th. Lavoie analiza a situación actual do francés nos Estados Unidos e no Canadá, así como as principais investigacións realizadas sobre o francés quebequense.

Este conxunto de traballos pulcramente editados constitúen unha boa contribución ó estudio de dominios románicos tan diferentes coma o galego, o español americano, o portugués africano e brasileiro, o francés canadiano e os

crioulos antillanos, con reflexións de interese para a lingüística xeral, especialmente nalgunha das comunicacións dos crioulos.

Polo que respecta á lingua galega, os traballos aquí publicados son, ademais, unha boa contribución á súa estandardización e á dignificación do seu uso (18 das comunicacións están redactadas en galego), á vez que constitúen unha excelente mostra da investigación que se está a facer sobre o galego, e particularmente da investigación que se realiza no ILG, xa que moitas das comunicacións van asinadas por membros deste instituto universitario ou ligados a el, feito que fora salientado no seu día por G. Hilty e I. Castro, coordinadores da sección de galego.

Nuns traballos revísanse con novos métodos problemas tratados nos últimos anos (a autonomía lingüística do galego e a súa elaboración ou a posición dos clíticos) ou trátanse liñas de investigación inéditas antes dos anos 80 (a análise de usos e actitudes). Noutros traballos preséntase un avance de liñas de investigación totalmente inéditas en galego, como é a descrición acústica do vocalismo, ou ben fornécese material inédito de enorme interese para o estudio da lingua e da literatura dos Séculos Escuros, como ocorre cos vilancicos (trece deles son do séc. XVII).

Coidamos que 1994 e 1995 constitúen o bienio *mirabilis* da investigación lingüística do galego e o da consagración desta lingua románica, independente do portugués (e por suposto do español). En 1994 publicouse o vol. I do Mapa Sociolingüístico de Galicia[2], o vol. 6 de *Plurilinguismes* dedicado integramente á sociolingüística galega[3] e o vol. VI, 2 do *LRL*, todo el con artigos sobre galego e portugués, coa particularidade engadida de que o galego é a única lingua románica minorizada usada nesta enciclopedia lingüística[4]. En

[2] M. A. Fernández Rodríguez e M. A. Rodríguez Neira (coords.), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística, 1994.

[3] X. P. Rodríguez Yáñez (coord.), *Plurilinguismes. Sociolinguistique galicienne*, 6, décembre 1993. O volume publicouse na primavera de 1994.

[4] G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik LRL*, VI, 2 *Galegisch, Portugiesisch. Gallego, Português*, Tübingen, Niemeyer, 1994. Dos 8 artigos sobre galego, 1 está redactado en alemán e os 7 restantes en galego. No caso do catalán (vol. V, 2 1991), 6 artigos están redactados en español, 2 en alemán, 1 en francés e 1 en italiano, mentres que os 9 artigos sobre occitano (tamén no vol. V, 2 1991) están en francés (5) e en alemán (4). No vol. III (1989) os 8 artigos do friulano están en italiano, os 8 do romanche en alemán, mentres que os do ladino dolomítico están en alemán (5), en italiano (1) ou nestas dúas linguas (2). No vol. IV (1988) os 6 artigos sobre o sardo están en italiano (5) e en alemán (1) e os do corso en italiano (1), francés (1) e un terceiro cunha parte en francés e outra en alemán. E no vol. VI, 1 (1992) os artigos do asturiano/leonés redactáronse en español (2) e alemán (1), e o único de aragonés/navarro está en español.

1995 editáronse o vol. II do Mapa Sociolingüístico da RAG[5] e o vol. II do *Atlas Lingüístico Galego* do ILG[6].

Así e todo, a ledicia que produce esta excelente colleita investigadora do bienio 94-95 (só mencionei publicacións colectivas), vese amortecida polos alarmantes datos que presentan os volumes do Mapa Sociolingüístico, onde se constata un fortísimo descenso da transmisión familiar do galego nas xeracións novas (e na poboación urbana en xeral), sen que se albisque a adopción de medidas políticas que atallen esta situación de progresiva deterioración da lingua propia de Galicia.

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

[5] M. A. Fernández Rodríguez e M. A. Rodríguez Neira (coords.), *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística, 1995.

[6] R. Alvarez Blanco (coord.), *Atlas Lingüístico Galego. II Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Instituto da Lingua Galega. Fundación "Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa", 1995.

Henrique Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto.* Vigo: Galaxia, 1995, 272 pp.

O presente volume componse de seis artigos de diferentes autores precedidos dun limiar a cargo do editor. Algunhas das contribucións foron publicadas con anterioridade pero, con esta presentación conxunta, acadan un novo interese. Os colaboradores asumen unha actitude comprometida na observación dos problemas da estandardización do galego partindo de que "as linguas son productos de procesos de elaboración sociocultural".

Insírense tódalas colaboracións nun marco teórico que trata dende diferentes planos a cuestión da codificación lingüística do galego. O proceso de planificación lingüística do galego é moi recente xa que, as propostas individuais e espontáneas que andaban á procura dun estándar literario galego non posuían a socialización que precisaban. Así e todo, estas tentativas sobreviviron ata que a finais dos setenta o galego é recoñecido pola Constitución (1978) e polo Estatuto de Autonomía (1980) como lingua que afronta novas funcións de xeito que para a planificación do estatus do galego a multiplicidade de normas é un atranco importante. No proceso de creación do estándar galego aténdese a criterios lingüísticos e a criterios sociolingüísticos entre os que hai unha relación de interdependencia. Enfróntanse dúas propostas fundamentais con respecto á necesidade de establecer unha única norma: reintegracionismo (o galego é un dialecto do portugués) e rexeneracionismo (o galego é unha lingua independente).

Ábrese a obra cun artigo, ata o momento inédito, do profesor croata Žarko Muljačić (19-51 pp.). De cara a comprende-la actual situación do galego examina, a partir do modelo da "lingüística relativista" (que se basea na hipótese de que as linguas por elaboración crean as respectivas linguas por distanciamento), a situación dalgunhas linguas minorizadas ("que non posúen no exterior un estado en que sexan maioritarias") europeas, que están ameazadas por dúas linguas "maiores" homofamiliares.

Este enfoque metodolóxico iníciase coa presentación da situación de perigo a que está sometido o corso, ameazado na súa existencia polo francés e na súa autonomía polo italiano. A seguir coméntase brevemente o caso do piemontés sinalando a súa relación xenética co galo-itálico e o afianzamento do italiano como lingua alta en determinadas zonas do Piemonte. Refire logo a situación do aranés, microlingua emparentada co gascón que se atopa baixo a hexemonía do catalán e do español. Asemade realiza unha aproximación descritiva da problemática situación do macedonio, glotopoliticamente comparable ó galego (a súa independencia non foi aceptada por determinados sectores sociais); a existencia desta lingua periga pola presión do serbio estándar mentres que o búlgaro ameaza a súa autonomía. Para rematar realiza unha

análise da situación do galego. Trátase dunha revisión concisa das dúas alternativas que procuran a revitalización do galego pola creación dun estándar que axude á socialización da lingua. O autor denuncia a imprudencia e temeridade de continuar coas xa delongadas polémicas que enfrontan ás dúas opcións normativas.

No segundo traballo do libro, intitulado "Norma e estándar" (53-98 pp.), Antón Santamarina ofrécenos unha panorámica histórica das propostas individuais que contribuíron á aparición dun estándar literario galego. Os notables esforzos de lingüistas e escritores non viñeron acompañados da socialización que precisaban, de aí que se prolongaran durante 150 anos; pero a finais da década dos 70 prodúcese un cambio de perspectiva con respecto á lexislación en materia lingüística favorecéndose a depuración do estándar.

A secular presión que o galego sufriu por parte do castelán amais da limitación do uso do galego ó ámbito rural fan que emerxa o sentimento do autoodio. A teor disto temos que sinala-lo dobre labor de escritores de certa envergadura do século XIX que provocaron nos lectores unha apertura cara a valoracións favorables da lingua galega. Chegados a este punto, fúndanse en 1.916 as Irmandades da Fala e publícanse ensaios e obras de carácter científico en galego, continuándose nos anos seguintes a procura de diferentes vías de superación das limitacións do galego coa aparición dun grupo de escritores que constituíron a Xeración Nós. O camiño iniciado verase interrompido logo polo espectáculo desolador que se presenta coa Guerra Civil, retomándose os esforzos para a revitalización do galego nos anos 50 e seguintes e conseguindo a recuperación da actividade galeguista a través dos partidos políticos. Polos trazos lingüísticos dos textos literarios podemos pensar que a procura dun padrón literario galego evolúe tentando acadar unha variedade supradialectal.

Ó fio do que levamos dito, sinala que a ausencia de medios de socialización da lingua orixinou múltiples tentativas individuais para soluciona-las vacilacións nos diferentes niveis: gráficas (contraccións, representación das vocais de grao medio abertas, elisións, o fonema nasal velar...), morfolóxicas (plural de substantivos e adxectivos rematados en *-ón,* plural de substantivos e adxectivos rematados en *-al,* pronome demostrativo *este/iste,* a segunda forma do artigo...) e léxicas (arcaísmos, lusismos, hiperalienación...). Meténdonos na época actual e contando cos esforzos subliñados percíbese a ampliación de ámbitos de uso do galego. Cómpre, a partir do momento en que o galego se atopa nunha situación de cooficialidade, que se impoña unha única norma.

A partir de aquí, e cunha pretensión de obxectividade, o autor facilítanos un maior afondamento no problema da codificación do galego, describindo os argumentos nos que se apoian as dúas posturas que se atopan inmersas nesta controvertida polémica. As dúas alternativas en disputa son: o *galego identificado,* que considera o galego como lingua independente do portugués e do castelán, e o *galego satelizado,* que defende que o galego é unha variedade do portugués. Os partidarios da primeira postura apostan por un estándar propio, xa que, malia a obvia existencia do "bilingüismo inherente" (comprensión sen aprendizaxe), non podemos esquece-las diferencias que separan ó galego do portugués. Para apoia-la consideración do galego como lingua acódese á escala elaborada por H. Kloss (1978: 48-49) segundo a cal se

defende que o galego é unha lingua elaborada que está no nivel 7 (investigación orixinal en temas humanísticos). Tamén se xustifica esta primeira alternativa pola consciencia nos falantes dun carácter particular do galego a pesar das múltiples afinidades co portugués. En canto ós defensores do galego satelizado atéñense ó punto do vista filolóxico, a razóns de política lingüística e a criterios de carácter estético para argumentaren a reintegración no sistema portugués como posible vía que ilumine a cuestión de codificación do galego.

Descritas estas dúas calas analíticas o autor refire as propostas ortográficas e morfolóxicas deseñadas por cada unha delas, sinalando na sintaxe a posible convivencia de varias alternativas e a necesidade dunha proposta normativa completa no nivel fonético e no nivel léxico. A proposta do galego identificado é hoxe a normativa oficial da nosa comunidade.

Advirte Santamarina a dificultade de xulga-los argumentos latentes nas dúas posturas xa que as normas se cimentan en valores que se adscriben ó terreo da subxectividade. A xeito de conclusión advírtese o efecto prexudicial que provoca a existencia de varias normativas no proceso de recuperación normalizadora; cómpre observar que calquera proposta implica un esforzo importante de aprendizaxe e débese acepta-la autoridade de individuos e organismos responsables da normativa oficial.

No terceiro traballo (99-176 pp.), a cargo de Benigno Fernández Salgado e Henrique Monteagudo, trázase percorrido histórico polas diferentes tentativas de codificación do galego literario. Os autores realizan un estudio descritivo dos problemas que se orixinaron na procura dun estándar galego no nivel gráfico, morfolóxico e léxico. Posúe notable interese a proposta de etapas no proceso de elaboración do estándar galego tomando como referencia exemplos de obras literarias, empregando para o establecemento destes períodos a aplicación de criterios concretos: o emprego de dialectalismos, a grafización, as actitudes puristas e diferencialistas e a preocupación polo estilo. Finalmente, os autores reparan na situación do galego actual, recoñecida a finais dos 70 como lingua oficial da nosa comunidade, para a partir de aquí realizar, cun ton obxectivo, a descrición das dúas tendencias normativas opostas e a evolución nas discusións creadas á volta da polémica que enfronta galego reintegracionista e galego autonomista. Os autores do artigo poñen de relevo a necesidade de supera-las disputas para avanzar no proceso normalizador do galego.

Seguindo coa orde do libro, Francisco Fernández Rei no seu traballo (177-195 pp.) partindo de que para a socialización efectiva dunha lingua se precisan unhas normas que configuren un modelo uniformado, realiza unha análise comparativa entre a polémica a que deu lugar a "questione della lingua" en Italia, que se prolongou durante varios séculos (XIV-XIX), e a que se xerou a causa da procura dun modelo estándar na Galicia destes últimos anos salientando a idea de que o proceso de fixación dos estándares deriva de longos procesos de discusións nas que participan, entre outros, gramáticos e escritores.

A selección en Italia dun dialecto que representase o arquetipo de lingua é motivo da reflexión iniciada por Dante e que logo no século XVI retoma

Pietro Bembo que propón a elección dunha norma burguesa. Alessandro Manzoni a mediados do XIX toma partido nas discusións optando como opción normativa polo florentino culto da época, favorecéndose a socialización do florentino por factores de carácter político-económico. Como consecuencia da industralización do norte de Italia, Pier Paolo Pasolini describe a escolla da lingua tecnolóxica desta zona para elevarse ó estado de lingua nacional.

Polo que respecta ó galego, despois de presenta-la contribución de escritores do Rexurdimento á constitución do estándar así como a creación da Real Academia Galega, sinala a aparición, no período que vai de finais dos anos 70 ós primeiros anos da década dos 80, de diferentes propostas normativas. O autor presenta a postura reintegracionista e rexeneracionista; acode a criterios sociolingüísticos e socioliterarios para presenta-lo galego como lingua "ausbau" (elaborada, segundo a terminoloxía de Kloss e Muljačić). As posibilidades de achegamento entre dúas posturas, que parten de concepcións lingüísticas tan diferentes, practicamente parécenlle ó autor nulas. Sobre a estandardización da lingua galega Francisco Fernández Rei considera que "a única concordia posible é a que se pode dar entre quen ten unha mesma concepción lingüística, entre os que consideran que o galego é lingua propia e que é necesario acabar de elaborar un modelo estándar".

Sinala ademais a conveniencia de non darlle á cuestión ortográfica máis importancia da que ten porque o aspecto técnico está practicamente resolto e agora cómpre centra-lo noso interese directo no que concerne ó aspecto político.

A continuación Henrique Monteagudo realiza, na penúltima contribución a este libro (197-229 pp.), unha análise dos valores que agroman das dúas propostas para o proceso normalizador e que conviven en conflicto. Neste estudio observamos que o estado da segregación normativa que caracteriza a época actual non responde sempre a obxectivos contrapostos; trátase de distintos camiños para acadar, nalgúns casos, valores compartidos. Outros argumentos opoñen as dúas actuacións normativas que sementan a polémica. A fin de contas, parece que non estamos diante de dous modelos sociolingüísticos, procúrase o unilingüismo, ben sen unha fase previa, ben cunha fase previa de bilingüismo diglósico que defende o emprego dunha ortografía transicional.

O autor reacciona ante os ataques emprendidos polos defensores do galego satelizado, que pretenden desprestixiar ós partidarios da proposta oficial con argumentos de carácter extralingüístico. Os reproches e recriminacións reintegracionistas non veñen acompañados de vías alternativas. Por último, os opoñentes á normativa vixente reclaman o valor de liberdade para xustifica-lo rexeitamento dunha proposta normativa. O autor formula tres posibles solucións tendo en conta este último valor: liberdade absoluta (vía insalvable), flexibilidade fóra de determinados ámbitos e modificación mínima da normativa actual aceptando o principio de autoridade da R.A.G.

O volume péchase co artigo de Benigno Fernández Salgado intitulado "Sobre a semántica da estandardización" (231-246 pp.), no que reclama unha atención cara á pragmática da lingua, cara á maneira de entende-la vida nos diferentes ambientes galegos que contan cunha entoación e fonética particu-

lares. O autor cre que este foi o plano desatendido polos planificadores lingüísticos. Sabemos que a creación dun estándar conleva un proceso de "hibridación" que deriva da necesidade dunha terminoloxía científica, pero a lingua galega contraeu unha débeda excesiva cos diccionarios de lingua castelá.

Defende neste artigo unha concepción de lingua como expresión de cultura denunciando a patente pegada do castelán nos diccionarios galegos, á vez que reclama unha revisión do léxico para evita-la perda de valores tradicionais.

Aínda que ó longo deste volume os autores insisten na súa pretensión de obxectividade, cremos que resultaría enriquecedora, para ter unha visión máis completa da realidade lingüística galega actual, a presentación das dúas opcións normativas desde o punto de vista dalgún defensor do *galego reintegracionista* así como a súa valoración do que aconteceu nestes últimos anos.

Parece lícito afirmar que coa presentación conxunta dos diferentes artigos o editor acada o seu obxectivo: provoca-la reflexión no lector especialista, ou non especialista esclarecendo algunha das dúbidas que xorden á volta do problema da estandardización. Por último quixeramos destaca-lo labor realizado por Henrique Monteagudo que nos achega, nunha edición coidada, unha importante mostra bibliográfica actualizada.

BEGOÑA VARELA VÁZQUEZ

Fr. Martín Sarmiento: *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 1995, 354 pp.

1. Frei Martín Sarmiento, nado en Vilafranca do Bierzo en 1695, foi unha das mentes máis lúcidas do séc. XVIII español. Iniciador de diversas ramas científicas, en especial a botánica, e precursor de diversas liñas de investigación da lingüística románica que se desenvolverían na segunda metade do séc. XIX, foi, sen dúbida, un adiantado para a súa época. O feito de non ter publicado case nada do que escribiu, non impediu que fose recoñecido e que a súa opinión fose tida en conta polo rei e polos conselleiros reais.

Ós seus 50 anos, despois dunha viaxe por Galicia (de xuño de 1745 a xaneiro de 1746), comete a "extravagancia" de centrar toda a súa preocupación científica na lingua e na cultura galega, tarefa á que se dedicará practicamente ata o final dos seus días, en 1772. Este "extravagante" monxe bieito no canto de admirar, estudiar e louva-la lingua castelá, centra a súa atención na desprestixiada lingua galega, que compara coa portuguesa e a castelá, co fin de demostrar que era máis pura ca estas no que respecta á latinidade, á vez que defende a "extravagancia" do dereito de os galegos usaren a súa propia lingua[1].

En 1995, ó celebrarse o tricentenario do nacemento de Sarmiento, o Consello da Cultura Galega publicou o seu único libro escrito integramente en galego, o *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* ou *Coloquio de Perico e Marica*, nunha coidada edición crítica (e non paleográfica) de Ramón Mariño Paz, baseada, fundamentalmente, na copia de 1789 da Colección Dávila (manuscrito 20378 da Biblioteca Nacional de Madrid). O editor vai intercalando entre as coplas tódalas variantes textuais que aprecia noutros manuscritos da obra (o de Juan Álvarez Bañales de 1771 e o do Museo de Pontevedra, probablemente de finais do séc. XVIII[2]) e nas edicións do *Coloquio* publicadas por Pensado[3] e Axeitos[4].

---

[1] Véxase ó respecto a entrada "Sarmiento, Fray Martín" que redactou J. L. Pensado para a *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 28 (s. d.), 82-84.

[2] Na edición do *Coloquio* feita por R. Mariño (p. 14) -en adiante empregarei a abreviatura Mariño (1995) para as referencias a esta edición-, o autor indica que a análise das marcas de auga do manuscrito permite afirmar de xeito claro e terminante que o texto non é unha copia autógrafa do propio Sarmiento, pois este morreu en 1772 e nunha filigrana das primeiras follas do texto lese 1773 como ano de fabricación do papel. Outras circunstancias, como é o tipo de letra, confirmano igualmente.

[3] Fr. Martín Sarmiento: *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad, 1970.

[4] X. L. Axeitos: *As coplas galegas do Padre Sarmiento*. Edición, notas e e limiar. Sada: Ediciós do Castro, 1982.

O texto está inzado de notas léxicas que o editor tira, xeralmente, da edición de Pensado do *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (1973) do propio Sarmiento ou do manexo de glosarios do galego medieval. Ademais dalgunha nota morfolóxica e sintáctica, entre as léxicas van intercaladas moitas notas históricas, literarias, etnográficas ou simplemente indicativas do personaxe que intervén en cada momento, o que facilita enormemente a lectura e a interpretación deste texto de escaso interese literario, pero dunha importancia fundamental para coñecérmo-lo estado da lingua galega no séc. XVIII.

Coa redacción do *Coloquio* Sarmiento quería sumarse ás "infinitas coplas y versos en varias lenguas" que se publicaran no verán de 1746 con motivo da morte do rei Felipe V e da aclamación do seu sucesor Fernando VI. O propio autor, que recoñece as súas escasas cualidades poéticas, quere poñer sobre o papel o inmenso caudal léxico que recollera na súa recente viaxe por terras galegas, que logo iría glosando e comentando durante moitos anos, practicamente ata o final da súa vida. O autor das coplas é o poeta Marcos da Portela (*alter ego* de Sarmiento), nome tomado dun labrego de Monteporreiro (Pontevedra), que asiste ó coloquio de doce segadores, catro *respigaderas*, dous mozos e dúas mozas -todos eles eran do arciprestado do Morrazo e volvían de Madrid- e catro aldeás que viñan do mercado de Pontevedra, e que concorreron un día de mercado de setembro de 1746 no Chan de Parafita (un alto da parroquia de Marcón no concello de Pontevedra). Alí se puxeron a falar dos sucesos recentemente vividos en Madrid, con alusións e comparacións constantes ó arredor pontevedrés dos asistentes ó coloquio, para mellor comprensión dos feitos ocorridos na capital do reino.

2. A subordinación do poético ó lexicográfico é constante nas coplas do *Coloquio*. Boa mostra da riqueza lexicográfica é o listado con denominacións de peixes (coplas 113-117), que son practicamente as mesmas que hoxe se escoitan na zona mariñeira do Morrazo ou do Salnés (os *jorelos* e os *bucarèos* de que fala Sarmiento, fronte ós *chicharros* e ós *bocartes* do cantábrico galego; os *panchozes* e *buraces*...) ou a relación de artes de pesca (*rapèta*, *geito*, *volante*) e instrumentos de pescar como a *francada* (coplas 1050-1053). Outra mostra pode apreciarse nas designación de insectos e outros invertebrados (coplas 1082-1086) ou no léxico do liño, da roupa e de labores do campo (coplas 1106-1121), así como na impresionante ringleira de sinónimos para larpeiro, pailán, mangallón... (coplas 729-737), á que seguen os termos para a borracheira (copla 740).

Os sintagmas latinos na boca dos mozos son deformados "puerilmente", polo que o(s) *Memento*(s) de vivos ou de defuntos pasan a *mamentos* (240.2), os *Tantum ergo* que cantan os monxes convértense en *tantonelgos* (411.4), o *Ferdinandus VI* da inscrición das moedas do novo rei trócase en *Fergiña dusvi* (641.1), o probable *parce, parce, mecum* defórmase en *porco, porco, meco* (841.4) e as misas de *requiem* pasan a "misas do *rèquio*" (845.4). Outra mostra do falar "pueril" dos mozos do *Coloquio* son as comparacións grotescas, algunhas realmente ousadas: o son dos chifres da

música do enterro do rei semella o roncar dos ranchos no cortello[5] ou o chirlar dos ratos no inverno (copla 292); o San Lourenzo é "rostrido torrezno, esturro da Ygrexa", despois de os homes ou demos turráreno nas grellas (coplas 463-464); o baixón (instrumento de vento) é coma o "tarambollo dos cans", un pau con dez buratos que se lles pon para que non salten (coplas 817-819), etc.

Á parte do innegable valor lingüístico (e mesmo histórico), o *Coloquio* tamén ten interese etnográfico, pois moito do que nel se trata segue vivo, en maior ou menor grao, en Pontevedra e arredores. A carón das pinceladas da vida mariñeira (xa sinalei antes as artes de pescar) e da vida dos labregos da beiramar (van ó "estrume mareiro" -copla 1182.2-, que se fai con diversos tipos de algas, copla 1121), descríbense festas relixiosas coma o Corpus de Pontevedra (coplas 532-541, 993-997), fanse referencias a romaxes como a do S. Benitiño de Lérez (coplas 449-450) e a festas pagás como a da Nao (copla 533.3) ou a danza de espadas dos mariñeiros (copla 1019), a lendas como a do Meco do Grove (coplas 1000-1001), a crenzas populares como a Hostèa ou Compaña (copla 354) e a meiga chuchona (coplas 1153-11544), ós santos obxecto de devoción popular daquela en Galicia (coplas 889-906), entre eles a tríada de Cristos (o de Fisterra, o de Ourense e o de Lugo).

Tamén están presentes os divertimentos, especialmente dos nenos, que xogan á billarda (o "lipe cañoto" da copla 502) e andan ós niños de paxaros (copla 1187), e serían sobre todo nenos os que irían á "apañota" de cartos no bateo dos meniños ricos (copla 621-623), o "bitrio" dos bautizos da vila arousá de Cambados ou a "rapañota" (mesmo en vodas) doutras vilas galegas.

Nalgunhas coplas o frade bieito fai unha crítica da política dos Borbóns, como ocorre nas referencias ó poder dos validos na corte (coplas 1068-1072) ou ó decreto polo que se ordenaba que se prendesen os segadores galegos en Castela para mandalos loitar ó norte de Italia (coplas 1033-1049), atrapados coma se fosen peixes, o que fixo que moitos emigrasen a Portugal para fuxir do risco de iren á guerra. Por outra parte, ousa compara-lo embalsamamento de Felipe V (o rei que pronunciou en francés as derradeiras palabras da súa vida, copla 167) coa salgadura dun peixe, que é lañado para sacarlle as magas e botarlle sal (sinxelo método artesanal que aínda se fai coa sardiña e co xurelo no Salnés); posteriormente, o corpo do rei ponse en escabeche, ó engadírenlle "vinagre, allos é mais cheiros" (coplas 218-219). A comparación paréceme esperpéntica, máis que grotesca: o peixe cru sálgase -ou métese en salmoira de querer logo secalo para mellor conservalo-, mentres que o peixe frito escabéchase. Face-las dúas operacións cun mesmo peixe parece un absurdo, pois no canto de conservalo, o que se fai é estragalo.

Hai, ademais, noticias de interese histórico relativas á absentista nobreza galega na corte, como a descrición do papel do meniño Conde de Altamira na proclamación do rei Fernando VI (coplas 563-565, 606-607) ou a creación en Madrid dunha *conguergazon* ou confraría de nobres galegos (coplas 781-799). E de grande interese son as coplas sobre a vida dos xudeos conversos que vivían en Galicia (1132-1173).

---

[5] Cf. J. L. Pensado: *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985, 192-193.

3. Ademais das 1.201 coplas da inequívoca autoría de Sarmiento, Ramón Mariño edita as 107 restantes que contén o manuscrito do Museo de Pontevedra e que foran publicadas por Filgueira Valverde[6], atribuíndollas ó frade bieito. O tema destas coplas son os prexuízos sobre a limpeza de sangue dos cristiáns vellos, de que falaran Perucho e Maruxa nas coplas 1132-1173.

Concordo plenamente con tódalas obxeccións que a esta autoría lle fan Ageitos[7] e Mariño (pp. 15-16), coa única precisión de que Sarmiento si ten algún caso de *haber* como auxiliar: *habia sido* (873.1); pola miña parte, engadirei o feito de que Sarmiento escribe *avô* (1133.4, 1170.4), *avos* (1126.2) e *avôs* (1146.3), con grafía etimolóxica (e acento á portuguesa) e usa sempre *nume* (182.1, 382.3, 466.4, 496.1, 514.1, 973.2) e *numes* (55.1, 77.3, 322.1, 814.3, 1177.4), mentres que o anónimo continuador emprega a forma *abos* (1207.1, 1217.1), con *b* por influxo da grafía española, e a forma *sobrenomes* (1245.3).

Mariño suxire que o continuador de Sarmiento podería ser un ourensán, se cadra o Padre Sobreira, polo uso de *iste* e do pronome *tu*[8] (sempre *ti* como suxeito nos moitos rexistros desta forma nas 1201 primeiras coplas). Deixando á parte os castelanismos léxicos das coplas anónimas, que en maior ou menor grao poderían rexistrarse no galego oral descoidado, a análise da morfoloxía e da sintaxe lévame a pensar que o autor podería ser un castelán falante de fóra de Galicia, que se cadra o principal contacto que tivo co galego foi a lectura das coplas de Sarmiento. O continuador usa castelanismos (e inventos) morfolóxicos que resultarían insólitos actualmente nun galego falante, mesmo nun castelán falante de Galicia que use o galego con imperfeccións; moito máis o serían hai máis de 200 anos, cando a castelanización morfolóxica e sintáctica era moito menos forte.

Velaquí unha mostra: a) formas de pretérito perfecto como *a metido* (1206.3), *has ouvido* (1208.1), *ha insinado* (1210.3), *a feito* (1253.1) ou *has dito* (1291.1); b) o pronome persoal *tin* (1278.3, 1283.1) por *ti*, creado por analoxía con *min*; c) formas verbais inexistentes como *arrepento* (1254.2, 1269.4) por *arrepinto* ou *añaderon* (1307.4) por *añadiron* (castelanismo léxico con desinencias galegas que se rexistra no galego oral espontáneo), creadas por unha equivalencia *ie* castelán (*tierra*, *miedo*) / *e* galego (*terra*, *medo*)[9]; d) o adverbio *no*[10] ("*no* importa" 1209.1, 1303.3; "*no* vos e" 1227.1;

---

[6] X. L. Filgueira Valverde: "O remate inédito das 'Coplas' galegas de Fray Martín Sarmiento", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 87-88-89 (1974-1975), 7-22.

[7] J. L. Ageitos: "Sobre las coplas gallegas del P. Sarmiento: un supuesto continuador", *Verba* 5 (1978), 427-431.

[8] Cf. Mariño (1995), p. 16, nota 25.

[9] A forma *facen* (1226.1), que o continuador anónimo emprega a carón de *fan* (1209.4, 1234.1), debeu tomala do propio Sarmiento. Este usa *fan* normalmente, pero ten un par de rexistros de *facen* (355.3, 914.2).

[10] Tamén se rexistra a forma *non* do galego común ("*non*os coñezo" 1217.2, "*non* por diñeiro" 1228.2) e a forma reducida *n*', con orixe nunha dismilación haplolóxica (*non o* > *n'o*): "*no* sei" (1231.2), "*no* fas" (1266.3, 1291.4), con posterior propagación , como en "*n*'ouvides" (1202.2).

"*no* he desonra" 1229.3; "*no* axa" 1286.4); e) a conxunción *ni* ("*ni* rabo 1236.4), que ás veces se rexistra xunto coa forma galega *nin* nun mesmo verso ("*ni* mais *nin* menos" 1300.4); f) e o uso da preposición *a* en "mato *a*os porcos do crego" (1230.1-2)

Por outra parte, o feito de que a carón da forma lucu-auriense *iste* (*distes* 1217.4, *iste* 1250.3) aparezan formas sen hipercaracterización mórfica (*est'* 1277.2, *estes* 1233.3, *destes* 1235.4, *nestes* 1301.1, *ese* 1231.4 e *eles* 1258.4), xunto co castelanismo *estos* (*destos* 1248.4) e o híbrido *istos* (1271.4), e tamén o emprego das formas non-ourensás *isto* (1209.1, 1225.3, 1229.3, 1291.3, 1303.3) e *niso* (1221.2) a carón de *esto* (1202.2, 1203.4, 1257.1, 1273.1, 1273.4), máis ca reflexo da propia fala debe ser procura de diferencialismo do español. Mesmo o uso de *aqui* (*daqui* 1255.3, *aqui* 1290.1) e non o da forma lucu-auriense *eiquí,* ó igual có emprego de *teñen* (1238.3) no canto de *ten,* forma aínda viva en boa parte de Ourense, fan dubidar que, de ser galego o continuador anónimo, sexa doamente localizable.

4. A coidada edición das coplas vai precedida dun amplo estudio lingüístico no que Mariño analiza o polimorfismo gráfico e morfolóxico (e mesmo sintáctico no caso do pronome persoal) de Sarmiento, confrontándoo con solucións rexistradas en coetáenos seus como Cornide e Sobreira e mais en textos dos séculos XVI-XVII, o que fai que esta longa introducción sexa un esbozo de gramática histórica do galego dos denominados "séculos escuros" e unha excelente contribución á historia da norma do galego escrito deses séculos.

Na etapa de decadencia (sécs. XVI-XVIII) consolidáronse os principais trazos lingüísticos caracterizadores do galego actual que o afastan do portugués, como a desaparición de vocais nasalizadas, a transformación do sistema de sibilantes medievais con perda do trazo de sonoridade en galego, a distinción pronominal *te / che*, a xeneralización da desinencia *-n* de *collín*, *fixen* e da desinencia *-che(s)* na P2 dos perfectos, a consolidación dos perfectos fortes en *-o* como *houbo*, *dixo*, etc. Asemade orixináronse os principais fenómenos caracterizadores das áreas dialectais do galego moderno, como a diferencia entre zonas seseantes e non seseantes, a distinción entre as áreas de *irmán / irmao* e *mañán / mañá* e as de *cans / cas / cais*, á vez que se documenta nestes séculos a existencia da gheada[11]. De todo isto hai abundante documentación nos textos expurgados por Mariño, e en especial nas coplas do *Coloquio.*

Tal como sinalou Mariño (p. 93), o Padre Sarmiento "é o máis claro precursor do proceso de elaboración espontánea, non planificada, do *standard* literario do galego moderno e, ademais, avanza posturas e prácticas que, no esquema de desenvolvemento deste proceso proposto por Fernández Salgado e Monteagudo, só aparecen como característica constante do período que eles

[11] Segundo Mariño (1995), p.37, no *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* Sarmiento non representa explícita e inequivocamente a gheada, pero si hai documentación na forma *estrujas* ("Estrujas y estruas. Llaman así a las ortigas en Pontevedra") do *Catálogo de voces vulgares*, editado por Pensado en 1986.

denominan *enxebrista* ou *diferencialista*, situado aproximadamente entre 1880 e 1936", palabras que subscribo plenamente. Sarmiento emprega un galego conscientemente interdialectal en casos coma o plural das formas en *-n* (*capòs* 31.3, *mexillôs* 118.2 a carón de *ringrons* 88.2, *roxons* 228.4) ou na solución *-an* / *-ans* para masculino (e para *man*) e *-an* / *-as* para o feminino[12]. Sarmiento a mediados do séc. XVIII, Pintos e Saco Arce a mediados do séc. XIX e Castelao no séc. XX son, sen dúbida, referencias fundamentais no proceso de estandardización e de depuración do idioma galego.

Sarmiento depura os castelanismos acudindo ó portugués e ós documentos medievais galegos, do que é boa proba o uso constante de formas como *Deos* (16 rexistros), *galego(s)* (26 rexistros), *desejo* (11 rexistros), *ygrexa(s)* (13 rexistros) ou *anjo* (3 rexistros) no canto dos correspondentes castelanismos introducidos pola Igrexa e que aínda hoxe son frecuentes no galego oral. Emprega tamén formas medievais como *estromento(s*) (7 rexistros) "instrumento", *degredo(s)* (6 rexistros) "decreto", *irê* (1 rexistro) "herdeiro", *misteiro(s)* (5 rexistros) "misterio" ou *sagramento*[13] (5 rexistros) "sacramento". Por outra parte, rexístranse no *Coloquio* solucións populares ou hipergaleguismos na procura dun certo diferencialismo do castelán, o mesmo diferencialismo dos textos do séc. XIX e dos autores da Xeración Nós (*cirimoñas*, *perdicou*, *paisans*, *acramou*, *exempro*, *tempro* ou *copra*[14]).

Ós castelanismos de luxo sinalados por Mariño (pp. 95-96) como *cerdo(s)*[15], *quens*[16], *maíz, castellan(s)* e *vasallos*, hai que engadir *reyna* (174.1, 176.3, 242.1, 394.3, 402.3, 879.4), *lexos* e variantes[17] (20 rexistros), *abad* (1103.2), *bodega* (1178.4), *jaula* (1187.3), *capilla* (900.3), *rejas* (592.3), *sello* (636.4, 642.4, 644.1), *salados*[18] (105.4), *solo*[19] (840.1), *tabrado* (591.4, 614.2, 616.2) e *tabras* (809.2). Nos nomes dos días da semana non hai castelanismos, pois despois do *luns* (972.1) veñen *terza feira* (805.3, 977.1), *corta feira*

---

[12] Cf. Mariño (1995), pp. 50-55.

[13] Cf. Mariño (1995), pp. 94-95.

[14] Hai mostras abondas en todo o *Coloquio* deste diferencialismo procurado por Sarmiento: *colexo* (477.2), *cirimoñas* (539.3), *geño* (946.4, 1095.2, 1123.2); *perdicou* (863.1), *perdicara* (1104.1); *paisans* (1046.1); *crarins* (492.3), *acramou* (433.3, 661.3), *acramazon* (443.1), *recramo* (1187.3), *craro* (937.1, 962.1); *ringreiros* (618.4), *Groira* (844.4); *exempro* (990.2), *enxempro* (433.2, 482.4, 553.2, 569.4, 811.4, 819.2, 852.2, 1018.2), *tempro* (427.2, 622.2. 909.2, 915.4, 929.4, 972.4), *tempros* (920.4), *expricar* (712.1), *expricare* (991.3), *copras* (1201.3), *praticaban* (1036.3), *pubricazon* (659.1), etc.

[15] Tamén se rexistran as formas *porco* (225.3, 841.4 -2 rexistros-, 842.3, 843.4), *porcos* (227.4), *porca* (subs. 821.3, adx. 748.3). Na copla 1130 no verso 3 escribe "rabo de *porco*" e no verso 4 "rabo de *cerdo*".

[16] Da forma *quens* hai outro rexistro en 906.2, ademais de 941.2 sinalado por Mariño.

[17] Resulta chocante no galego depurado de Sarmiento que soamente empregue unha vez a forma *longe* (155.3) e 19 veces os castelanismos *lexos* (135.2, 262.4, 272.2, 349.4, 408.4, 450.4, 457.4, 567.4, 568.1, 741.2, 894.4, 903.4, 929.2, 1026.2, 1054.2), *lejos* (8.4, 25.4, 323.4, 853.4) e a variante *leixos* (450.4).

[18] Tamén se rexistra *salgado* (230.1) e *salgan* (223.1).

[19] Usa normalmente a forma *so* (68.4, por ex.)

(465.1, 1020.3), *quinta feira* (267.3, 785.3, 1023.3), *sexta feira* (276.3) e *sabado* (26.5, 176.1). O feito de que use *luns* e *corta feira* (e non *segunda feira* e *cuarta feira*) parece indicar que Sarmiento non acude ó portugués, senón que está a empregar denominacións que debían ser xerais daquela, sobre todo na vila de Pontevedra e arredores. Aínda que nunha fase de total retroceso, actualmente os nomes con *feiras*, especialmente a *corta* (coas variantes *cuarta* e *carta*) *feira* e maila *quinta feira* aínda se rexistran no galego occidental[20].

Na sintaxe dos pronomes átonos ten moitas incorreccións, especialmente confusións de *te* e *che* e de *o* e *lle* e colocación de formas átonas encabezando a frase[21]. Hai ademais castelanismos na morfoloxía verbal no uso de formas temáticas como *creen* (984.3), *leer* (640.2, 644.2, 646.2), *leelos* (1098.2) no canto das atemáticas *cren*, *ler*; ou no uso de *escurrindo* (635.1) por *escorrendo*. Castelanismo tamén o é o emprego de *fai* (por *hai*) co substantivo "tempo" (639.4, 865.4, 951.4).

A nivel gráfico, a pesar do polimorfismo, hai unha certa coherencia na representación dos sons problemáticos, con solucións tiradas fundamentalmente dos documentos medievais: para a nasal palatal usa sempre *ñ*, mentres que para a lateral palatal emprega en cinco exemplos das primeiras coplas o dígrafo *lh* (*ilhas* 8.4, *olhos* 13.3, etc.), para logo usar sempre *ll*; na representación da fricativa prepalatal xorda usa un criterio baseado na escrita do galego medieval e na do portugués, como ocorre en *hoje* (198.1), *gente* (566.3), *dixem* (567.1), pero con incorreccións como nas formas *beixos* (47.4), *beixaron* (420.1) ou nos 13 rexistros de *ygrexas*[22], ou en *eijo* (694.4), *pajariño* (840.3), *queixos* (32.3 para se referir ó alimento) que usa a carón de *eyxos* (29.2), *paxàro* (840.3), *paxàras* (1188.3) e *queijo* (21.2). Polo que respecta ó *n* velar, en *unha* márcao coas grafías *m-h*, *m h* e *mh*, sendo esta última a menos empregada; por outra parte, en posición implosiva alternan en todo o texto as grafías *-n* (*chan* 1.1, *chaman* 1.2, *sin* 4.3) e *-m* (*nim* 4.4, *nhum* 11.4, *tem* 23.4).

5. En 1970 J. L. Pensado lamentábase por non poder facer unha edición das coplas a partir do orixinal de Sarmiento, que non conseguiu achar daquela. Consideraba o ilustre estudioso dos nosos lexicógrafos do séc. XVIII que tanto o Manuscrito da Colección Dávila (MS.) coma o de Juan Alvarez Bañales (B.) "pertenecen a copias hechas sobre el original de Sarmiento, el primero mediando quizá la copia de la Colección del Duque de Medina Sidonia, el segundo, por lo menos en su primera parte"[23].

Para ben dos investigadores, o manuscrito desaparecido de Sarmiento apareceu e dentro de pouco estará editado en CD-ROM. Neste ano en que se conmemora o tricentenario do nacemento do frade bieito, a Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o

---

[20] Cf. C. García, "Los días de la semana en gallego (Problema de interferencias)", *Verba* 7 (1980), pp. 29-39.

[21] Cf. apartado 3.14.3 da edición de Mariño (1995), pp. 70-71.

[22] Para os rexistros de *ygrexa(s)* véxase Mariño (1995), p. 94.

[23] Fr. Martín Sarmiento: *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad, 1970, p. 67.

Consello da Cultura Galega estableceron un convenio para dixitalizaren cinco copias dos 18 volumes manuscritos da obra de Sarmiento: as 18.544 páxinas dos 15 volumes existentes en Sanlúcar de Barrameda na Biblioteca de Medina Sidonia e as máis de 3.000 páxinas dos 3 volumes da mesma colección que están no Museo de Pontevedra. Cada unha das institucións asinantes do convenio terá a súa copia, as outras dúas serán para a Biblioteca de Medina Sidonia e para o Museo de Pontevedra.

A consulta deses orixinais e de toda a obra completa axudará a difundi-lo pensamento deste gran ilustrado e posiblemente a un mellor coñecemento do galego do séc. XVIII, que no eido lingüístico, mercé a Sarmiento (e a outros ilustrados como Cornide ou Sobreira), dificilmente se pode seguir afirmando que é un dos séculos escuros. Agardemos que canto antes se faga unha nova edición do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, cronoloxicamente o primeiro libro do galego moderno, e que se dea a coñecer toda a obra deste"extravagante" frade bieito, iniciador da ciencia botánica e da investigación filolóxica do galego.

Felicito ó Consello da Cultura Galega e en especial a Ramón Mariño, por achegárennos coa edición do *Coloquio* á obra dunha figura senlleira da filoloxía galega. O Instituto da Lingua Galega da Universidade Compostelá, no tricentenario do nacemento de Sarmiento, ofrécelle ó ilustre bieito o galano dun *Atlas Lingüístico Galego*, proxecto que el ideou un século antes de que nacesen a Dialectoloxía como ciencia e maila Xeografía Lingüística. Desgraciadamente, non lle podemos dicir a este pioneiro da dignificación do uso do galego -que no séc. XVIII atreveuse a clamar contra o emprego do castelán en Galicia por parte de ensinantes, cregos e administradores-, que o galego é un idioma de uso normal na sociedade galega actual. Soamente lle podemos dicir a Sarmiento que no ensino e na administración se deron pasos importantes, que a Igrexa oficial segue a vivir de costas á realidade lingüística e cultural de Galicia, que a perda do uso do galego entre as xeracións novas (e na xente urbana en xeral) é gallopante... pero que oficialmente parece non pasar nada, porque parece ser que vivimos nunha sociedade onde (presuntamente) conviven harmonicamente, sen conflicto ningún, o galego e o castelán.

A vitalidade social do galego é moi fráxil, a pesar do triunfalismo oficial. Traballarmos arreo para que ben entrado o séc. XXI o galego no seu berce orixinario (a actual Galicia administrativa e as comarcas estremeiras onde é lingua propia: A Terra Navia-Eo, O Bierzo e As Portelas) sexa a regra -e endexamais a excepción- é unha moi nobre causa. É seguírmo-lo foulazo (ou ronsel) iniciado por Sarmiento e continuado por Pintos, Saco Arce, Rosalía, Pondal, Curros, Lamas, Viqueira, Manuel Antonio, Cabanillas, Pedrayo, Risco, Castelao, Bóveda, Anxel Casal, Blanco-Amor, Cunqueiro, Beiras, Ferrín e tantos, e tantos outros galeguistas. É contribuírmos a ser nós mesmos, logo de séculos de colonización cultural (e ecónomica) e de alienación lingüística.

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo. Edita A Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca, nº 1, 1994, 185 páxinas + 27 láminas.

Esta revista comeza a súa andaina no Nadal de 1994 dirixida por Xosé Antonio Ron Tejedo e editada pola MDGA. O seu nome está tirado do antigo bispado homónimo do norte de Lugo, que tiña a súa sé na actual Bretoña; con el preténdese subliña-la unidade lingüística e cultural deste territorio que agora divide a fronteira administrativa e que provén xa da época xermánica e mesmo da prerromana. Mais antes de entrar de cheo nos seus contidos e propósitos imos presenta-lo marco xeográfico e cultural no que xorde a revista para entendermos mellor as razóns da súa aparición e os seus obxectivos.

Na parte máis occidental do Principado de Asturias podemos atopar unha ampla zona onde aínda permanece extremada e milagrosamente viva unha cultura semellante á nosa. A cultura galega esténdese máis aló das súas fronteiras administrativas actuais nesa terra que a conservou case intacta a través de séculos de pertenza a outra comunidade político-administrativa que nin se preocupou do seu potenciamento nin tan sequera da súa existencia. A nosa lingua pervive alí cuns trazos conservadores e mesmo arcaicos que a converten nunha alfaia lingüística que enriquece notablemente o galego en tódolos seus ámbitos de existencia: morfosintáctico, léxico, etc. Esta porción do occidente de Asturias é a Terra Navia-Eo, que se insire nunha realidade galega moito máis ampla, que abrangue tamén o Bierzo e os Ancares en León e As Portelas en Zamora. Trátase dunha Galicia "exterior" política e administrativamente, pero que comparte connosco, coa Galicia "interior", unha problemática común, pois a ámbolos dous lados da fronteira o teito lingüístico é o castelán.

No caso da Terra Navia-Eo aparece un problema engadido, xa que o galego nesta área carece de cobertura legal, posto que cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de Asturias en decembro de 1981, nos artigos 4 e 10.1 unicamente se falaba da protección, promoción, difusión e incorporación voluntaria ó ensino do "bable en sus diversas variantes". A lingua galega, que se expande ata o río Frexulfe, máis aló do Navia, ocupando 18 concellos do occidente asturiano, encontrouse sempre esquecida polas institucións oficiais, facendo así caso omiso da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias na que se expón que "as divisións administrativas non constituirán un obstáculo para a promoción dunha lingua rexional ou minoritaria" (art. 5.1.b iii).

Por mor disto, outros colectivos tiveron que levar adiante as reivindicacións e foi en 1988 cando apareceu a MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca) que tivo o seu xerme xa en 1986 no

Grupo de Eilao Pro-Defensa da Nosa Lingua. A MDGA marcouse nos seus obxectivos xa desde o inicio recupera-la conciencia idiomática e dignifica-lo uso da lingua na súa área de acción, e para conseguilo, editou en 1990 as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias,* unha normativa de compromiso que segue as pautas das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* elaboradas en 1982 polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia Galega. Á parte disto, para continuar coas reivindicacións comezaron a publica-la revista *A Freita* e participaron en diferentes encontros nos que se abordou a problemática do galego de Asturias, entre os que destaca "*Los caracteres generales del gallego de Asturias/ Os caracteres xerais do galego de Asturias"* (Universidade de Oviedo, 15 e 16 de marzo de 1990). Este encontro xogou un importantísimo papel no nacemento da nova revista editada pola MDGA, *Britonia,* na que nos imos centrar, xa que a maioría dos artigos que enchen as súas páxinas foron nun principio comunicacións presentadas nel.

Segundo se expón no limiar, esta publicación intenta facer unha contribución ó coñecemento da propia realidade cultural galega da Terra Navia-Eo en tódalas súas facetas: lingüística, literaria, histórica, antropolóxica, etnográfica, etc., e ademais apúntase a vontade de que os seus textos sexan, maioritariamente, escritos en galego. Os artigos publicados na revista pódense dividir en dous grandes grupos: os de temática etnográfica ou antropolóxica e os de temática lingüística ou literaria.

Entre os primeiros, Carlos Xesús Varela Aenlle ocúpase de estudia-las construccións populares nos concellos da Pontenova, Riotorto e Taramundi (pp. 73-83). Intenta marca-la liña divisoria entre os cabozos galegos e os hórreos asturianos, que non coincide coa que separa as dúas comunidades na actualidade. Páxinas máis adiante, Rosa María Cid (pp. 97-118) céntrase nas orixes históricas do occidente asturiano, falando nun principio dunha influencia galaica sobre esta zona, para acabar recoñecendo que o feito da galeguización non se debe exclusivamente a un simple influxo, senón a que a cultura galega nese territorio, "entre el Navia y el Canero" ten as súas raíces xa na época prerromana e romana. A seguir, Elías Carrocera (pp. 119-122), nun breve artigo, expón que a cultura castrexa no occidente de Asturias está relacionada co avance das explotacións auríferas do séc. I d. C, polo que se trata de asentamentos bastante novos.

Os restantes artigos tratan xa aspectos lingüísticos ou literarios. O primeiro co que nos atopamos na revista é o de Xoán Babarro (pp. 11-71), que presenta unha escolma da obra poética de Antolín Santos Mediante ofrecendo unha serie de datos sobre a vida do escritor e sobre as súas composicións, entre as que é de salientar "A un moíño desfeito", premiada como "mellor poesía galega" na Festa da Poesía Galega do San Froilán de Lugo (1925). Na obra deste poeta de Taramundi é interesante observar xa unha manifesta preocupación por ir elaborando unha lingua cuns caracteres supradialectais máis marcados.

Máis adiante, Antón X. Meilán García (pp. 85-96) presenta unha interesante colaboración ó estudio de *el,* como expresión neutra, na que defende a súa orixe galega baseándose en que este uso de *el* se mantén no galego oriental

debido ó carácter arcaico e conservador da lingua da zona. Páxinas despois, Francisco Fernández Rei (pp. 123-137) leva a cabo unha delimitación xeográfica do galego de Asturias atendendo a criterios lingüísticos e extralingüísticos, expón os fenómenos máis característicos do galego oriental, e da área asturiana en particular, e aínda distingue varias subáreas dentro do galego da Terra Navia-Eo. Á parte disto, aporta unha serie de detallados mapas que complementan dun xeito moi esclarecedor o exposto xa de modo exhaustivo no artigo. A seguir, Antón Santamarina (pp. 139-148), valéndose dunha linguaxe moi clara e directa manifesta a importancia do galego literario e das falas do "galego exterior" para a elaboración do estándar. Segundo a opinión deste lingüista, o galego de Asturias debe incorporarse ó patrón do galego común pois de non ser así converteríase nunha "reliquia esmorecente", xa que nesa zona non existiu un modelo escrito a seguir debido a que non apareceu ningún núcleo urbano cunha elite o suficientemente preparada para fundar xornais ou revistas que crearan un patrón na escrita.

No seguinte artigo, Manuel González González (pp. 149-161) trata a situación legal do galego salientando o feito de que continúa a ser unha lingua subordinada nun ambiente en que a lingua realmente oficial é o castelán. Á parte disto, tamén presta grande atención á Lei de Normalización Lingüística de 1983. Seguidamente, Antón X. Meilán García (pp. 163-165) céntrase na posibilidade de elaboración dunha gramática do galego de Asturias, na que defende a orientación funcional como a máis adecuada e expón os seus puntos principais; e por último, Xosé Rubal Rodríguez (pp. 167-184) leva a cabo unha análise dos usos lingüísticos dos alumnos, pais e profesores da Terra Navia-Eo coa súa propia familia, co vecindario e na escola. Este sociolingüista destaca tanto a situación diglósica e a falta de cobertura legal para o galego, como o importante papel que pode xoga-la Reforma educativa neste sentido.

Como fomos amosando a través dunha breve revisión dos distintos artigos, trátase dunha revista de denso contido na que os diferentes aspectos son tratados con gran rigor científico e na que os obxectivos expostos no limiar en canto a calidade e a lingua se cumpren na súa totalidade. Cremos que se esta publicación continúa por este camiño pode sentar unhas bases moi sólidas na concienciación lingüística da Galicia exterior e na promoción do galego de Asturias; polo tanto, atopámonos diante dun proxecto moi válido para dar a coñecer e dignifica-la situación da lingua e da cultura da Terra Navia-Eo que, como non podemos esquecer, é a mesma lingua e a mesma cultura cá nosa.

EDELMIRA Mª PARGA VALIÑA

Géolinguistique, nº5. Centre de Dialectologie, Université Stendhal-Grenoble III. 1993. 236 pp.

O Centro de Dialectoloxía da Universidade Stendhal-Grenoble, que conta nas súas filas con xente tan prestixiosa como Michel Contini, director do Atlas Lingüístico Románico, vén publicando desde hai algún tempo a revista *Géolinguistique*, que dá cabida a artigos de carácter dialectolóxico procedentes de dominios lingüísticos moi diferentes. En 1993 veu a luz o número 5 desta revista, que foi dedicado á memoria de L. Lindley Cintra. Consta de sete exposicións, que analizan desde fenómenos fonéticos ata elementos léxicos ou morfosintácticos, e que van seguidas sempre dos correspondentes mapas.

O primeiro dos traballos, titulado "Nouvelle proposition de classification des dialectes galiciens-portugais", é a traducción dun artigo de Lindley Cintra que xa fora publicado por vez primeira en 1971 e que agora se reproduce en francés nesta homenaxe dos dialectólogos de Grenoble. Este autor partía da base de que galego e portugués constitúen unha única lingua e, segundo esta premisa, realizou unha proposta de clasificación dialectal conxunta. Primeiramente fixo un repaso crítico das cinco clasificacións anteriores á súa que estimou máis destacables, desde as de Leite de Vasconcelos (de 1893 a 1929) ata o apartado que, cos epígrafes "La lengua popular portuguesa" e "Los lenguajes fronterizos", se lle dedicaban á dialectoloxía na *Gramática Portuguesa* de 1961 de P. Vázquez Cuesta e M. Albertina Mendes da Luz.

Esas propostas variaban no número de dialectos delimitados dentro do territorio portugués continental desde 3 a 6, aínda que, en xeral, parecían claras dúas grandes divisións -o norte e o sur-, quedando no centro unha especie de zona de transición que recibiu distintas valoracións. Xa naqueles autores aparecían referencias ó galego, pero non formando parte da clasificación en si, senón situándoo á par de falas coma a de Ermisende ou o mirandés. En Leite de Vasconcelos recibían o nome de "co-dialectos" porque, na súa opinión, a relación do galego co portugués non é, a pesar das semellanzas, tan íntima como por exemplo a do dialecto beirão. Pola súa banda, Vázquez Cuesta incluíao no grupo dos "lenguajes fronterizos" con argumentos herdeiros dos de Leite de Vasconcelos. En relación a eses traballos Cintra apunta que non é correcto englobar baixo unha única denominación falas que son dialectos do leonés e outras -o galego- que pertencen ó dominio lingüístico do portugués; amais diso, parécenlle clasificacións excesivamente complexas, particularizadoras e, ás veces, moi discutibles, de modo que Portugal continuaba carecendo ata daquela dunha clasificación máis xeral e simple.

Partindo desas críticas, a nova proposta de Lindley (1971) pretende diferenciarse das anteriores pola consideración do territorio lingüístico galego-portugués como un conxunto único, independentemente das fronteiras

políticas, e, sobre todo, por un afán de simplificación. Para conseguir máis sinxeleza baséase unicamente en trazos fonéticos -os menos posibles-, que serán organizados xerarquicamente. Segundo esta base distingue tres grandes dialectos ou grupos de dialectos: os galegos, os portugueses setentrionais e os portugueses centro-meridionais. O trazo que opón entre si os portugueses é a realización dos fonemas /s/ e /z/ como fricativos apicoalveolares. Pola súa banda, os dialectos galegos distínguense dos portugueses pola ausencia de consoantes sibilantes sonoras. No referente á delimitación xeográfica de cada variante sinala que no caso do galego fronte ós dialectos portugueses está moi clara, posto que coincide perfectamente coa fronteira política; pola contra, entre os dialectos portugueses o labor é moi difícil porque as diferentes isoglosas nunca se superpoñen.

Cada un deses grandes dialectos subdivídese posteriormente noutros. Para o galego, baseándose en estudios de Zamora Vicente (1952 e 1963), establece como isoglosa fundamental a da gheada e defínea unicamente como un fonema fricativo velar xordo, ignorando as realizacións aspiradas -faringal ou laringal-, que son as realmente maioritarias e características. No referente ós límites da fronteira da gheada tamén reproduce o dito por Zamora que, posteriormente e en varias ocasións, foi matizado e corrixido por diversos estudiosos.

Nesta clasificación de Cintra, que pretendía ser global, bótase en falta algunha referencia sobre o portugués insular e sobre o do Brasil ou, cando menos, unha xustificación da súa ausencia. Por outra banda, nas afirmacións relacionadas co galego, este traballo, visto máis de dúas décadas despois da súa elaboración e á luz das numerosas e excelentes investigacións sobre a nosa dialectoloxía, necesitaría bastantes matizacións. Amais diso, cremos que a inclusión do galego como dialecto do portugués estándar é, hoxe por hoxe, insostible.

No segundo artigo Jacqueline Duc presenta unha serie de mapas sobre os "patois" do cantón de La Mure (Isère), situado a 25 kilómetros ó sur de Grenoble. O estudio destaca os trazos fonéticos, morfolóxicos e léxicos máis relevantes e caracterizadores desta zona tan fortemente individualizada. Esta rexión constitúe o bastión máis meridional do francoprovenzal en terra occitana e, sen embargo, a pesar de tal privilexio, foi moi pouco estudiada, de aí a importancia deste traballo, xa abondo serodio, dado que a penas quedan dous ou tres falantes vellos por comuna e os máis novos xa non posúen o "patois" como lingua inicial. Neste traballo ponse de manifesto que as diferentes isoglosas nunca se superpoñen para formar unha fronteira, facendo desta rexión unha clara zona de transición.

A continuación, Nicolas G. Contossopoulos escribe sobre os nomes da crista do galo en grego moderno, explicando a distribución xeográfica dos dezasete nomes diferentes que existen, as súas variantes dialectais e a súa etimoloxía. Algunhas denominacións son gregas e outras proceden de préstamos do eslavo, do italiano, etc., pero, en xeral, todas elas se deben á forma da crista, que se foi relacionando con distintos tipos de sombreiro ou con diversas plantas.

Natacha Donadze é a autora dunha serie de investigacións sobre a negación dobre nas linguas románicas. A negación formada por dous elementos (un anterior e outro posterior ó verbo) adoitaba ser considerada coma unha característica típica do francés; sen embargo, neste artigo demóstrase que se estende por todo o territorio da antiga Galia. Para esta autora as partículas negativas posverbais son o resultado da gramaticalización do que ela chama "intensificadores da negación" (elementos do tipo **non...gota**, **non... migalla**, etc.). As partículas adoptan formas moi dispares (**pas**, **point**, **cap**, **nutta**...) e a súa orixe deberíase xa ás linguas escandinavas, servindo posteriormente as linguas xermánicas como catalizador para as linguas galorrománicas. Finalmente, trata de explicar por que se produciu a gramaticalización dos intensificadores nunhas linguas e non noutras.

Pola súa banda, Gaston Tuaillon pretende xustificar e exemplifica-lo que el denomina "dégénérescence lexicale" mediante as diferentes e moi diverxentes designacións do "lagarto gris" e do "arco da vella" nunha ampla zona do occitano norte. A "dexenerescencia" consiste nunha serie de evolucións absolutamente irregulares dunha mesma palabra, sen que sexa posible establece-la súa orixe en novas e diferentes bases latinas imaxinarias. Á vista dos exemplos que propón, se non se acepta o feito da "dexenerescencia" farían falta moitas formas etimolóxicas distintas para xustificar termos que chegan a ser aberrantes e, sen embargo, están situados nun espacio moi próximo. Se, pola contra, se admite este fenómeno, habería que busca-las súas causas; Tuaillon apunta, máis como condicións que como causas, unhas estructuras fonéticas favorecedoras de cambios así como a escasa frecuencia dos termos en cuestión, na liña da teoría do cambio lingüístico de Manczak.

A seguir, Maria Clara Rolão Bernardo analiza o fenómeno da palatalización de [u] na Bretaña, enclave pertencente á illa de São Miguel (Os Açores). Este fenómeno non é exclusivo destas illas senón que tamén se rexistra no portugués continental, sobre todo na Beira Baixa, no Alto Alentejo e no Algarve. A autora realiza unha caracterización articulatoria e acústica da vocal, comparándoa con realizacións doutras zonas e observando, por exemplo, diferencias cos datos do estudio de João Saramago na illa de Corvo. Trata, así mesmo, de explica-las razóns da súa presencia na Bretaña.

O percorrido por distintos dominios xeográficos remata en territorio español da man de P. García Mouton e F. Moreno Fernández que presentan o *Atlas Lingüístico y etnográfico de Castilla-La Mancha*, situándoo entre os outros atlas rexionais que, conxuntamente, pretenden conformar nun futuro o *Atlas Lingüístico de España y Portugal*, dirixido por M. Alvar, o grande impulsor da dialectoloxía a nivel español. Tras explica-la metodoloxía empregada na súa elaboración inclúen, a modo de exemplo, o estudio e os mapas léxicos de "herrumbre" e "guiñar el ojo".

Coa publicación destes sete artigos, unha vez máis *Géolinguistique* ilustra, de xeito moi variado, tanto a metodoloxía como as tendencias da actual dialectoloxía e, sen dúbida, eríxese en obra de consulta fundamental para calquera estudioso da variabilidade diatópica. Pero amais disto, ofrece toda unha serie de datos que tamén poden ser útiles e moi suxerentes para os investigadores doutros campos lingüísticos.

CONTIDO

5 M. RECALDE
Unha aproximación
ás actitudes e prexuízos cara á gheada
(dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)

33 Mª. X. RODRÍGUEZ VALCÁRCEL
Consideracións verbo do uso
dos demostrativos galegos

53 D. GARCÍA REPRESAS
As marcas de certeza
na interrogación polarizada en galego

73 C. DÍAZ ABRAIRA
Algunhas notas sobre a
codificación léxica e terminolóxica

83 M. FORJÁN VILLAR, S. GARCÍA LÓPEZ, M. PÉREZ PEREIRA
Análise do primeiro léxico
producido por nenos galegos